



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 22
8 de maio de 2024

Fascículo 1



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

Admisión a trámite

I 2551 (12/PPLC-000002)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei orgánica, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de traspaso de funcións e servizos da Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral

[7940](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite e publicación

I 2628 (12/PNP-000307)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Ríos Santomé, Paulo

Sobre a demanda de medidas ao Goberno galego co fin de mellorar no rural o transporte interurbano por estrada e de garantir nestas áreas o acceso do alumnado de estudos postobrigatorios aos seus centros

[7957](#)

I 2652 (12/PNP-000308)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia do inicio inmediato da reforma programada no Centro de Saúde de Meira

[7961](#)

I 2660 (12/PNP-000309)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 4 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que achegue recursos con carácter específico, e con apoio en fondos europeos, destinados ás administracións autonómicas e locais para a mellora e adaptación dos centros educativos

[7964](#)



I 2681 (12/PNP-000310)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Davila, María Cristina e Queixas Zas, Mercedes**

Sobre as actuacións que debe impulsar o Goberno galego en relación coa titularidade e organización da rede de conservatorios municipais

[7967](#)**I 2699 (12/PNP-000311)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e Suárez Fernández, Iago**

Sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar en materia de políticas de vivenda orientadas á emancipación da mocidade

[7971](#)**I 2705 (12/PNP-000312)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e Fernández Davila, María Cristina**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa reclamación das competencias relacionadas coa administración das bolsas de axudas aos estudos

[7976](#)**I 2717 (12/PNP-000313)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago**

Sobre as actuacións que debe pór en marcha o Goberno galego no que se refire á mellora do financiamento dos concellos de Galicia

[7978](#)**I 2763 (12/PNP-000314)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Davila, María Cristina e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa mellora da dotación de profesionais sanitarios da Unidade de Saúde Mental do Centro de Saúde de Pontearreas

[7984](#)**I 2769 (12/PNP-000315)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e Insua Lema, Óscar**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que estude a creación dun consorcio público destinado a estender a capacitación e as competencias no ámbito das tecnoloxías dixitais

[7988](#)**I 2780 (12/PNP-000316)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia do incremento da oferta de prazas de primeiro de ESO no IES Otero Pedrayo, de Ourense, para permitir o acceso de todos os solicitantes procedentes dos tres centros de primaria que ten adscritos

[7990](#)**I 2784 (12/PNP-000317)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a demanda ao Goberno galego dun acordo co sector do libro galego co obxectivo de desenvolver nesta lexislatura un programa de medidas encamiñadas a reactivar o apoio a esta área económica e cultural

[7993](#)**I 2792 (12/PNP-000318)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que cumpra os compromisos orzamentarios establecidos no V Plan director de cooperación galega 2023-2026

[7996](#)**I 2863 (12/PNP-000320)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a información que debe trasladar o Goberno galego aos grupos parlamentarios en relación co desenvolvemento do pacto ambiental que asinou coa empresa Ence en 2016 para o complexo industrial de Lourizán, na ría de Pontevedra

[7999](#)**I 2872 (12/PNP-000321)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe desenvolver e promover no que concirne á protección, restauración e fomento do patrimonio cultural da serra do Suído

[8002](#)**I 2879 (12/PNP-000322)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as accións que debe impulsar a Xunta de Galicia no que se refire ao desenvolvemento de medidas de protección natural e cultural da serra do Suído

[8006](#)**I 2885 (12/PNP-000323)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar co obxecto de mellorar a dotación do Centro de Saúde de Arcade, concello de Soutomaior, no referido ao cadro de persoal médico

[8015](#)**I 2889 (12/PNP-000324)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre os obxectivos que deberá establecer a Xunta de Galicia para levar a cabo unha política de venda máis ambiciosa

[8018](#)**I 2902 (12/PNP-000325)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da mellora asistencial do Centro de Saúde do Barco de Valdeorras na especialidade de pediatría

[8021](#)

I 2909 (12/PNP-000326)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria**

Sobre as actuacións que debe levar adiante o Goberno galego co obxecto de reforzar as estratexias de atención á saúde mental

[8023](#)**I 2915 (12/PNP-000327)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dunha solución para o aloxamento das persoas que sufriron o incendio da rúa Alfonso X de Vigo no pasado outubro de 2023

[8026](#)**I 2920 (12/PNP-000328)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Méndez López, Lara e 2 máis**

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para darlle impulso ao Museo da Romani-zación de Galicia de Lugo

[8029](#)**I 2925 (12/PNP-000329)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre as liñas básicas do plan estratéxico que debe executar a Xunta de Galicia na súa política de loita contra a praga da avespa asiática

[8032](#)**I 2931 (12/PNP-000330)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis**

Sobre determinadas actuacións que debe levar adiante a Xunta de Galicia en relación coa recupe-ración marisqueira da ría do Burgo

[8036](#)**I 2937 (12/PNP-000331)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre a demanda ao Goberno galego dunha revisión da súa política económica que conduza a re-baixar a débeda pública e recuperar ingresos para mellorar os servizos públicos

[8039](#)**I 2945 (12/PNP-000332)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pomar Tojo, Carmen María e 3 máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa au-toestrada AP-9

[8041](#)**I 2949 (12/PNP-000333)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre a demanda ao Goberno galego da elevación do rango que ten a política de igualdade no actual organigrama da Xunta de Galicia [8043](#)

I 2959 (12/PNP-000334)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia dirixidas a integrar no Servizo Galego de Saúde as unidades asistenciais de atención á drogodependencia xestionadas polas administracións locais [8045](#)

I 2966 (12/PNP-000336)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 6 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que manteña unha postura contraria ao proxecto de Altri en Palas de Rei [8048](#)

I 2976 (12/PNP-000337)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha coa finalidade de incrementar o seu compromiso coa política de loita contra a contaminación por residuos no medio mariño [8052](#)

I 2981 (12/PNP-000338)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 3 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que abandone a pretensión de implantar sistemas de cobro polo uso de autovías [8054](#)

I 2982 (12/PNP-000339)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 3 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego dun acordo coa Fegamp co fin de incrementar o financiamento local [8056](#)

I 2991 (12/PNP-000340)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe impulsar co obxecto de mellorar as condicións da asistencia pediátrica na atención primaria do sistema sanitario público [8059](#)

I 2999 (12/PNP-000341)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa localización dunha futura residencia universitaria pública en Pontevedra e cos usos do vello Hospital Provincial logo do remate das obras do hospital de Montecelo [8063](#)



I 3003 (12/PNP-000342)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo no CPI Castro Baxoi, de Miño, para adecuar as súas infraestruturas e recursos humanos ás necesidades derivadas do aumento da poboación escolar nese concello

[8066](#)

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión**1.3.6.2.1. Proposicións presentadas****Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación****I 2616 (12/PNC-000338)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia relativa ás necesidades de dotación de persoal médico do Centro de Saúde de Ribeira

[8069](#)

I 2629 (12/PNC-000339)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Ríos Santomé, Paulo

Sobre a demanda de medidas ao Goberno galego co fin de mellorar no rural o transporte interurbano por estrada e de garantir nestas áreas o acceso do alumnado de estudos postobrigatorios aos seus centros

[8072](#)

I 2653 (12/PNC-000340)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia do inicio inmediato da reforma programada no Centro de Saúde de Meira

[8076](#)

I 2659 (12/PNC-000341)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 4 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que achegue recursos con carácter específico, e con apoio en fondos europeos, destinados ás administracións autonómicas e locais para a mellora e adaptación dos centros educativos

[8079](#)

I 2682 (12/PNC-000342)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as actuacións que debe impulsar o Goberno galego en relación coa titularidade e organización da rede de conservatorios municipais

[8082](#)

I 2700 (12/PNC-000343)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Fernández Gómez, Alexandra e Suárez Fernández, Iago

Sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar en materia de políticas de vivenda orientadas á emancipación da mocidade

[8086](#)

I 2706 (12/PNC-000344)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa reclamación das competencias relacionadas coa administración das bolsas de axudas aos estudos

[8091](#)

I 2711 (12/PNC-000345)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar no CPI Castro Baxoi, de Miño, en relación coa súa dotación de profesorado e as súas necesidades en educación infantil

[8093](#)

I 2718 (12/PNC-000346)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre as actuacións que debe pór en marcha o Goberno galego no que se refire á mellora do financiamento dos concellos de Galicia

[8096](#)

I 2724 (12/PNC-000347)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións relativas ao mantemento e á seguridade viaria que debe levar a cabo a Xunta de Galicia na estrada AC-305 no seu percorrido pola comarca da Barbanza

[8102](#)

I 2728 (12/PNC-000348)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Carreira Pazos, Iria

Sobre as actuacións que debe executar neste ano 2024 a Xunta de Galicia para poñer en marcha as melloras anunciadas para o Hospital da Barbanza

[8105](#)

I 2751 (12/PNC-000349)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Vidal Lamas, Sonia e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar coa finalidade de mellorar o nivel da cobertura da atención pediátrica en Xinzo de Limia

[8108](#)

I 2762 (12/PNC-000350)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa mellora da dotación de profesionais sanitarios da Unidade de Saúde Mental do Centro de Saúde de Ponteareas

[8112](#)



I 2770 (12/PNC-000351)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e Insua Lema, Óscar**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que estude a creación dun consorcio público destinado a estender a capacitación e as competencias no ámbito das tecnoloxías dixitais

[8116](#)**I 2775 (12/PNC-000352)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e Insua Lema, Óscar**

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe impulsar co fin de mellorar a dotación de facultativos do Hospital de Monforte de Lemos, especialmente no que atinxe á especialidade de psiquiatría

[8118](#)**I 2779 (12/PNC-000353)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia do incremento da oferta de prazas de primeiro de ESO no IES Otero Pedrayo, de Ourense, para permitir o acceso de todos os solicitantes procedentes dos tres centros de primaria que ten adscritos

[8121](#)**I 2785 (12/PNC-000354)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a demanda ao Goberno galego dun acordo co sector do libro galego co obxectivo de desenvolver nesta lexislatura un programa de medidas encamiñadas a reactivar o apoio a esta área económica e cultural

[8124](#)**I 2791 (12/PNC-000355)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que cumpra os compromisos orzamentarios establecidos no V Plan director de cooperación galega 2023-2026

[8127](#)**I 2798 (12/PNC-000356)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que acorde coa comunidade educativa do IES Otero Pedrayo, de Ourense, unha solución aos problemas relacionados coa oferta de prazas de primeiro de ESO neste centro

[8130](#)**I 2804 (12/PNC-000357)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Taibo Corsanego, Iria**

Sobre a demanda ao Goberno galego da declaración do 2024 como Ano Viqueira, centenario do falecemento de Xoán Vicente Viqueira, e da colaboración na incorporación ao patrimonio público da que foi a súa residencia en Bergondo co fin de dedicala a usos culturais e socioeducativos

[8134](#)

I 2852 (12/PNC-000358)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que poña en marcha na cidade de Ourense, en colaboración co seu goberno municipal, o anunciado proxecto de plantación de árbores

[8138](#)**I 2864 (12/PNC-000360)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a información que debe trasladar o Goberno galego aos grupos parlamentarios en relación co desenvolvemento do pacto ambiental que asinou coa empresa Ence en 2016 para o complexo industrial de Lourizán, na ría de Pontevedra

[8141](#)**I 2873 (12/PNC-000361)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis**

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe desenvolver e promover no que concirne á protección, restauración e fomento do patrimonio cultural da serra do Suído

[8144](#)**I 2880 (12/PNC-000362)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as accións que debe impulsar a Xunta de Galicia no que se refire ao desenvolvemento de medidas de protección natural e cultural da serra do Suído

[8148](#)**I 2886 (12/PNC-000363)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar co obxecto de mellorar a dotación do Centro de Saúde de Arcade, concello de Soutomaior, no referido ao cadro de persoal médico

[8157](#)**I 2890 (12/PNC-000364)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre os obxectivos que deberá establecer a Xunta de Galicia para levar a cabo unha política de venda máis ambiciosa

[8160](#)**I 2901 (12/PNC-000365)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da mellora asistencial do Centro de Saúde do Barco de Valdeorras na especialidade de pediatria

[8163](#)**I 2910 (12/PNC-000366)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria**

Sobre as actuacións que debe levar adiante o Goberno galego co obxecto de reforzar as estratexias de atención á saúde mental [8165](#)

I 2916 (12/PNC-000367)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dunha solución para o aloxamento das persoas que sufriron o incendio da rúa Alfonso X de Vigo no pasado outubro de 2023 [8168](#)

I 2921 (12/PNC-000368)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para darlle impulso ao Museo da Romani-zación de Galicia de Lugo [8171](#)

I 2926 (12/PNC-000369)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as liñas básicas do plan estratéxico que debe executar a Xunta de Galicia na súa política de loita contra a praga da avespa asiática [8174](#)

I 2932 (12/PNC-000370)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre determinadas actuacións que debe levar adiante a Xunta de Galicia en relación coa recupe-ración marisqueira da ría do Burgo [8178](#)

I 2938 (12/PNC-000371)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a demanda ao Goberno galego dunha revisión da súa política económica que conduza a re-baixar a débeda pública e recuperar ingresos para mellorar os servizos públicos [8181](#)

I 2944 (12/PNC-000372)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 3 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa au-toestrada AP-9 [8183](#)

I 2948 (12/PNC-000373)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da elevación do rango que ten a política de igualdade no ac-tual organigrama da Xunta de Galicia [8185](#)

I 2958 (12/PNC-000374)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia dirixidas a integrar no Servizo Galego de Saúde as unidades asistenciais de atención á drogodependencia xestionadas polas administracións locais

[8187](#)**I 2967 (12/PNC-000376)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 6 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que manteña unha postura contraria ao proxecto de Altri en Palas de Rei

[8189](#)**I 2975 (12/PNC-000377)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha coa finalidade de incrementar o seu compromiso coa política de loita contra a contaminación por residuos no medio mariño

[8193](#)**I 2980 (12/PNC-000378)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 3 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que abandone a pretensión de implantar sistemas de cobro polo uso de autovías

[8196](#)**I 2983 (12/PNC-000379)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 3 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego dun acordo coa Fegamp co fin de incrementar o financiamento local

[8198](#)**I 2984 (12/PNC-000380)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 3 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego dun acordo coa Fegamp co fin de incrementar o financiamento local

[8201](#)**I 2992 (12/PNC-000381)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe impulsar co obxecto de mellorar as condicións da asistencia pediátrica na atención primaria do sistema sanitario público

[8204](#)**I 2998 (12/PNC-000382)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa localización dunha futura residencia universitaria pública en Pontevedra e cos usos do vello Hospital Provincial logo do remate das obras do hospital de Montecelo

[8208](#)

I 3004 (12/PNC-000383)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo no CPI Castro Baxoi, de Miño, para adecuar as súas infraestruturas e recursos humanos ás necesidades derivadas do aumento da po-boación escolar nese concello

[8211](#)

1.4. Procedementos de información**1.4.2. Solicitudes de comparecencia****1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno****Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Xunta de Portavoces e publicación****I 3172 (12/PPP-000007)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do Sr. conselleiro do Mar, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta das medidas que vai levar a cabo o Goberno galego ante a situación actual do sector marisqueiro ga-lego

[8214](#)

I 3174 (12/PPP-000008)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do Sr. presidente da Xunta de Galicia, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para ex-plicar as decisións que está a tomar o Goberno galego en materia de políticas de igualdade

[8217](#)

1.4.3. Interpelacións**Admisión a trámite e publicación****I 2635 (12/INT-000184)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Ríos Santomé, Paulo

Sobre as políticas para a superación das condicións de desigualdade do alumnado do ámbito rural

[8220](#)

I 2686 (12/INT-000185)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Queixas Zas, Mercedes

Sobre a planificación e xestión en Galicia da rede de centros públicos de ensinanza musical

[8223](#)

I 2710 (12/INT-000186)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Fernández Davila, María Cristina

Sobre o aumento do nivel competencial da Xunta de Galicia no ámbito do ensino

[8226](#)

I 2721 (12/INT-000187)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre a revisión do sistema de financiamento da Administración local

[8228](#)

I 2789 (12/INT-000188)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a promoción do sector da cultura galega nunha tripla vertente, económica, social e cultural

[8233](#)

I 2790 (12/INT-000189)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a valoración da suficiencia das actuais políticas da Xunta de Galicia na área de cooperación para o desenvolvemento

[8236](#)

I 2868 (12/INT-000190)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o impulso de plans de mellora nas instalacións industriais para conseguir máis sustentabilidade ambiental e eficiencia enerxética

[8239](#)

I 2877 (12/INT-000191)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre o desenvolvemento en Galicia das políticas de conservación, protección e divulgación dos espazos susceptibles de ser incluídos no concepto de paisaxe cultural

[8242](#)

I 2884 (12/INT-000192)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o alcance que están tendo as políticas ambientais da Xunta de Galicia en todas as zonas de especial valor paisaxístico e ecolóxico de Galicia

[8246](#)

I 2894 (12/INT-000193)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a promoción da vivenda pública en Galicia

[8255](#)

I 2914 (12/INT-000194)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre as necesidades de atención á saúde mental desde o sistema sanitario público

[8258](#)

I 2927 (12/INT-000195)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as estratexias de control da expansión da avespa asiática

[8261](#)



I 2933 (12/INT-000196)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre a mellora da produción marisqueira e o control da calidade das augas das rías galegas

[8265](#)

I 2939 (12/INT-000197)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as estratexias respecto dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e en materia de política fiscal

[8268](#)

I 2947 (12/INT-000198)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a relevancia das políticas de igualdade na acción de goberno da Xunta de Galicia na presente lexislatura

[8270](#)

I 2968 (12/INT-000199)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 6 máis

Sobre a valoración dos riscos de incompatibilidades entre sectores económicos na introdución de proxectos industriais con forte influencia no territorio en que se instalan

[8272](#)

I 2974 (12/INT-000200)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre o balance das estratexias que se levan a cabo contra a contaminación por residuos no medio mariño

[8276](#)

I 2985 (12/INT-000201)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 3 máis

Sobre o modelo e as contías do financiamento local executado pola Xunta de Galicia

[8278](#)

I 2996 (12/INT-000202)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre o problema actual da dotación do sistema sanitario público de profesionais médicos

[8281](#)

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na execución do acordo da Mesa do Parlamento do 30 de abril de 2024, relativo á proclamación da deputada electa Nicole Grueira Fernández, publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 21, do 3 de maio de 2024

[7939](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 30 de abril de 2024, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite

- 2551 (12/PPLC-000002)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei orgánica, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de traspaso de funcións e servizos da Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral

A Mesa toma coñecemento da referida iniciativa e, dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:

1º. Admitir a trámite a Proposición de lei orgánica, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de traspaso de funcións e servizos da Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral.

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no artigo 22 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, e para que manifeste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2024

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 7 de maio de 2024, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite e publicación

- 2628 (12/PNP-000307)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Fernández Davila, María Cristina e Ríos Santomé, Paulo

Sobre a demanda de medidas ao Goberno galego co fin de mellorar no rural o transporte interurbano por estrada e de garantir nestas áreas o acceso do alumnado de estudos postobrigatorios aos seus centros

- 2652 (12/PNP-000308)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia do inicio inmediato da reforma programada no Centro de Saúde de Meira

- 2660 (12/PNP-000309)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 4 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que achegue recursos con carácter específico, e con apoio en fondos europeos, destinados ás administracións autonómicas e locais para a mellora e adaptación dos centros educativos

- 2681 (12/PNP-000310)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as actuacións que debe impulsar o Goberno galego en relación coa titularidade e organización da rede de conservatorios municipais

- 2699 (12/PNP-000311)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Suárez Fernández, Iago

Sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar en materia de políticas de vivenda orientadas á emancipación da mocidade

- 2705 (12/PNP-000312)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa reclamación das competencias relacionadas coa administración das bolsas de axudas aos estudos

- 2717 (12/PNP-000313)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre as actuacións que debe pór en marcha o Goberno galego no que se refire á mellora do financiamento dos concellos de Galicia

- 2763 (12/PNP-000314)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Prado Cores, María Montserrat



Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa mellora da dotación de profesionais sanitarios da Unidade de Saúde Mental do Centro de Saúde de Ponteareas

- 2769 (12/PNP-000315)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Insua Lema, Óscar

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que estude a creación dun consorcio público destinado a estender a capacitación e as competencias no ámbito das tecnoloxías dixitais

- 2780 (12/PNP-000316)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia do incremento da oferta de prazas de primeiro de ESO no IES Otero Pedrayo, de Ourense, para permitir o acceso de todos os solicitantes procedentes dos tres centros de primaria que ten adscritos

- 2784 (12/PNP-000317)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego dun acordo co sector do libro galego co obxectivo de desenvolver nesta lexislatura un programa de medidas encamiñadas a reactivar o apoio a esta área económica e cultural

- 2792 (12/PNP-000318)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que cumpra os compromisos orzamentarios establecidos no V Plan director de cooperación galega 2023-2026

- 2863 (12/PNP-000320)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a información que debe trasladar o Goberno galego aos grupos parlamentarios en relación co desenvolvemento do pacto ambiental que asinou coa empresa Ence en 2016 para o complexo industrial de Lourizán, na ría de Pontevedra

- 2872 (12/PNP-000321)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe desenvolver e promover no que concirne á protección, restauración e fomento do patrimonio cultural da serra do Suído

- 2879 (12/PNP-000322)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as accións que debe impulsar a Xunta de Galicia no que se refire ao desenvolvemento de medidas de protección natural e cultural da serra do Suído



- 2885 (12/PNP-000323)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar co obxecto de mellorar a dotación do Centro de Saúde de Arcade, concello de Soutomaior, no referido ao cadro de persoal médico

- 2889 (12/PNP-000324)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre os obxectivos que deberá establecer a Xunta de Galicia para levar a cabo unha política de vivenda máis ambiciosa

- 2902 (12/PNP-000325)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da mellora asistencial do Centro de Saúde do Barco de Valdeorras na especialidade de pediatría

- 2909 (12/PNP-000326)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre as actuacións que debe levar adiante o Goberno galego co obxecto de reforzar as estratexias de atención á saúde mental

- 2915 (12/PNP-000327)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dunha solución para o aloxamento das persoas que sufriron o incendio da rúa Alfonso X de Vigo no pasado outubro de 2023

- 2920 (12/PNP-000328)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para darlle impulso ao Museo da Romanización de Galicia de Lugo

- 2925 (12/PNP-000329)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as liñas básicas do plan estratéxico que debe executar a Xunta de Galicia na súa política de loita contra a praga da avespa asiática

- 2931 (12/PNP-000330)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre determinadas actuacións que debe levar adiante a Xunta de Galicia en relación coa recuperación marisqueira da ría do Burgo



- 2937 (12/PNP-000331)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a demanda ao Goberno galego dunha revisión da súa política económica que conduza a rebaixar a débeda pública e recuperar ingresos para mellorar os servizos públicos

- 2945 (12/PNP-000332)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 3 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa autoestrada AP-9

- 2949 (12/PNP-000333)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da elevación do rango que ten a política de igualdade no actual organigrama da Xunta de Galicia

- 2959 (12/PNP-000334)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia dirixidas a integrar no Servizo Galego de Saúde as unidades asistenciais de atención á drogodependencia xestionadas polas administracións locais

- 2966 (12/PNP-000336)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 6 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que manteña unha postura contraria ao proxecto de Altri en Palas de Rei

- 2976 (12/PNP-000337)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha coa finalidade de incrementar o seu compromiso coa política de loita contra a contaminación por residuos no medio mariño

- 2981 (12/PNP-000338)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 3 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que abandone a pretensión de implantar sistemas de cobro polo uso de autovías

- 2982 (12/PNP-000339)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 3 máis



Sobre a demanda ao Goberno galego dun acordo coa Fegamp co fin de incrementar o financiamento local

- 2991 (12/PNP-000340)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe impulsar co obxecto de mellorar as condicións da asistencia pediátrica na atención primaria do sistema sanitario público

- 2999 (12/PNP-000341)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa localización dunha futura residencia universitaria pública en Pontevedra e cos usos do vello Hospital Provincial logo do remate das obras do hospital de Montecelo

- 3003 (12/PNP-000342)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo no CPI Castro Baxoi, de Miño, para adecuar as súas infraestruturas e recursos humanos ás necesidades derivadas do aumento da poboación escolar nese concello

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 2616 (12/PNC-000338)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia relativa ás necesidades de dotación de persoal médico do Centro de Saúde de Ribeira

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 2629 (12/PNC-000339)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Ríos Santomé, Paulo

Sobre a demanda de medidas ao Goberno galego co fin de mellorar no rural o transporte interurbano por estrada e de garantir nestas áreas o acceso do alumnado de estudos postobrigatorios aos seus centros

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 2653 (12/PNC-000340)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis



Sobre a demanda á Xunta de Galicia do inicio inmediato da reforma programada no Centro de Saúde de Meira

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 2659 (12/PNC-000341)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 4 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que achegue recursos con carácter específico, e con apoio en fondos europeos, destinados ás administracións autonómicas e locais para a mellora e adaptación dos centros educativos

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 2682 (12/PNC-000342)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as actuacións que debe impulsar o Goberno galego en relación coa titularidade e organización da rede de conservatorios municipais

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 2700 (12/PNC-000343)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Suárez Fernández, Iago

Sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar en materia de políticas de vivenda orientadas á emancipación da mocidade

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 2706 (12/PNC-000344)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa reclamación das competencias relacionadas coa administración das bolsas de axudas aos estudos

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 2711 (12/PNC-000345)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar no CPI Castro Baxoi, de Miño, en relación coa súa dotación de profesorado e as súas necesidades en educación infantil

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 2718 (12/PNC-000346)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre as actuacións que debe pór en marcha o Goberno galego no que se refire á mellora do financiamento dos concellos de Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior



- 2724 (12/PNC-000347)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións relativas ao mantemento e á seguridade viaria que debe levar a cabo a Xunta de Galicia na estrada AC-305 no seu percorrido pola comarca da Barbanza

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 2728 (12/PNC-000348)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Carreira Pazos, Iria

Sobre as actuacións que debe executar neste ano 2024 a Xunta de Galicia para poñer en marcha as melloras anunciadas para o Hospital da Barbanza

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 2751 (12/PNC-000349)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Vidal Lamas, Sonia e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar coa finalidade de mellorar o nivel da cobertura da atención pediátrica en Xinzo de Limia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 2762 (12/PNC-000350)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa mellora da dotación de profesionais sanitarios da Unidade de Saúde Mental do Centro de Saúde de Ponteareas

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 2770 (12/PNC-000351)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Insua Lema, Óscar

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que estude a creación dun consorcio público destinado a estender a capacitación e as competencias no ámbito das tecnoloxías dixitais

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 2775 (12/PNC-000352)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Insua Lema, Óscar

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe impulsar co fin de mellorar a dotación de facultativos do Hospital de Monforte de Lemos, especialmente no que atinxe á especialidade de psiquiatría

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 2779 (12/PNC-000353)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis



Sobre a demanda á Xunta de Galicia do incremento da oferta de prazas de primeiro de ESO no IES Otero Pedrayo, de Ourense, para permitir o acceso de todos os solicitantes procedentes dos tres centros de primaria que ten adscritos

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 2785 (12/PNC-000354)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego dun acordo co sector do libro galego co obxectivo de desenvolver nesta lexislatura un programa de medidas encamiñadas a reactivar o apoio a esta área económica e cultural

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 2791 (12/PNC-000355)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que cumpra os compromisos orzamentarios establecidos no V Plan director de cooperación galega 2023-2026

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 2798 (12/PNC-000356)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que acorde coa comunidade educativa do IES Otero Pedrayo, de Ourense, unha solución aos problemas relacionados coa oferta de prazas de primeiro de ESO neste centro

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 2804 (12/PNC-000357)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Taibo Corsanego, Iria

Sobre a demanda ao Goberno galego da declaración do 2024 como Ano Viqueira, centenario do falecemento de Xoán Vicente Viqueira, e da colaboración na incorporación ao patrimonio público da que foi a súa residencia en Bergondo co fin de dedicala a usos culturais e socioeducativos

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 2852 (12/PNC-000358)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que poña en marcha na cidade de Ourense, en colaboración co seu goberno municipal, o anunciado proxecto de plantación de árbores

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 2864 (12/PNC-000360)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis



Sobre a información que debe trasladar o Goberno galego aos grupos parlamentarios en relación co desenvolvemento do pacto ambiental que asinou coa empresa Ence en 2016 para o complexo industrial de Lourizán, na ría de Pontevedra

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 2873 (12/PNC-000361)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe desenvolver e promover no que concirne á protección, restauración e fomento do patrimonio cultural da serra do Suído

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 2880 (12/PNC-000362)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as accións que debe impulsar a Xunta de Galicia no que se refire ao desenvolvemento de medidas de protección natural e cultural da serra do Suído

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 2886 (12/PNC-000363)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar co obxecto de mellorar a dotación do Centro de Saúde de Arcade, concello de Soutomaior, no referido ao cadro de persoal médico

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 2890 (12/PNC-000364)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre os obxectivos que deberá establecer a Xunta de Galicia para levar a cabo unha política de venda máis ambiciosa

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 2901 (12/PNC-000365)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da mellora asistencial do Centro de Saúde do Barco de Valdeorras na especialidade de pediatría

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 2910 (12/PNC-000366)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre as actuacións que debe levar adiante o Goberno galego co obxecto de reforzar as estratexias de atención á saúde mental

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 2916 (12/PNC-000367)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dunha solución para o aloxamento das persoas que sufriron o incendio da rúa Alfonso X de Vigo no pasado outubro de 2023

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 2921 (12/PNC-000368)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para darlle impulso ao Museo da Romani-zación de Galicia de Lugo

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 2926 (12/PNC-000369)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as liñas básicas do plan estratéxico que debe executar a Xunta de Galicia na súa política de loita contra a praga da avespa asiática

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 2932 (12/PNC-000370)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre determinadas actuacións que debe levar adiante a Xunta de Galicia en relación coa recuperación marisqueira da ría do Burgo

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 2938 (12/PNC-000371)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a demanda ao Goberno galego dunha revisión da súa política económica que conduza a re-baixar a débeda pública e recuperar ingresos para mellorar os servizos públicos

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 2944 (12/PNC-000372)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 3 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa au-toestrada AP-9

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 2948 (12/PNC-000373)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis



Sobre a demanda ao Goberno galego da elevación do rango que ten a política de igualdade no actual organigrama da Xunta de Galicia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 2958 (12/PNC-000374)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia dirixidas a integrar no Servizo Galego de Saúde as unidades asistenciais de atención á drogodependencia xestionadas polas administracións locais

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 2967 (12/PNC-000376)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 6 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que manteña unha postura contraria ao proxecto de Altri en Palas de Rei

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 2975 (12/PNC-000377)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha coa finalidade de incrementar o seu compromiso coa política de loita contra a contaminación por residuos no medio mariño

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 2980 (12/PNC-000378)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 3 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que abandone a pretensión de implantar sistemas de cobro polo uso de autovías

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 2983 (12/PNC-000379)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 3 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego dun acordo coa Fegamp co fin de incrementar o financiamento local

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 2984 (12/PNC-000380)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 3 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego dun acordo coa Fegamp co fin de incrementar o financiamento local

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos



- 2992 (12/PNC-000381)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe impulsar co obxecto de mellorar as condicións da asistencia pediátrica na atención primaria do sistema sanitario público

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 2998 (12/PNC-000382)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa localización dunha futura residencia universitaria pública en Pontevedra e cos usos do vello Hospital Provincial logo do remate das obras do hospital de Montecelo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 3004 (12/PNC-000383)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo no CPI Castro Baxoi, de Miño, para adecuar as súas infraestruturas e recursos humanos ás necesidades derivadas do aumento da poboación escolar nese concello

Comisión 4ª, Educación e Cultura

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 3172 (12/CPP-000007)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do Sr. conselleiro do Mar, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta das medidas que vai levar a cabo o Goberno galego ante a situación actual do sector marisqueiro galego

- 3174 (12/CPP-000008)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do Sr. presidente da Xunta de Galicia, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para explicar as decisións que está a tomar o Goberno galego en materia de políticas de igualdade

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

- 2635 (12/INT-000184)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Fernández Davila, María Cristina e Ríos Santomé, Paulo
Sobre as políticas para a superación das condicións de desigualdade do alumnado do ámbito rural

- 2686 (12/INT-000185)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina e Queixas Zas, Mercedes
Sobre a planificación e xestión en Galicia da rede de centros públicos de ensinanzas musicais

- 2710 (12/INT-000186)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e Fernández Davila, María Cristina
Sobre o aumento do nivel competencial da Xunta de Galicia no ámbito do ensino

- 2721 (12/INT-000187)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago
Sobre a revisión do sistema de financiamento da Administración local

- 2789 (12/INT-000188)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a promoción do sector da cultura galega nunha tripla vertente, económica, social e cultural

- 2790 (12/INT-000189)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia
Sobre a valoración da suficiencia das actuais políticas da Xunta de Galicia na área de cooperación para o desenvolvemento

- 2868 (12/INT-000190)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre o impulso de plans de mellora nas instalacións industriais para conseguir máis sustentabilidade ambiental e eficiencia enerxética

- 2877 (12/INT-000191)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis
Sobre o desenvolvemento en Galicia das políticas de conservación, protección e divulgación dos espazos susceptibles de ser incluídos no concepto de paisaxe cultural

- 2884 (12/INT-000192)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre o alcance que están tendo as políticas ambientais da Xunta de Galicia en todas as zonas de especial valor paisaxístico e ecolóxico de Galicia



- 2894 (12/INT-000193)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre a promoción da vivenda pública en Galicia

- 2914 (12/INT-000194)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria
Sobre as necesidades de atención á saúde mental desde o sistema sanitario público

- 2927 (12/INT-000195)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre as estratexias de control da expansión da avespa asiática

- 2933 (12/INT-000196)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis
Sobre a mellora da produción marisqueira e o control da calidade das augas das rías galegas

- 2939 (12/INT-000197)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena
Sobre as estratexias respecto dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e en materia de política fiscal

- 2947 (12/INT-000198)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre a relevancia das políticas de igualdade na acción de goberno da Xunta de Galicia na presente lexislatura

- 2968 (12/INT-000199)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Fernández, Secundino e 6 máis
Sobre a valoración dos riscos de incompatibilidades entre sectores económicos na introdución de proxectos industriais con forte influencia no territorio en que se instalan

- 2974 (12/INT-000200)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos
Sobre o balance das estratexias que se levan a cabo contra a contaminación por residuos no medio mariño

- 2985 (12/INT-000201)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Abalde Alonso, Julio Ernesto e 3 máis

Sobre o modelo e as contías do financiamento local executado pola Xunta de Galicia

- 2996 (12/INT-000202)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre o problema actual da dotación do sistema sanitario público de profesionais médicos

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2024

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª

4. Informaci3ns e correcci3ns de erros

4.2. Correcci3ns de erros

Correcci3n de erros na execuci3n do acordo da Mesa do Parlamento do 30 de abril de 2024, relativo á proclamaci3n da deputada electa Nicole Grueira Fern3ndez, publicada no Bolet3n Oficial do Parlamento de Galicia n3m. 21, do 3 de maio de 2024

Advertido un erro material no acordo da Mesa do Parlamento relativo á proclamaci3n da deputada electa Nicole Grueira Fern3ndez, publicada no *Bolet3n Oficial do Parlamento de Galicia* n3m. 21, do 3 de maio de 2024 (fas.3), proc3dese á s3a correcci3n nos seguintes termos.

Na p3xina 7617, onde di:

«...d3a 29 de abril de 2024.»

Debe dicir:

«...d3a 26 de abril de 2024.»

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2024

Xos3 Ant3n Sarmiento M3ndez

Letrado oficial maior





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 163 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei orgánica de traspaso de funcións e servizos da Administración Xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galiza en materia de ordenación e xestión do litoral**, para que sexa elevada ao Congreso dos Deputados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza é a Comunidade Autónoma do Estado coa cifra máis alta en quilómetros de costa. Concretamente, posúe unha fachada litoral que abrangue 2.555 km, incluídos os 432 km de illas, 464 km de marismas e 1.659 km de costa, segundo se indica no documento onde se conteñen as Directrices de Ordenación do Territorio de Galiza, referentes ao artellamento do litoral galego.

Esta vasta extensión é crucial para Galiza, pois constitúe un elemento de enorme valor e aproveitamento, no que se concentra unha importante porcentaxe de poboación e onde se desenvolven múltiples actividades; moitas delas provenientes dunha longa e vizosa tradición. Con efecto, arredor de primixenios asentamentos situados nas zonas fronteirizas coa costa, foron conformándose pequenos núcleos rurais, cuxa evolución nos trouxo a actual configuración en núcleos de maior densidade de poboación, caracterizados pola existencia dunha intensa actividade económica, básica para o desenvolvemento de Galiza; a saber:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pesca, marisqueo, acuicultura, portos, estaleiros, lonxas, actividades turísticas, culturais, patrimoniais ...

Neste sentido, de fixármonos unicamente na relevancia da actividade marítimo-pesqueira e a cadea mar-industria, cómpre salientar que nos peiraos dependentes da Xunta de Galiza descargáronse no ano 2021 un total de 77.317 toneladas de peixe e que só na cadea extractiva (pesca, marisqueo, acuicultura) e a de mar-industria (conxelado e conserva), xeran un volume de facturación de máis de 8.800 millóns de euros anuais, segundo datos do propio sector empresarial ligado a estas actividades. E existen numerosas instalacións relacionadas coa antedita cadea mar-industria situadas no litoral galego (depuradoras, cocedeiros de marisco; piscifactorías; cetáreas ...) que precisan situarse en zonas de dominio público marítimo-terrestre para desenvolver a súa actividade de maneira eficiente e sostíbel.

En calquera caso – como sinalamos-, o dominio público marítimo-terrestre en Galiza conforma un espazo no que conviven múltiples actividades. Fan boa proba disto as numerosas empresas, edificacións históricas e outros equipamentos que están situados dentro do referido dominio público marítimo-terrestre.

Todas estas actividades humanas desenvólvense en espazos reducidos que interactúan coa paisaxe e cun ecosistema moi rico e de alto valor pola súa biodiversidade de hábitats e de especies de flora e fauna silvestre que cómpre conservar, protexer e xestionar de maneira integrada. Con efecto, todo isto conforma unha paisaxe que, ademais de constituír un recurso natural, cultural e



económico é fonte dunha tradición dinámica, construída ao longo do tempo e que remite á identidade do pobo galego.

Neste sentido, tanto pola propia configuración xeomorfolóxica como por razóns socioeconómicas, culturais, históricas, urbanísticas, paisaxísticas, patrimoniais,... o litoral galego presenta unhas características específicas, distintas e distantes da costa mediterránea que esixen unha ordenación integral desde una óptica autocentrada e sustentábel, lonxe dun tratamento homoxéneo e estraño á súa singularidade.

É evidente que Galiza debe posuír a máxima capacidade de decisión sobre o seu litoral. Precisa deseñar e planificar, entre outras, actuacións estratéxicas racionais e razoábeis para a convivencia e pervivencia sostíbel de todas as actividades anteriormente mencionadas así como a súa posta en valor e aproveitamento para novas utilidades que teñan o carácter de sostíbeis. E precisa, así mesmo, de tales estratexias para previr riscos derivados de fenómenos naturais e, nomeadamente, daqueles derivados do cambio climático.

Xa que logo, o exercicio por parte de Galiza, das máximas competencias para a ordenación do seu litoral é fulcral e prioritaria.

A Constitución Española, establece, no seu artigo 132.2 que “*son bens de dominio público estatal os que determine a Lei, e en todo caso, a zona marítimo-terrestre, as praias, o mar territorial e os recursos naturais da zona económica e a plataforma continental.*”

Así mesmo, o artigo 149. 1. 23ª dispón a competencia exclusiva do Estado en materia de “*lexislación básica sobre medio ambiente, sen prexuízo das*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

facultades das Comunidades Autónomas de establecer normas adicionais de protección”.

Ademais, a Constitución Española, no artigo 148. 1. 3ª establece que as “Comunidades Autónomas podrán asumir competencias” en materia de “ordenación do territorio, urbanismo e vivenda”.

Esta competencia sobre ordenación do territorio conleva o exercicio dunha serie de atribucións relativas ás diversas funcións e usos para os que pode ser destinado o seu solo ou espazo físico territorial, incluído o seu litoral e “ningunha dúbida cabe sobre a pertenza do litoral ao territorio” tal e como ten declarado o propio Tribunal Constitucional (STC 141/1991, de 4 de xullo). O mesmo Tribunal, na STC 5/2015, de 22 de xaneiro, sinala que “(...) A ordenación do litoral, inexistente como competencia específica no texto constitucional, hase considerar integrada dentro da competencia sobre ordenación do territorio á que se refire o art. 148.1.3 CE. O exercicio desta competencia autonómica haberá de ter en conta a incidencia territorial de todas as actuacións dos poderes públicos, co fin de garantir dese modo o mellor uso dos recursos do solo e do subsolo, do aire e da auga e o equilibrio entre as distintas partes do territorio mesmo.”

Por outro lado, a Comunidade Autónoma de Galiza, vía artigo 27.3 do seu Estatuto de Autonomía –aprobado por Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril- asumiu competencias exclusivas en materia de “ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda”, o que implica exercer un conxunto de actuacións públicas planificadoras dos usos do solo e de equilibrio entre as distintas partes do territorio.



Se ben a Constitución Española configura directamente como dominio público estatal “a zona marítimo-terrestre, as praias e o mar territorial”, e remitiu a súa regulación á Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, dita norma, non pode implicar unha limitación competencial respecto do exercicio das facultades de ordenación do litoral que Galiza pode e debe despregar sobre o dominio marítimo-terrestre.

De facto, agás a definición do propio réxime xurídico que configura o dominio público marítimo-terrestre como competencia do Estado, a competencia de Galiza sobre ordenación do seu litoral inclúe as seguintes facultades:

- O establecemento e a regulación dos plans territoriais de ordenación e uso do litoral e das praias, así como a regulación do procedemento de tramitación e aprobación destes instrumentos e plans;
- A xestión dos títulos de ocupación e uso do dominio público marítimo terrestre, especialmente o outorgamento dos títulos de autorizacións e concesións.
- A regulación e a xestión do réxime económico-financeiro do dominio público marítimo terrestre, nos termos previstos pola lexislación xeral.
- A execución de obras e actuacións no litoral de Galiza, para o caso de non seren de interese xeral.

As anteditas facultades executivas (incluídas as de xestión dos títulos de uso e ocupación do dominio público-terrestre) derivan da competencia propia estatutaria sobre ordenación do territorio e do litoral, con independencia da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

titularidade estatal sobre o dominio público marítimo-terrestre, sen necesidade de que o vixente Estatuto de Autonomía de Galiza sexa sometido a reforma e están avaladas por varias sentenzas do Tribunal Constitucional, tales como as STC 149/1991, do 4 de xullo; STC 31/2010, de 28 de xuño; STC 36/2022, do 10 de marzo; entre moitas outras.

Ademais, xa existe un precedente nesta materia, ao serlle traspasadas funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galiza con relación aos vertidos no mar, a través do Real Decreto 659/1985, de 17 de abril e que permiten ao Goberno galego, entre outras funcións, as de formular, tramitar e aprobar os plans de ordenación do litoral, que inclúan as praias e/ou a zona marítimo-terrestre; autorizar as obras e instalación de vertidos industriais e contaminantes nas augas do litoral galego, así como a inspección das mesmas; a tramitación das concesións de todas as instalación portuarias e deportivas que sexan competencia exclusiva da Comunidade Autónoma galega.

Por outro lado, o Consello Consultivo de Galiza, no seu Informe CCG 227/2022, emitido con data de 20 de xullo de 2022, polo que resolve a solicitude de consulta presentada pola Xunta de Galiza sobre “*se é posible entender, sen necesidade de modificación do Estatuto de autonomía de Galiza, que a competencia autonómica de ordenación do litoral comprende a xestión dos títulos de ocupación e uso do dominio público marítimo-terrestre*”, ofrece unha resposta en sentido afirmativo, con ampla e rica argumentación á cal remitimos. En todo caso, o antedito Consello chega ás seguintes conclusións que reproducimos literalmente:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“Primeira.- Dos termos dos artigos 27.3 e 37.2 do Estatuto de autonomía de Galicia, e da doutrina actual do Tribunal Constitucional (por todas, SSTC 31/2010, do 28 de xuño, 57/2016, do 17 de marzo e 18/2022, do 8 de febreiro), dedúcese que a competencia asumida pola Comunidade Autónoma galega sobre a “ordenación do territorio e do litoral” comprende todas as facultades ou funcións que naturalmente son desenvolvementos en relación con tal materia, incluídas as facultades sobre a “xestión” dos títulos de uso e ocupación do dominio público marítimo terrestre, comprensibles das funcións executivas de outorgamento (e, conseguintemente, tamén as relativas á prórroga, modificación e extinción) das autorizacións e concesións previstas na normativa de costas para a utilización e ocupación do dominio público marítimo-terrestre do litoral galego non adscrito.

Segunda.- Tales funcións executivas sobre a “xestión dos títulos de uso e ocupación do dominio público marítimo terrestre corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia como competencia propia, non formando parte das facultades do Estado derivadas da titularidade do dominio público marítimo-terrestre nin da competencia estatal sobre protección do medio ambiente, sen que tampouco as reteña o Estado en virtude da cláusula residual do artigo 149.3 da CE.

Terceira.- Integrada a xestión dos títulos de ocupación e uso do dominio público marítimo-terrestre, como función executiva, na competencia autonómica de ordenación do litoral prevista no artigo 27.3 do vixente Estatuto de autonomía, non resulta necesario modificar o dito Estatuto para a asunción competencial neste eido.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cuarta.- Para que as ditas funcións de xestión, de carácter executivo, poidan ser efectivamente exercidas pola Comunidade Autónoma de Galicia, resulta necesario o traspaso de medios e servizos por parte do Estado, debendo evitarse, por lealdade constitucional, que persista a situación anómala de que o Estado siga exercitando transitoriamente funcións que non lle corresponden.

Quinta.- Ao tratarse de funcións que forman parte xa do acervo competencial autonómico, pendentes só de traspaso de medios e servizos para o seu exercicio efectivo, poderán ditarse, no exercicio da competencia autonómica en materia de ordenación do litoral, normas de rango legal e/ou regulamentario que disciplinen, con respecto ao réxime xeral do dominio público, cuestión relacionadas co exercicio de tales funcións executivas, e condicionadas, na súa aplicación, ao traspaso efectivo”

Finalmente e, co obxectivo de proceder a solicitar o devandito traspaso ao Estado dos medios e servizos requiridos, convén acudir ao artigo 150 da Constitución Española que, a través dos seus números 2 e 3, establece o seguinte:

“2. O Estado poderá transferir u delegar nas Comunidades Autónomas, mediante lei orgánica, facultades correspondentes á materia de titularidade estatal que pola súa propia natureza sexan susceptibles de transferencia ou delegación. A lei preverá en cada caso a correspondente transferencia de medios financeiros, así como as formas de control que se reserve o Estado.

3. O Estado poderá ditar leis que establezan os principios necesarios para harmonizar as disposicións normativas das Comunidades Autónomas, aínda para o caso de materias atribuídas á competencia destas, cando así o esixa o interese





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xeral. Corresponde ás Cortes Xerais, por maioría absoluta de cada Cámara, a apreciación desta necesidade.”

Por último, a Disposición Transitoria Cuarta do Estatuto de Autonomía de Galiza, alude á creación da correspondente Comisión Mixta paritaria “coa finalidade de transferir a Galiza as funcións e atribucións que lle correspondan, conforme ao presente Estatuto.”

Tal disposición, conxuntamente co Real Decreto 581/1982, de 26 de febreiro (BOE de 24 de marzo) polo que se aproban as normas de traspaso de servizos do Estado á Comunidade Autónoma Galega, regulan o funcionamento da Comisión Mixta de Transferencias, así como a forma e condición ás que se deben axustar os traspasos das referidas funcións e servizos.

Para o pleno desenvolvemento dos fins, principios e instrumentos recollidos na *Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia*, é preciso que a nosa comunidade asuma as máximas competencias en materia de costas e litoral, e nomeadamente as relativas ás funcións e servizos en materia de ordenación do litoral.

Así se recoñece na “Disposición derradeira quinta. Entrada en vigor” da lei 4/2023:

“Esta lei entrará en vigor aos vinte días naturais da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, agás o establecido no artigo 48.1 respecto do exercicio das competencias autonómicas para o outorgamento das autorizacións e das concesións do dominio público marítimo-terrestre, do que a entrada en vigor queda supeditada á publicación do real decreto de traspasos de funcións e servizos da Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O artigo 48.1 establece o seguinte:

Artigo 48. Autorizacións e concesións do dominio público marítimo-terrestre

1. Respectando o réxime xeral establecido na normativa de costas, as autorizacións e as concesións do dominio público marítimo-terrestre serán outorgadas polas consellarías competentes en materia de ordenación do territorio ou do mar, segundo proceda, no momento en que se produza o efectivo traspaso das funcións e dos servizos da Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación do litoral.

Artigo 1. Funcións obxecto de demanda de traspaso

En virtude do disposto na presente lei, unha vez realizado o traspaso de servizos correspondente, a Comunidade Autónoma de Galiza, a través do correspondente Acordo coa Administración do Estado, deberá ter encomendadas, ao menos, as seguintes funcións:

1. En relación coas autorizacións de usos de temporada nas praias e no mar territorial (zonas de fondeo, embarcadiros flotantes e usos análogos); coas autorizacións de actividades nas que concorran circunstancias especiais de intensidade, perigosidade ou rendibilidade; e coas autorizacións de ocupación do dominio público marítimo-terrestre con instalacións desmontables ou con bens mobles:

- a) A súa xestión e outorgamento.
- b) A súa vixilancia e aplicación do réxime sancionador.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c) A xestión dos ingresos que se devindiquen pola súa ocupación e aproveitamento.

2. A xestión e outorgamento de autorizacións en zonas de servidume de tránsito e acceso ao mar, así como a vixilancia, tramitación e imposición e recadación das sancións que corresponda, no que se refire ao incumprimento dos termos en que foron outorgadas.

3. A xestión das concesións demaniais a que se refire o artigo 64 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, que inclúe, en todo caso, o seu outorgamento, renovación, prórroga, modificación e extinción, así como a xestión dos ingresos que se devindiquen polas anteditas ocupacións ou aproveitamentos en concepto de canons. As devanditas concesións son as seguintes:

a) As requiridas para efectuar verteduras ao dominio público marítimo-terrestre e as de ocupación do dominio público marítimo-terrestre esixidas para as explotacións de acuicultura.

b) As que amparan usos especialmente intensos, rendibles ou perigosos, así como os privativos, con obras ou instalación desmontábeis que pola súa natureza, finalidade ou outras circunstancias requiran un prazo de ocupación superior a un ano.

c) As concesións amparadas por outra concesión de explotación de recursos mineiros ou enerxéticos.

d) As que amparen usos especialmente intensos, rendíbeis ou perigosos, así como os privativos, con obras ou instalacións non desmontábeis.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Igualmente, as concesións que posibiliten a execución de obras fixas no mar e aquelas que ampren as instalacións marítimas menores no dominio público marítimo-terrestre, tales como embarcadoiros, varadoiros e outras análogas que non formen parte dun porto ou estean adscritas ao mesmo.

4. A vixilancia, tramitación e imposición das sancións que correspondan, así como a recadación das multas, no que se refire ao incumprimento das condicións de outorgamento das concesións demaniais.

5. A xestión do rexistro de concesións en dominio público marítimo-terrestre no ámbito da Comunidade Autónoma de Galiza.

6. A emisión do informe previo ao rescate das concesións demaniais cando, por razóns de interese xeral, sexa competencia da Administración Xeral do Estado o exercicio desta función.

7. A planificación, elaboración e aprobación de proxectos, xestión e execución de obras e actuacións no litoral galego que non sexan de interese xeral.

8. A participación da Comunidade Autónoma de Galiza na planificación e programación de obras de interese xeral no litoral galego e a emisión dos correspondentes informes sobre a súa cualificación e execución.

9. A execución e xestión das anteditas obras de interese xeral nos termos do convenio subscrito coa Administración Xeral do Estado.

10. A emisión do informe previo ao prego que sirva de base para a redacción dos proxectos correspondentes a obras de interese xeral.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

11. A emisión de informe facultativo e non vinculante, con carácter previo ao exercicio da función de emisión pola Administración do Estado de informe preceptivo en relación coa xestión das concesións demaniais recollidas no apartado 3 b).

Artigo Segundo. Traspaso de servizos

As Comisións Mixtas de traspaso de servizos precisarán os medios persoais, materiais e financeiros que sexan necesarios para o cumprimento das funcións comprendidas nos ámbitos das competencias que se transfiren na presente lei e, se é o caso, concretarán cales das funcións se realizarán a través de órganos de cooperación, ou axustarán o seu exercicio a plans ou programas de carácter xeral. En todo caso, os recursos transferidos garantirán financiamento suficiente para o desenvolvemento das funcións transferidas.

O exercicio das competencias transferidas debe ser asumido pola Comunidade Autónoma de Galiza no momento en que teñan efectividade a transferencia dos medios persoais, materiais e orzamentarios precisos; instrumentado mediante Acordo da Comisión Mixta de Transferencias Estado-Xunta de Galiza e o correspondente Real Decreto de traspaso de servizos.

Así mesmo, detallarase a documentación e expedientes dos servizos que se traspasen.

A entrega da documentación e expedientes relativos aos servizos que se traspasan efectuarase na data de efectividade do traspaso.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A entrega de bens, dereitos e obrigas, así como documentación deberá formalizarse a través da correspondente acta de entrega e recepción, que será subscrita polos órganos competentes de ambas Administracións.

Artigo Terceiro. Transferencia de competencias de execución

Transfírese así mesmo, a competencia de execución da lexislación do Estado en materia de formación e outorgamento de títulos das ensinanzas e formación específicas relacionadas coa ordenación e xestión do litoral.

Igualmente será competencia da Xunta a determinación dos requisitos profesionais e de titulación mínima e a realización das probas precisas para desenvolver funcións de practicaxe.

Artigo Cuarto. Delimitación das competencias

De conformidade co disposto nos apartados 4º e 29º do artigo 149.1 da Constitución, o contido das competencias transferidas enténdese sen prexuízo das competencias en materia de Defensa e Seguridade Pública que seguirán correspondendo ao Estado.

Artigo Quinto. Modalidades de control





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Comunidade Autónoma de Galiza adaptará o exercicio das competencias transferidas pola presente lei orgánica aos seguintes principios e controis:

- A Comunidade Autónoma de Galiza facilitará á Administración do Estado a información que esta solicite sobre as materias correspondentes.
- As facultades e servizos transferidos manterán o nivel de eficacia que teñan no momento da transferencia.

Disposición final. Entrada en vigor

A presente lei orgánica entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial do Estado. Así mesmo, será publicada no Diario Oficial de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ANTECEDENTES LEXISLATIVOS

-Constitución española de 1978.

-Estatuto de Autonomía de Galiza de 1981.

-Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas.

-Real Decreto 581/1982, de 26 de febreiro (BOE de 24 de marzo) polo que se aproban as normas de traspaso de servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galiza e funcionamento da Comisión Mixta prevista na disposición transitoria cuarta do seu Estatuto de Autonomía.

-Real Decreto 659/1985, de 17 de abril, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galiza en materia de ordenación do litoral e vertidos no mar.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2024

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 25/04/2024 13:18:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Cristina Fernández Davila** e do deputado **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre tomar medidas para garantir o acceso ao transporte público do alumnado matriculado en ensinanzas postobrigatorias nos concellos do rural galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte público debe ser un servizo fundamental que as administracións públicas deben ofrecer á cidadanía, debido ao seu carácter vertebrador, dinamizador e democratizador da sociedade.

Alén destas características, o transporte público vén de gañar, nos últimos anos, unha importancia superior, xa que debe exercer como un dos eixos fundamentais na loita contra o cambio climático, reducindo cada vez máis o uso dos vehículos privados e gañando en calidade ambiental.

Estas son algunhas das potencialidades dun bo servizo público de transporte, mais para que estas potencialidades poidan ser explotadas, é fundamental que as políticas públicas de mobilidade se deseñen en consonancia a estas potencialidades.

Atender a cuestións tan importantes como a intermodalidade, é central para conseguir facer que o uso deste servizo sexa útil e atractivo para a poboación.

Actualmente, o rural galego vive un problema maiúsculo coas súas liñas de transporte público, xa que á perda de calidade nos últimos anos, debemos engadirlle a eliminación de paradas e traxectos, atrasos etc.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cando unha usuaria dunha vila do rural quere utilizar o transporte público para moverse entre diferentes cidades, vive unha auténtica odisea, xa que as conexións entre as vilas e as cidades do rural son moi escasas e dunha duración por traxecto moi elevada.

Concretamente, se falamos das persoas que cursan estudos postobrigatorios fóra do seu concello de residencia, atopámonos cunha falta de planificación e recursos da Xunta de Galiza que fai que, de xeito reiterado, fiquen moitas desas usuarias sen poder acceder ao servizo.

É fundamental garantir un servizo de transporte público que permita que a mocidade de concellos do rural galego, sexa quen de cursar os seus estudos postobrigatorios no sistema público de ensino, sen ter que sufrir unha discriminación por orixe e sen ter que renunciar aos estudos que desexa cursar, por non existir un servizo de transporte público que cubra as súas necesidades.

Son moitas as queixas e denuncias, así o manifestaba o último informe da Valedora do Pobo, que poñen de manifesto o mal funcionamento deste servizo, a discriminación por orixe á mocidade do rural, sobre todo dende as parroquias, e unha dificultade manifesta para facer cadrar, dun xeito aceptábel, os horarios do transporte público co comezo das aulas nos centros de ensino de referencia e incluso nas universidades.

É por isto que se está a fallar na planificación e execución das políticas públicas de mobilidade interurbana no rural, xa que na contra de facilitar un desprazamento máis limpo e barato, practicamente obrigan ás usuarias e usuarios e depender dun vehículo particular.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta o Goberno da Xunta a:

1.- Garantir o acceso ao servizo de transporte público ás estudantes do ensino postobrigatorio e a súa conexión cos centros de ensino de referencia e universidades.

2.- Mellorar o servizo de transporte público por estrada no rural galego, con especial atención ás conexións das vilas coas cidades e os servizos de referencia.”

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 26/04/2024 12:01:38

Paulo Ríos Santomé na data 26/04/2024 12:06:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 26/04/2024 12:07:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a reforma do centro de saúde de Meira anunciada pola Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 2021 o Goberno do Partido Popular na Xunta anunciou a reforma do Centro de Saúde de Meira, que presta tamén servizos de PAC para os concellos da Ribeira de Piquín, Meira, A Pastoriza, A Pontenova, Riotorto e Pol.

As obras consistirían na “ampliación para instalar servizos como unha consulta de enfermería pediátrica, unha sala polivalente, unha sala de técnicas (probos complementarias, citoloxías...), un almacén ou unha sala de limpeza. Tamén se adaptarán os aseos, a recepción e o arquivo, entre outros traballos”, tal e como recolle a nota de prensa publicada pola propia Xunta.

Para levar a cabo esa reforma, o Goberno galego informaba da sinatura dun convenio co concello polo que a administración autonómica comprometía 300 mil euros destinados a sufragar a “elaboración, supervisión e aprobación do proxecto técnico, así como a contratación e dirección das obras de modernización e ampliación do centro de saúde”. Pola súa banda, o concello “comprometeríase a recoller unha bonificación do 95% do imposto sobre construcións, instalacións e obras, de acordo co disposto no artigo 103.2.a) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non sería até outubro de 2022 cando se difundiu na web de Contratos de Galicia o procedemento: AB-SER3-22-054. Contratación dos servizos de redacción de proxecto básico e de execución e dirección de obra da ampliación e reforma do centro de saúde de Meira (provincia de Lugo) por valor de 158.844,15 con IVE.

Este procedemento de contratación resolveuse con data 27-12-2022 e un importe de 127.050,00 € establecéndose un prazo de 6 meses para a execución do mesmo.

Un ano despois, en novembro de 2023 o conselleiro de Sanidade visitou Meira para anunciar o “compromiso da Xunta de Galiza co Concello de Meira” coa reforma do Centro de Saúde cunha partida orzamentaria de 200 mil euros. É dicir, anunciar de novo o xa anunciado e adxudicado mais nunca executado contrato de reforma do Centro de Saúde de Meira.

Para o Bloque Nacionalista Galego todo o acontecido arredor da necesaria reforma e ampliación do centro de saúde de Meira que acolle tamén o servizo de PAC da comarca é simplemente vergoñento e inadmisíble. Ao longo deste anos o Partido Popular non só incumpriu os seus propios anuncios senón que parece tomar por parva a veciñanza anunciando o mesmo con dous anos de diferenza.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a iniciar de inmediato as obras de reforma do centro de saúde de Meira cumprindo coa máxima celeridade e dilixencia os compromisos adquiridos coa veciñanza deste concello e da comarca.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, a Cámara insta o Goberno galego a pedir desculpas publicamente polos retrasos e incumprimentos destes anos polo prexuízo causado.”

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2024

Asdo.: **Montserrat Valcárcel Armesto**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 26/04/2024 13:14:59

María Montserrat Prado Cores na data 26/04/2024 13:18:57

Olalla Rodil Fernández na data 26/04/2024 13:19:11



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Rubén Lorenzo Gómez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, Raúl Santamaría González e Borja Vereza Fraiz** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno**.

A Xunta de Galicia, atendendo sempre ás necesidades e ás dispoñibilidades orzamentarias, leva realizando desde 2009 un traballo continuo de planificación e execución de obras en centros educativos da nosa comunidade.

Non se pode esquecer que as infraestruturas educativas son fundamentais para a prestación dun servizo educativo de calidade, equidade e igualdade, termos que desde o Partido Popular consideramos que deben marcar a direccións das políticas educativas de Galicia.

Na actualidade o noso sistema conta cuns 1.100 centros educativos repartidos polas catro provincias galegas e presentes no 90% dos concellos. Un importante sistema que precisa dunha constante adaptación ás novas realidades educativas, sociais e tecnolóxicas.

A través de recursos propios, recollidos nos correspondentes orzamentos autonómicos anuais, a Administración educativa galega está a afrontar obras e actuacións de mellora que permiten que Galicia estea a renovar progresivamente as instalacións educativas existentes, xa que se considera un elemento que redunde no benestar do alumnado galego e na calidade do propio sistema educativo.

O Grupo Parlamentario Popular reconece que a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades ten como prioridade manter e mellorar os centros educativos de Galicia. Desde esta perspectiva, o Goberno galego desenvolve o Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica desde o ano 2021, unha folla de ruta a través da que se aborda a actualización e a mellora das infraestruturas educativas, adaptándoas ás esixencias dun ensino moderno e integrador.

Desde o inicio da súa execución, a Xunta de Galicia impulsou máis de 1.355 obras en centros escolares. Das cales, 270 correspondéronse a grandes actuacións e o resto,



máis de 1.000 actuacións, a traballos de mediano e pequeno impacto. Tamén se realizaron, neste ámbito, máis de medio centenar de instalacións fotovoltaicas, enfocadas a seguir avanzando cara centros educativos máis respectuosos co medio.

Sen dúbida a Xunta está a facer un importante esforzo en materia de mellora de infraestruturas educativas, mais o Grupo Parlamentario Popular cree que este traballo autonómico e, nalgúns casos, os esforzos que teñen que acometer os concellos, debería verse reforzado e acompañado con recursos achegados desde o Estado aproveitando os fondos europeos para a recuperación e a resiliencia previstos para estes anos.

Por todo o exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que solicite ao Goberno de España un fondo específico de cooperación territorial, dotado con fondos europeos, para que as Administracións autonómicas e locais, dentro das súas respectivas competencias, contén con máis recursos coa finalidade última de mellora dos centros educativos e adaptalos aos novos retos da sociedade actual”.

Santiago de Compostela, 26 de abril 2024.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 26/04/2024 13:54:16

Rubén Lorenzo Gómez na data 26/04/2024 13:54:29

Patricia García González na data 26/04/2024 13:54:47

Dolores Hermelo Piñeiro na data 26/04/2024 13:54:59

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





Raúl Santamaría González na data 26/04/2024 13:55:09

Borja Vereza Fraiz na data 26/04/2024 13:55:20

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Cristina Fernández Davila** e **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a situación dos Conservatorios de Música Municipais galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza existe unha rede de Conservatorios con ensinanzas especiais no ámbito musical regradas e que as competencias son asumidas polos concellos onde se atopan situados, aínda tendo alumnado que reside nos concellos próximos ou incluso de vilas onde os conservatorios da Xunta se atopan sen prazas vacantes dos instrumentos escollidos polas estudantes. Amais temos centros que reciben estudantes do país veciño, Portugal.

Este é o caso de 23 conservatorios en todo o País. Concellos tan diversos como Tui, O Barco de Valdeorras, Vilagarcía de Arousa, Carballiño, Redondela, Ponteareas, Viveiro, Carballo, Cangas ou Monforte de Lemos entre outros, que deben asumir a xestión e o custo practicamente completo dos centros educativos de Música, con titulación oficial e regrada, no Grao Profesional e que dependen directamente da Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e FP.

Deste xeito, danse unha serie de circunstancias absurdas e contraditorias que só teñen o obxectivo claro, por parte da administración autonómica, de non asumir a competencia propia da Consellaría de Educación e así evitar os custos que supón o mantemento, dotacións e recursos, tanto materiais (instrumentos por exemplo) e dos docentes e non docentes do cadro de persoal.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non parece apropiado que un concello asuma o custo desta etapa formativa ao alumnado matriculado no Conservatorio cando a súa residencia está noutro concello. Tampouco debера suceder que teña que facerse cargo do custe da contratación dun programa informático concreto que xestione as actas, solicitude de títulos... de xeito normalizado segundo os criterios da Consellaría.

Por outra parte, o alumnado matriculado nos conservatorios municipais están nunha situación clara de discriminación con respecto ao alumnado de conservatorios dependentes da Xunta e situados nas cidades (Vigo, Pontevedra, Santiago, A Coruña, Ferrol, Ourense ou Lugo), por cuestión do importe das taxas, que nos centros municipais sempre son maiores por mor do custo do servizo, recollido en ordenanzas municipais, aínda que non cobren unha mínima parte do necesario, permitido polas Intervencións Municipais por considerarse un servizo de interese xeral.

Tampouco, estes centros municipais, teñen acceso ás listaxes de profesorado da Consellaría para a substitución de baixas laborais, permisos ou vacacións, ou incluso para cubrir vacantes, dándose en numerosas ocasións situacións de imposibilidade de cobertura das mesmas e a consecuente falta de atención docente ao alumnado. Estas clases perdidas son practicamente imposible de recuperar por cuestión de horarios e incompatibilidade do alumnado con outros estudos ou actividades.

Por outra parte, os concellos onde se atopan estes centros educativos Municipais, teñen unha longa tradición de agrupacións de diferentes ámbitos musicais e unha gran demanda de prazas, polo que non é factible a súa desaparición e peche.

Polo tanto, este posicionamento por parte do Goberno da Xunta de Galiza con respecto ao abandono das súas competencias está xerando un espolio de recursos dos Concellos. Éstes asumen a xestión e gastos que xeran servizos como as Escolas Infantís, Residencias de Maiores, Colexios no rural, Servizo de Axuda no Fogar, e un longo etc., minguando dese xeito os recursos orzamentarios en millóns de euros e deixando de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

executar actuacións, servizos e obras que si son competencia propia da administración local.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

- Asumir as súa competencia con respecto aos Conservatorios con titulacións oficiais, xestionar e costear o servizo educativo na súa totalidade: mantemento, dotacións, materiais educativos e instrumentos, persoal docente e non docente.

- En tanto planifican, asumir a competencia dos conservatorios municipais galegos, convocar axudas aos concellos que cubran os custos da súa xestión, colaborar na substitución ou cobertura de prazas vacantes do persoal docente mediante as listaxes da Consellaría de Educación e proporcionar as ferramentas informáticas que se precisen.

- Crear unha rede de conservatorios profesionais de música, agrupando os centros por comarcas, de acordo a criterios territoriais de proximidade, así como de poboación total, tendo en conta unha oferta equilibrada territorialmente e atendendo aos datos de poboación e propostas dos diferentes Concellos.

- Escoitar previamente ás direccións dos centros e as comunidades educativas e aos Concellos para avanzar no obxectivo de que pasen a ser Conservatorios da Xunta de Galiza.”

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 29/04/2024 09:30:44

Mercedes Queixas Zas na data 29/04/2024 09:37:49

Ana Pontón Mondelo na data 29/04/2024 09:38:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Alexandra Fernández Gómez** e do deputado **Iago Suárez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a pésima tramitación do Programa bono alugueiro mocidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O *Observatorio de Emancipación del Consejo de la Juventud de España* sinala no seu último informe que a taxa de emancipación entre 16 e 29 anos en Galiza baixou 1,2 puntos porcentuais nun ano, situándose no 15,3%. Esta evolución negativa contrasta coa leve melloría na media do conxunto do Estado, que mellora nun punto a media galega. Estes malos datos evidencian as pésimas políticas públicas por parte da Xunta en materia de vivenda e da falla de preocupación ante este drama social.

Hai múltiples causas que condicionan as dificultades de acceso á vivenda da mocidade, como son a precariedade laboral ou o incremento de prezos do mercado da vivenda. Cuestións, todas elas, ante as que o executivo galego non está a pór medidas que faciliten a emancipación da xente moza.

Ao contrario, a Xunta non ten impulsado ningún programa específico que permita aos mozos e mozas lograr unha vivenda a prezos accesibles. Nin a través de axudas específicas, nin a través dunha bolsa de vivenda pública, ou a prezos limitados, suficientes.

A única medida que existe neste momento é o Programa bono alugueiro mocidade impulsado dende o Goberno. Un programa con recursos insuficientes para





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

chegar a todos os posibles receptores anunciados. Ante isto nin a Xunta de Galiza nin o goberno central amplían a súa aportación. Tampouco o goberno galego establece outras liñas de axuda propias, como si teñen outras CCAA.

En conclusión, en materia de emancipación o goberno de Rueda actúa apenas como unha oficina de xestión e tramitación dunha medida estatal insuficiente, sen vocación de actuar máis alá e de exercer as súas competencias nesta materia. O que resulta aínda máis grave é que incluso boicotean esa política de mínimos obstaculizando a tramitación da axuda estatal.

En primeiro lugar produciuse unha demora na convocatoria das axudas en 2022. En segundo lugar, houbo unha negativa por parte do goberno galego de adecuar as bases da convocatoria das axudas á realidade dos pisos compartidos, tal e como o demandou este grupo. En terceiro lugar, volven a acumularse demoras na tramitación e notificación das axudas.

Segundo a propia convocatoria das axudas, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do procedemento é de 3 meses. Xa en outubro de 2022, dende o BNG advertimos que non se estaban a respectar os prazos marcados e instamos a Xunta a cumprir escrupulosamente os prazos de ditame e notificación das resolucións nas solicitudes.

Durante todo o ano 2023 a Xunta mantivo a convocatoria de 2022 aberta e non foi até xaneiro de 2024 cando a directora técnica de Fomento do IGVS certificou o esgotamento de crédito da convocatoria de 2022. Por se fose pouco o retraso, non foi até o 15 de marzo que o director xeral do IGVS, ditou as resolucións polas que se denega a subvención do Programa, unha vez transcorrido o período electoral.

De forma que son centos os mozos e mozas que veñen de recibir unha notificación en abril de 2024 dunha convocatoria de axudas do ano 2022. Non é





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

admisible que os mozos e mozas que a solicitan, teñan que estar anos costeando do seu peto o aluguer íntegro, mentres agardan con incerteza se lograrán ser un dos afortunados que recibirán a axuda, porque son miles as solicitudes que se rexeitan. Esta demora acaba por supor un boicot á propia vocación da axuda, que é dar soporte a esa persoa moza que non se emancipa porque o salario non lle alcanza para pagar unha vivenda. Se este bono chega, con sorte, anos despois deixa de ser útil para ese cometido.

Por tanto a Xunta de Galiza ten todo por facer en materia de emancipación. Ten que deixar de boicotear as axudas estatais e ten que desenvolver unha política propia de emancipación, con medidas e investimento suficiente.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:

- Realizar a convocatoria do programa bono alugueiro mocidade para o ano 2024.
- Solicitar ao goberno central un incremento da aportación realizada e aumentar con fondos propios a partida destinada ao bono alugueiro mocidade, de forma que permita ampliar o número de potenciais beneficiarios.
- Adecuar os criterios e as contías á realidade do mercado inmobiliario.
- Cumprir de forma escrupulosa os prazos de ditame e notificación das resolucións.
- Adecuar o Programa de bono alugueiro mocidade á realidade dos pisos compartidos, pasando a considerar que no suposto de contratos de arrendamento de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

vivendas con varias persoas arrendatarias e convivintes sen relación de parentesco, o límite máximo de importe de prezo do alugueiro sexa proporcional a dito número de persoas.

- Despregar programas propios de emancipación da Xunta, que de forma complementaria, dea cobertura aos mozos e mozas con poucos recursos que quedan excluídos do Programa de bono alugueiro mocidade, como son a mocidade que se despraza por motivos de estudo sen contrato laboral.

- Implementar, dende o IGVS, unha oficina de información e orientación á emancipación, ofrecendo atención individualizada e adecuada segundo as franxas de idade, o xénero ou a situación socioeconómica.”

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Iago Suárez Fernández

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 29/04/2024 10:53:10

Iago Suárez Fernández na data 29/04/2024 10:58:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 29/04/2024 10:58:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Daniel Castro García** e da deputada **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a necesidade de que o goberno da Xunta de Galiza solicite a transferencia das competencias das bolsas de axuda ao estudo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O noso autogoberno permite que o noso país poida xestionar a súa educación coa inmensa maioría das competencias. Pese a isto, segue habendo decisións que o noso goberno non pode tomar porque seguen en mans do Estado. Un exemplo importante é o das bolsas de axuda ao estudo tanto universitario como non universitario.

Por esta razón, o Bloque Nacionalista xa no 2019 reclamaba no Parlamento galego a transferencia das competencias cunha iniciativa que acadaba o acordo unánime da cámara. Un acordo que, contrariamente ao acordado, non acabou por efectuarse.

Por esta razón é necesario que o goberno galego volva reclamar estas competencias para conseguir que as bolsas de axuda ao estudo sexan máis áxiles, máis adaptadas á realidade galega e sobre todo máis amplas.

Esta medida non é algo excepcional no Estado, xa que tanto Catalunya como Euskadi xa contan con esa competencia nos seus respectivos gobernos, algo que mostra que Galiza pode contar con esta competencia sen ningún tipo de problema. Iso si, esta medida tería que vir acompañada da dotación orzamentaria e de persoal necesario.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a dirixirse ao Goberno do Estado para reclamar a transferencia das competencias relacionadas coa administración das bolsas de axuda ao estudo, vindo estas acompañadas da dotación orzamentaria e do persoal necesario.”

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2024

Asdo.: **Daniel Castro García**

Cristina Fernández Davila

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 29/04/2024 11:19:27

Cristina Fernández Davila na data 29/04/2024 11:24:21

Ana Pontón Mondelo na data 29/04/2024 11:24:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Oscar Insua Lema Iago** e **Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para mellorar a financiación dos concellos en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os problemas que están sufrindo a gran maioría dos concellos galegos pola falla dunha xusta financiación das súas economías, non é unha novidade para o goberno e os anos pasan sen que a Xunta pareza disposta a resolver a curto prazo unha demanda unánime no municipalismo. As resolucións sobre financiamento local, sobre a autonomía e competencias locais e o desenvolvemento estratéxico aprobada na XI assemblea da FEGAMP de novembro do pasado ano, analizan a situación actual e resumen perfectamente cales son os retos a superar nesta lexislatura.

A respecto do financiamento local, este problema estrutural agrávase pois ao inmovilismo financeiro do Estado e das CCAA hai que engadir a continúa atribución de competencias e o incremento do requirimento das propias ás entidades locais, que xa veñen anunciando a posibilidade dunha nova crise a nivel municipal. A última reforma do financiamento local é do ano 2004, que non se actualizou no ano 2010 coa reforma do financiamento autonómico, polo que o sistema leva 20 anos sen renovarse, namentres aumentan a un ritmo acelerado os servizos que teñen que prestar e asumir os concellos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Artigo 142 da tan aclamada Constitución española que establece que as Facendas locais deberán dispor dos medios suficientes para o desempeño das funcións que a lei atribúe ás Corporacións respectivas e nutriranse fundamentalmente de tributos propios e de participación nos do Estado e das Comunidades Autónomas, é incumplido de forma reiterada polas administracións encargadas de repartir os fondos de financiación. No ano 2023, mentres que a Xunta percibía 8.788 millóns de euros na entrega a conta do sistema de financiamento local, os concellos só percibiron 729 millóns de euros.

O artigo 9.7 da Carta Europea da Autonomía Local establece que “*na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non deben ser destinadas ao financiamento de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia*”, mais a realidade é que en contra do establecido tamén no acordo da Comisión Galega de Cooperación Local, no que se especificaba o carácter incondicionado do Fondo de Cooperación local, este acadou o ano pasado o maior nivel de condicionamento, segundo se desprende dos estudos da propia FEGAMP, tendo cada vez máis peso as transferencia finalistas da Xunta de Galiza, a pesar xa da baixa participación dos concellos nos ingresos que recada. O propio goberno admite na memoria dos orzamentos do 2024, que no ano 2023 destinou ao Fondo de Cooperación Local 143,4 millóns de euros, mentres que din que puxeron a disposición dos concellos galegos un total de 564,3 millóns de euros, a través de distintas liñas de axudas, polo que é patente o carácter condicionado do 75 % dos fondos destinados aos concellos.

A Dirección Xeral de Administración Local, configurada no artigo 29 do Decreto 117/2022, do 23 de xuño, é o órgano encargado da xestión das competencias que se lle atribúen á Xunta de Galiza en materia de Administración local á que lle corresponden as relacións coas entidades locais, en particular a coordinación das





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

políticas públicas en materia de Administración local, a xestión en materia de pacto local, a proposición das directrices en relación cos programas de cooperación e financiamento local e, en especial, co Fondo de Cooperación Local ou o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións destinadas a elas.

O pasado ano a Directora Xeral de Administración Local, anunciaba o inicio dos traballos da comisión técnica de delimitación competencial encargada de avaliar os estudos da Xunta no marco dun acordo coa Universidade de Santiago de Compostela e o presentado pola Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) co obxectivo de clarificar as competencias das administracións autonómica e local. A comisión técnica quedou encargada de contrastar as conclusións de ambos estudos, de maneira que se estableceran as competencias que debe asumir cada administración e en que medida, avaliando se cada administración está a asumir os seus compromisos e cuantificando o custo de cada servizo e os recursos dispoñibles.

A día de hoxe nada se sabe dos traballos desta comisión, namentres que os concellos galegos seguen a soportar unha carga económica insostible en moitos servizos, no que máis, no servizo de axuda no fogar que xestionan e prestan aos usuarios dependentes, sobre todo nos concellos de menos de 20.000 habitantes, e en especial nos de menos de 5.000, asumindo unha competencia que non é propia, e que xestionan por delegación da propia Xunta de Galiza, que non está acompañando dito mandato coa financiación oportuna e suficiente, provocando o seu afogo económico ao ter que asumir estes máis do 50% do custe do servizo, e provocando que algúns deles non poidan ofrecer todas as horas concedidas de dependencia aos usuarios por falta de orzamento propio na parte que están a cofinanciar. A situación é extrema e preocupante, cando existen xa máis de medio centenar de municipios que duplican o período máximo legal para pagar facturas, e outros teñen necesidade de executar plan de axustes





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

económicos financeiros e namentres, o goberno da Xunta segue sen reaccionar, abandonando a todos os concellos á súa sorte.

A FEGAMP, na súa última Asemblea Xeral xa manifestou, entre outras moitas demandas, que é necesario, ademais de crear os marcos legislativos oportunos, incluída a aprobación definitiva dunha norma reguladora das facendas locais de Galicia (tal como dispón a Lei do local galega de 1997), modificar o actual sistema de participación das entidades locais nos tributos do Estado e da Comunidade Autónoma, mellorar o réxime de transferencias, tanto do Estado como da Comunidade Autónoma, onde o xa obsoleto réxime de subvencións reiteradas, periódicas e condicionadas segue a ser a regra, cando debería ser substituído, por programas de colaboración económica municipal dotados co financiamento axeitado, e actualizar e reformar profundamente a Lei da Administración Local de Galiza, que ten máis de 26 anos, para mellorar a definición do papel das entidades locais e concellos, clarificando as competencias de cada unha.

A autonomía local non se pode entender sen autonomía financeira como así ten sinalado o Congreso de Poderes Locais e Rexionais do Consello de Europa. Polo que é preciso dar unha solución definitiva a un problema que se acentúa a diario e que leva esperando xa vinte anos, un problema que se resolve cun financiamento axeitado, incondicionado e estable dos concellos galegos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Dar a coñecer os traballos realizados ata o momento pola comisión técnica de delimitación competencial.

- Incrementar para este ano o Fondo Galego de Cooperación, de modo provisional e urxente, con carácter de financiamento incondicionado, reducindo as liñas de axudas con carácter finalista e integrándoas no propio FGC.

- Aprobar unha lei galega de facendas locais que regule a participación dos concellos nos ingresos das distintas Administracións, consensuada con estes e clarificando a participación anual e os criterios de reparto.”

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2024

Asdo.: **Oscar Insua Lema**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 29/04/2024 11:55:10

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/04/2024 12:05:43





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 29/04/2024 12:05:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Cristina Fernández Davila** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a situación da atención sanitaria na Unidade de Saúde Mental de Ponteareas, referente na Comarca Condado-Paradanta.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro de saúde de Ponteareas acolleu hai pouco máis dun ano a Unidade de Saúde Mental. Un servizo que foi reclamado durante anos pola cidadanía, o goberno do Concello, así como daquelas asociacións e fundacións sen ánimo de lucro que atenden a persoas con enfermidades mentais na comarca do Condado-Paradanta.

Era unha cuestión vital achegar este servizo sanitario a unha localidade que é referente para este colectivo nunha comarca tan rural como esta e con garantía de ter transporte público para trasladarse dende o seu enderezo ao centro de saúde, tendo en conta a situación na que se atopan estas doentes a nivel persoal.

Dende entón, moitas foron as persoas que solicitaron atención especializada e terapia psicolóxica por primeira vez. Doentes que estaban aislados no seu domicilio, sen familia de referencia, ou atendidos ocasionalmente por algunha entidade social.

Fíxose cargo tamén do seguimento e terapia doutras moitas doentes que se incorporaron xa diagnosticados e que eran atendidos en Vigo, facilitándolles os desprazamentos (a veces imposible chegar a Lavadores) e deulles máis autonomía persoal.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero neste período de tempo a Unidade de Saúde Mental non cumpriu as expectativas e necesidades de todas estas persoas doentes. Creada inicialmente con escasos recursos profesionais, 2 psiquiatras, un psicólogo, unha enfermeira e unha administrativa, estes están minguados, aínda máis se cabe, cada vez que algunha destes profesionais están de baixa laboral, de permiso ou vacacións, de igual xeito que acontece co resto do persoal sanitario e non sanitario do Centro de Saúde de Ponteareas.

Na actualidade a situación para estas doentes, as familias ou colectivos que os atenden é insostible:

1.- Das dúas psiquiatras, unha permanece de baixa laboral dende o 1 de marzo. Non foi substituída e as citas anuláronse dende ese día. Dous meses sen asignar unha nova data, nin previsión de ningún tipo. Para moitas doentes é imprescindible este seguimento que provoca un desvío á atención hospitalaria e a atención primaria, que non pode prescribir medicación.

Durante estes dous meses sen cubrir esta praza de psiquiatría deixáronse de atender máis de 500 persoas con enfermidades mentais ás que non se lles está dando posibilidade de ser atendidas noutra unidade especializada.

2.- A primeira cita para a psicóloga alóngase un ano, polo que a atención sanitaria límtase a tratamento farmacolóxico e non ás terapias que son necesarias, tendo que recorrer, como xa vai sendo habitual en casos urxentes e cando se ten posibilidades económicas, á atención psicolóxica en gabinetes ou clínicas privadas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta ao goberno da Xunta de Galiza a:

1.- Dotar a Unidade de Saúde Mental de Ponteareas do persoal especializado sanitario necesario para substituír as baixas laborais, vacacións e permisos e así prestar unha atención sanitaria de boa calidade á poboación de Ponteareas e a súa Comarca.

2.- Ampliar o número de prazas do cadro de persoal da Unidade de Saúde Mental de Ponteareas para poder atender toda a demanda de persoas con enfermidades mentais da Comarca Condado-Paradanta para que as revisións se fagan regular e periódicamente en tempos razoables, así como para garantir as terapias psicolóxicas que sexan necesarias.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/04/2024 19:39:22

Cristina Fernández Davila na data 29/04/2024 19:39:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 29/04/2024 19:39:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Daniel Castro García** e **Oscar Insua Lema**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a necesidade de que a Xunta estude a creación dun Consorcio público do que formen parte a administración autonómica, as entidades locais e as universidades para a capacitación e as competencias dixitais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai xa anos, a sociedade galega viu como a necesidade de estar conectado e ter uns coñecementos medios sobre o mundo dixital é cada vez máis importante. A pesar desta realidade e por desgraza, vemos como segundo o CES (Memoria 2022), Galiza é a comunidade con menor grao de dixitalización (conectividade, capital humano e uso das TIC), xunto con Extremadura, Castela-A Mancha, Castela e León e Cantabria. Só recibe formación en Tecnoloxías da Información e Comunicación o 14,1% das persoas empregadas. Así, Galiza era a 4ª CCAA con menor porcentaxe en 2021.

Ante esta realidade obxectiva faise cada vez máis necesario que o goberno galego teña unha aposta decidida pola capacitación e alfabetización dixital mediante políticas públicas que impliquen a todos os actores como a propia Xunta de Galicia, os concellos e as universidades públicas galegas. O obxectivo central desta estratexia sería a de reforzar as competencias dixitais das empresas, con especial atención ás PEMES, ás persoas autónomas, ás profesionais e en xeral ás persoas traballadoras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a estudar a creación dun Consorcio público para a capacitación e as competencias dixitais do que formen parte a administración autonómica, as entidades locais e as universidades públicas galegas.”

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2024

Asdo.: **Daniel Castro García**

Oscar Insua Lema

Deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 30/04/2024 09:35:00

Óscar Insua Lema na data 30/04/2024 09:39:00

Ana Pontón Mondelo na data 30/04/2024 09:39:19



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

Na mañá do 29 de abril os pais en nais convocados pola ANPA do CEIP Plurilingüe Irmáns Villar de Ourense concentrábanse ás portas do CEIP para transmitir a indignación das familias ante a problemática e falta de planificación da Consellería de Educación.

Manifestan que de cara ao vindeiro curso escolar 2024-2025 hai unha insuficiencia de prazas ofertadas no IES Otero Pedrayo para 1º ESO con relación á demanda do seus 3 centros adscritos (CEIP A Inmaculada, CEIP Plurilingüe Amadeo Barroso e CEIP Plurilingüe Irmáns Villar). A dita oferta é de 84 prazas para 97 solicitudes presentadas. Polo tanto, quedan fóra 13 persoas dos centros adscritos. Once delas pertencen ao CEIP Plurilingüe Irmáns Villar.

Segundo a Anpa, tras manter tres reunións coa Xefatura Territorial e o seu equipo (Inspección e Admisión) e tamén coa delegada da Xunta en funcións, non conseguiron que presentaran ningunha solución práctica. Só propuxeron agardar e confiar en que non todas as reservas formalizaran a solicitude de admisión no IES Otero Pedrayo, feito que agora vemos non aconteceu.

O Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, que regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos recolle o seguinte:

- No capítulo 1, artigo 2, punto 2 dise que a persoa titular da Xefatura Territorial da Consellería competente en materia de Educación delimitará as áreas de



influencia. No punto 3: para determinar as áreas de influencia terase en conta que exista un centro docente público e a súa capacidade e a poboación que hai que escolarizar no seu entorno.

- No artigo 3, recóllese que os centros públicos adscritos a outros que imparten etapas diferentes “consideraranse centros únicos” para aplicar os criterios de admisión do alumnado. A estes efectos, o concepto centro único comprende unicamente ao centro adscrito e ao centro de adscrición do nivel inmediato superior.

En canto á Orde de 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o decreto 13/2022 dispón o seguinte no seu capítulo 1, artigo 2, punto 2:

“A persoa titular da Xefatura Territorial da Consellería competente en materia de Educación terá en conta:

- a) A previsión de permanencias.
- b) Os postos reservados ao alumnado procedente do centro adscrito.”

No ano 2015 escolarizáronse as persoas nadas no 2012 e seguindo a evolución do seu ciclo educativo no curso 2024/2025 farán a súa incorporación á Educación Secundaria Obrigatoria. Así pois, son datos coñecidos de antemán pola Xefatura; igual que o número de prazas dispoñibles no IES Otero Pedrayo.

Estamos a falar de que a 97 nenos/as con idades comprendidas entre os 12 e 13 anos se lles vai privar do seu dereito a continuar os seus estudos obrigatorios cos seus compañeiros e compañeiras, no seu entorno e no centro ao que pertencen.



Entende a Anpa e este grupo parlamentario que houbo unha total falta de planificación para estes centros, a cal queremos denunciar para que se adopten as medidas correspondentes.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que corrixa a insuficiencia de prazas ofertadas no IES Otero Pedrayo para 1º da ESO en relación coa demanda do seus 3 centros adscritos.

Parlamento de Galicia, 30 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 30/04/2024 10:03:31

Julio Abalde Alonso na data 30/04/2024 10:03:42

Silvia Longueira Castro na data 30/04/2024 10:03:55

José Ramón Gómez Besteiro na data 30/04/2024 10:04:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Iria Taibo Corsanego** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a necesidade de impulsar o sector do libro galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A literatura galega é unha das nosas expresións culturais máis recoñecidas dentro e fóra de Galiza e unha das plataformas de internacionalización cultural, lingüística e identitaria de maior proxección.

No entanto, a representación do sector do libro galego non está a ser valorada de forma consecuente na política cultural da Xunta como demostra un valor en continuo decrecemento nos exercicios orzamentarios do goberno do Partido Popular, que acumula un elevado volume de perda de investimentos desde 2009.

En termos absolutos o orzamento dedicado ao sector do libro galego apenas supera en 2024 o 50% do orzado en 2009. E, malia acrecentarse nos orzamentos de 2024 no programa 432A a partida para promoción do libro e da lectura, fica esta aínda moi lonxe do impulso recibido durante o goberno 2005-2009.

Un descenso investidor progresivo que se repite se atendemos ao total destinado para a área de cultura nos orzamentos da Xunta de Galiza para este ano, pasando a representación do libro do 3,92% de 2009 ao 2,69% para 2024.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha falta de investimento que confirma a falta de confianza neste sector tan representativo na creación cultural e que se traduce na falta dun proxecto político que conte coa participación dos axentes literarios, sempre ignorados e desatendidos nas súas demandas.

A incapacidade para aprobar o tan anunciado como inexistente Plan de dinamización de lectura é boa proba da ausencia de calquera estratexia que aspire a converter o libro galego nun eixo social, económico e cultural.

O retroceso no apoio á literatura galega por parte do PP reforzouse coa mudanza de criterios na convocatoria de axudas á compra de fondos bibliográficos para bibliotecas ao eliminar a porcentaxe mínima de compra de libros en galego e obrigar á compra dun mínimo do 50% en castelán.

Asemade, ao longo dos quince anos de goberno do PP sucedéronse as confrontacións cos axentes que conforman a cadea de valor do libro desde a creación até a distribución entre o público, devaluouse a funcionalidade do Consello Asesor do Libro, someteuse o sector ao escándalo público cunha escandalosa resolución de convocatorias de axudas á tradución, renunciouse a planificar unha política de internacionalización do libro galego consensuada co sector, etc.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a consensuar co sector do libro galego un paquete de medidas encamiñadas a reactivar o seu compromiso con este sector económico e cultural fundamental para desenvolver na actual lexislatura.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Taibo Corsanego

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 30/04/2024 10:03:51

Iria Taibo Corsanego na data 30/04/2024 10:07:48

Daniel Castro García na data 30/04/2024 10:08:25

Ana Pontón Mondelo na data 30/04/2024 10:08:39



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu **debate en Pleno**.

No mes de xuño do ano 2023 aprobouse no Parlamento o V Plan Director de Cooperación. Desde o Grupo Parlamentario Socialista, aínda que denunciámos algunhas carencias, apoiámos este novo plan porque entendíamos que podía ser unha oportunidade para que a Xunta demostrase unha verdadeira vontade de cambio en relación coa súa política de cooperación, e así marcar o paso, abrir fendas polas que avanzar, en coordinación co Estado, cara a políticas que garantan vidas dignas, contornos saudables e en paz en todo o planeta.

Meses despois e de forma sorprendente o Goberno da Xunta presenta uns orzamentos para o 2024 nos que racha todo o consenso existente en materia de cooperación por incumprir os acordos acadados coas entidades do sector e o aprobado no Plan Director consistente en aumentar as partidas para o desenvolvemento e a cooperación dun modo equivalente ou superior ao crecemento rexistrado no total do orzamento.

Pois ben, no ano 2024 aprobáronse por parte do Goberno da Xunta uns dos orzamentos máis elevados da historia cunha suba do 5 % con respecto aos de 2023, pero a partida do programa 331A referida á cooperación para o desenvolvemento incrementouse menos do 0,1 %.

Lembrar que o orzamento destinado a este fin era do 1 % no período bipartito e cando o PP chegou á Xunta de Galicia recortou o mesmo coa escusa da crise económica deixándoo case sen financiamento pero esta actitude mudou, e tras



moito diálogo acadouse no ano 2018 un consenso que implicaba a suba progresiva desta partida crecendo anualmente estes fondos ata 2023 un 11 % de media.

Somos unha das CC.AA que menos destina a axuda para o desenvolvemento o 0,06 % mentres que a media está en 0,13 % e neste contexto internacional tan convulso no que nos atopamos é cando as ONGD e as poboacións máis vulnerables do mundo necesitan máis apoio. Hai millóns de persoas tratando de sobrevivir que precisan de apoio internacional.

Desde o Grupo Socialista esiximos a este goberno que explique este cambio de rumbo tan insolidario e que rectifique habilitando máis fondos para que as ONGD que están completamente superadas polas emerxencias humanitarias, arriscando a súa vida en condicións insoportables e sendo perseguidas por defender os dereitos humanos poidan desenvolver os seus proxectos.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a cumprir os compromisos orzamentarios contidos no V Plan Director de Cooperación aprobado no mes de xuño de 2023.

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 30/04/2024 10:20:12

Patricia Iglesias Rey na data 30/04/2024 10:20:25





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2024 10:25:31
Nº Rexistro: 2792
Data envío: 30/04/2024 10:25:31.426

José Ramón Gómez Besteiro na data 30/04/2024 10:20:37

CSV: BOPGDSPG-vpZKbAoqt-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

7998

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Brais Ruanova Vilas-Boas** e da deputada **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o pacto ambiental asinado entre a Xunta e ENCE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 28 de xuño de 2016 a Xunta e a empresa ENCE asinaron un “pacto ambiental” que incluía a realización de diferentes investimentos por parte da empresa, como resultado dun acordo político logo da concesión irregular dunha prórroga extraordinaria á empresa para a permanencia en Lourizán por 60 anos máis.

Na presentación do acordo participaron en representación da Xunta a daquela conselleira de medio ambiente, Beatriz Mato, e o entón vicepresidente do goberno, Alfonso Rueda.

O pacto ambiental, que prevía a creación dunha comisión mixta de seguimento, incluía como principais actuacións as seguintes:

-Investimentos por valor de 30 millóns de euros para a mellora da eficiencia no complexo industrial de Lourizán, nomeadamente a documentación correspondente ao investimento de 15 millóns de euros no tratamento e rexeneración de augas no complexo.

-Investimentos realizados ao abeiro do programa marco de actuacións de carácter social e ambiental, dotado con 3 millóns de euros anuais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Investimento de 15 millóns de euros na ampliación e modernización da EDAR dos Praceres.

-Investimento de 16,6 millóns de euros na creación dun Centro de investigación e desenvolvemento especializado na explotación sustentábel dos recursos forestais.

-Investimento na construción dun novo centro de coxeneración de biomasa nas instalacións de Lourizán, así como de tres novos centros de bioenerxía en diferentes puntos de Galiza.

Logo de máis de 6 anos desde a sinatura do acordo, hai constancia do incumprimento de varias das actuacións previstas, polo que o goberno galego debe dar cumprida información ao respecto.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a enviar aos grupos parlamentares un informe sobre o desenvolvemento e grao de cumprimento dos compromisos incluídos no “pacto ambiental” con ENCE, incluíndo a información correspondente ás reunións da comisión mixta de seguimento e a relación de todas as axudas concedidas ao abeiro do programa marco de actuacións de carácter social e ambiental.”

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2024

Asdo.: **Montserrat Valcárcel Armesto**
Brais Ruanova Vilas-Boas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 02/05/2024 09:59:57

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 02/05/2024 10:06:33

Luis Bará Torres na data 02/05/2024 10:06:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e das deputadas **Noa Presas Bergantiños**, **Cristina Fernández Davila** e **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a paisaxe cultural da Serra do Suído como BIC.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A serra do Suído forma parte do sur da Dorsal Galega, un sistema montañoso que se estende de norte a sur de Galiza e que na provincia de Pontevedra está conformado polas serras do Candán, O Cando, O Testeiro, O Faro de Avión e O Suido.

O Suído esténdese por polos concellos de A Lama, Avión, Beariz, Covelo, Fornelos e Mondariz ao longo de 492 km², configurando un espazo con identidade propia, con unha historia común e con unha grande riqueza natural e cultural.

A serra representa unha mesma unidade etnográfica, composta por toda a rede de construcións gandeiras estacionais da Serra do Suído e Alto Tea. Os chozos ou chozas, sesteiros, curralas e cortellos ou parideiras atópanse diseminados de tal modo que se insiren na paisaxe beneficiándose das súas características ambientais e orográficas, para se asentar ora nas pequenas valgadas e chans, para aproveitaren os seus pastos, ora nos cumes ou cotos para aproveitaren a tendencia espontánea do gando para sestar neles.

Estas construcións facíanse mediante a técnica da “pedra seca” ou “cachotería en seco”, unha técnica de construción tradicional que foi incluída na listaxe do patrimonio inmaterial da UNESCO no ano 2018.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Empregáronse até a segunda metade do século XX para o pastoreo do gando na estación estival. Organizábase mediante un sistema de rolda, na que participaba de xeito rotatorio a veciñanza dos lugares aos que pertencía cada chozo.

A paisaxe da serra do Suido foi recoñecida como Paisaxe Cultural polo Instituto del Patrimonio Cultural de España (IPCE) e incluída no Plan de Paisaxes Culturais na categoría de “Actividades agrícolas, gandeiras e forestais” nas que se inclúen os “sistemas agro-silvo-pastorís históricos”.

Ademais dos conxuntos etnográficos relacionados coa actividade gandeira, na serra teñen unha importante representación os foxos ou “forças” do lobo, construcións de grandes dimensións situadas nas valgadas e formadas por valados en forma de V que converxen nun pozo (foxo) a onde se conducía o lobo en batidas colectivas. No Suído e Alto Tea existen 6 foxos do lobo, o máis espectacular dos cales é o Foxo da Portela, no Coto de Eiras.

Outras das manifestacións senlleiras do Suído son os camiños tradicionais, pola situación estratéxica do Suído como lugar de paso entre importantes comarcas do país. Cabe sinalar a este respecto o Camiño dos Arrieiros, que comunica O Ribeiro con Pontevedra, o Camiño Breeiro que ía cara Aciveiro e Compostela; o camiño da Brea que comunicaba a reitoral de Barcia de Mera co Mosteiro de Melón; e a Calzada do Alén, un camiño empedrado que vai pola marxe dererita do río Alén desde a Ponte de San Xoán do Mosteiro até o concello de Fornelos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta o Goberno galego a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Recabar os informes e estudos pertinentes e incoar o expediente de declaración do patrimonio etnográfico gandeiro da serra do Suído e Alto Tea como Ben de Interese Cultural na categoría de paisaxe cultural.

2. Desenvolver un plan de conservación, restauración e promoción do patrimonio cultural material e inmaterial da serra do Suído, en colaboración coas deputacións provinciais de Ourense e Pontevedra e dos concellos de Avión, Beariz, Fornelos de Montes, A Lama, Mondariz e Covelo.

3. Promover a recuperación e dinamización dos camiños históricos que atravesan a serra do Suído.

4. Promover un proceso de participación social na protección, conservación e promoción do patrimonio cultural da serra do Suído.”

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2024

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Cristina Fernández Davila

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 02/05/2024 11:00:02

Cristina Fernández Davila na data 02/05/2024 11:07:47

Mercedes Queixas Zas na data 02/05/2024 11:08:33

Luis Bará Torres na data 02/05/2024 11:08:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A serra do Suído forma parte do sur da Dorsal Galega, un sistema montañoso que se estende de norte a sur de Galiza e que na provincia de Pontevedra está conformado polas serras do Candán, O Cando, O Testeiro, O Faro de Avión e O Suido.

O Suído esténdese por polos concellos de A Lama, Avión, Beariz, Covelo, Fornelos e Mondariz ao longo de 492 km², configurando un espazo con identidade propia, con unha historia común e con unha grande riqueza natural e cultural.

A ubicación próxima á costa e as altitudes de máis de 1.000 metros fan que esteamos ante unha das serras de maior pluviosidade de toda a península ibérica, con máis de 2.400 mm de precipitación media anual. Os ríos que nacen na serra, o Tea, o Avia e o Verdugo-Oitavén son dos mellor conservados da demarcación Galiza-Costa, tanto pola calidade das augas, pola boa conservación das ribeiras e pola variedade de flora e fauna.

A orografía, o clima, a paisaxe, a historia fan da serra do Suído un espazo de extraordinarios valores ambientais, culturais e sociais que é necesario preservar e dinamizar no seu conxunto, prevendo impactos que alteren os equilibrios e fomentando actividades sustentábeis e creadoras de valor engadido.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Atendendo a riqueza ambiental e á súa importancia para a preservación da biodiversidade, nos anos 2008 e 2012 iniciáronse senllos procedementos para a declaración de parte da serra do Suído (aproximadamente 110 km²) como Lugar de Importancia Comunitaria (actualmente ZEC) e a conseguinte inclusión na Rede Natura 2000, iniciativas que non chegaron a concluírse malia as demandas da Comisión Europea para que se protexesen hábitats de interese prioritario presentes na serra. No ano 2008 tamén se iniciou o procedemento para a ampliación do LIC Rede Natura 2000 Río Tea coa inclusión do Alto Tea, sen que tamén neste caso chegase a facerse realidade a declaración.

No Suído e Alto Tea existen 12 tipos de hábitats de interese comunitario (Directiva Hábitats), dos cales 4 son de interese prioritario (en risco de desaparición): as turbeiras altas activas (7110*), os bosques aluviais de amieiros e freixos (91EO*), as matogueiras húmidas atlánticas ((4020*)) e os bosques de ladeiras, desprendementos ou barrancos (9180*).

A serra do Suído e o Alto Tea atesouran un grande número de formacións de turbeira, hábitat de grande interese para a biodiversidade e para a prevención e mitigación do cambio climático. As turbeiras funcionan como reguladoras do ciclo hidrolóxico, xa que actúan como unha especie de esponxas que reteñen a auga da chuvia e vana liberando gradualmente. Caracterízanse pola presenza dunha grande variedade de flora e fauna, entre a que se inclúen especies en perigo de extinción.

En total están rexistradas 53 formacións de turbeira que ocupan unha superficie total de 80,8 ha. As turbeiras máis extensas atópanse no Suído: Chan do Libro con 10 ha de superficie, As Pontellas (8ha), Coto de Eiras e Outeiro Vello (5 ha cada unha). A maior parte das turbeiras sitúanse na cabeceira da conca do Oitavén-Verdugo (32). O río Tea e os seus afluentes suman un total de 20 formacións de turbeira mentres que na





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cabeceira do Avia só se rexistra unha (O Pozo Novo). O 78% destas formacións están situadas nos concellos da Lama e O Covelo.

	Número	Superficie
Covelo	23	31,4 ha (38,8% do total)
A Lama	16	32 ha (39,6%)
Fornelos	10	11,4 ha (14,2%)
Mondariz	2	5,2 ha (6,4%)
Avión	2	0,8 ha (1%)

A parroquia de Campo (Covelo) é a que rexistra un maior número de de turbeiras, denominadas “porcas”, que ocupan un total de 20 hectáreas.

Unha parte destas turbeiras aparecen recollidas no Inventario de humidaís de Galiza (2003) mais ao longo de 20 anos sufriron numerosas agresións e alteracións. Existe unha proposta para declarar as brañas do Suído como Humidal protexido e como humidaís incluídos na listaxe internacional Ramsar (*Conservación e xestión dos humidaís en Galicia*, IBADER, 2017, ®Pablo Ramil-Rego, Luís Gómez-Orellana e Javier Ferreiro da Costa editores). No mes de marzo de 2023, unha parte dos humidaís do Suido foron incluídos no Inventario de zonas húmidas de Galiza (DOG do 13 de marzo de 2023).

O río Parada do Valdohome, afluente do Oitavén, que ten as súas nacentes na serra do Suído, foi declarado Reserva Natural Fluvial atendendo ao seu bo estado de conservación e aos valores naturais que atesoura. Por este motivo, a súa bacía debe ser obxecto de especial protección e precaución, evitándose as agresións e alteracións da súa contorna.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. A serra representa unha mesma unidade etnográfica, composta por toda a rede de construcións gandeiras estacionais da Serra do Suído e Alto Tea. Os chozos ou chozas, sesteiros, curralas e cortellos ou parideiras atópanse diseminados de tal modo que se insiren na paisaxe beneficiándose das súas características ambientais e orográficas, para se asentar ora nas pequenas valgadas e chans, para aproveitaren os seus pastos, ora nos cumes ou cotos para aproveitaren a tendencia espontánea do gando para sestar neles.

Estas construcións facíanse mediante a técnica da “pedra seca” ou “cachotería en seco”, unha técnica de construción tradicional que foi incluída na listaxe do patrimonio inmaterial da UNESCO no ano 2018.

Empregáronse até a segunda metade do século XX para o pastoreo do gando na estación estival. Organizábase mediante un sistema de rolda, na que participaba de xeito rotatorio a veciñanza dos lugares aos que pertencía cada chozo.

A paisaxe da serra do Suido foi recoñecida como Paisaxe Cultural polo Instituto del Patrimonio Cultural de España (IPCE) e incluída no Plan de Paisaxes Culturais na categoría de “Actividades agrícolas, gandeiras e forestais” nas que se inclúen os “sistemas agro-silvo-pastorís históricos”.

Ademais dos conxuntos etnográficos relacionados coa actividade gandeira, na serra teñen unha importante representación os foxos ou “forcas” do lobo, construcións de grandes dimensións situadas nas valgadas e formadas por valados en forma de V que converxen nun pozo (foxo) a onde se conducía o lobo en batidas colectivas. No Suído e Alto Tea existen 6 foxos do lobo, o máis espectacular dos cales é o Foxo da Portela, no Coto de Eiras.

Outras das manifestacións senlleiras do suído son os camiños tradicionais, pola situación estratéxica do Suído como lugar de paso entre importantes comarcas do país.



Cabe sinalar a este respecto o Camiño dos Arrieiros, que comunica O Ribeiro con Pontevedra, o Camiño Breeiro que ía cara Aciveiro e Compostela; o camiño da Brea que comunicaba a reitoral de Barcia de Mera co Mosteiro de Melón; e a Calzada do Alén, un camiño empedrado que vai pola marxe dererita do río Alén desde a Ponte de San Xoán do Mosteiro até o concello de Fornelos.

4. Toda esta inmensa riqueza de patrimonio cultural e natural do Suido viuse mermado e sometido a múltiples agresións, que se poden agravar de maneira irreparábel debido a proliferación de proxectos mineiros e de parques eólicos.

Con respecto aos parques eólicos, a Comisión Europea (EC, 2010) identifica os impactos na fase de construción do parque en canto á perda de superficie ocupada por hábitats de interese comunitario debido á apertura de viais, cimentación dos aeroxeradores, instalación de liñas áreas e subterráneas, construción de centrais eléctricas e edificacións auxiliares, introdución de especies invasoras, etc. Tamén fai referencia aos impactos na fase de explotación, pola mortandade que causan os aeroxeradores na avifauna e polo incremento do ruído.

No caso de humidaís, a creación de pistas e drenaxes alteran a hidroloxía superficial. Os viais acostuman a converterse en receptores de augas de grandes superficie de terreo, que son transportadas a lugares afastados por medio das gavias.

Nos últimos anos, no contexto do boom eólico, estanse a tramitar numerosos proxectos de parques eólicos na Serra do Suído, no Alto Tea e no Faro de Avión. Na tramitación destes proxectos industriais débese ter en conta o establecido na lei 5/2019 do patrimonio natural e a biodiversidade, que consolida a prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística, o principio de precaución a respecto das intervencións que poidan afectar negativamente ao patrimonio natural e a biodiversidade, e mais a prevención dos problemas derivados do cambio climático.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En relación con esta última cuestión cómpre avaliar a incidencia dos parques eólicos e das súas infraestruturas nos recursos hídricos, co obxecto de preservar a función do Suído como gran colector de auga que abastece as concas do Avia, Oitavén-Verdudo e Tea.

Por outra parte, o solo afectado polos proxectos sectoriais vai experimentar unha radical modificación na súa cualificación urbanística e o seu uso, xa que pasa a cualificarse como solo rústico de especial protección de infraestruturas. Na práctica supón abrir paso a un proceso de explotación industrial de espazos de grande interese ambiental, cultural e paisaxístico.

En relación coa afección á paisaxe, cómpre ter en conta que o Catálogo das Paisaxes de Galicia inclúe a Serra do Suído como Área de Especial Interese Paisaxístico (AEIP _08_15), polo que se deberá estar ao disposto na Lei 7/2008, de 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia. Resulta evidente que a construción de até 16 parques eólicos e as súas correspondentes infraestruturas van terían un enorme impacto visual na paisaxe da serra.

5. Calquera planificación do desenvolvemento de enerxías renovábeis debe facerse contando coa participación dos concellos e a veciñanza, debe respectar os valores ambientais e culturais do territorio, debería ter como contrapartida o abaratamento do prezo da enerxía eléctrica e debería ter como principais beneficiarias as comunidades locais.

Recentemente, a Xunta vén de informar negativamente varios proxectos de parques eólicos situados na serra do Suido, atendendo ao seu impacto paisaxístico, aos efectos sinérxicos e acumulativos (efecto barreira) e a afección a especies protexidas, nomeadamente as aves.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En relación coa tramitación do parque eólico Coto das Airas, logo reconvertido como Carballoso (de tramitación estatal por ter unha potencia de 51MW), situado nos concellos de Fornelos, A Lama e Avión, a dirección xeral de Patrimonio Natural da Xunta emitou informes desfavorábeis polo impacto negativo no patrimonio natural e en especies protexidas. Un dos argumentos clave para esta avaliación foi que “neste momento están en estudo distintos espazos ben conservados que reúnen importantes valores ambientais pola presenza de turbeiras e hábitats asociados insuficientemente representados na Rede galega de espazos naturais. En dito estudo, ademais da cartografía detallada dos hábitats, están presentes cuestións como a conectividade das especies e o mantemento das condicións dos equilibrios hídricos, fundamentais neste tipo de formacións vexetais.

Doutra banda, esta a tramitarse actualmente un volume importante de proxectos de desenvolvemento eólico que se superpoñen con estes espazos e que se amosan incompaibles coa conservación dos valores naturais presentes neles, o que representa un factor de perturbación que ameaza de modo significativo o seu estado de conservación e as obrigas de conservación que debe atender a Xunta de Galicia.

En consecuencia, en aplicación do artigo 46.1 da Lei 5/2029 de patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, **procede informar negativamente a instalación de aeroxeradores e subestacións na devanditas zonas**, así como o resto de infraestruturas asociadas”.

En consecuencia con este informe, referido ao parque eólico Coto das Airas e reiterado nos mesmos termos para o parque eólico Carballoso, o goberno galego debe aplicar o procedemento previsto nos artigos 45 e 46 da lei 5/2019.

E tendo en conta dos demais valores patrimoniais, socioculturais e humanos da serra do Suido, debe impulsar, en coordinación cos concellos e co tecido social da contorna, un conxunto de medidas de conservación, de recuperación e dinamización.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O parlamento insta á Xunta a

1. Iniciar o procedemento para a declaración da serra do Suído como Zona Especial de Conservación (ZEC) e a consecuente integración na Rede Natura 2000, co obxecto de protexer e conservar especies e hábitats de interese comunitario e de interese prioritario, con especial atención aos recursos hídricos e nomeadamente hábitats de turbeira.

2. Como medida de protección, establecer neste espazo o réxime de protección cautelar ou protección preventiva, previstos nos artigos 45 e 46 da lei 5/2019 do patrimonio natural e da biodiversidade, e, en consecuencia, informar negativamente todos os proxectos industriais que poidan actuar como factor de perturbación dos valores deste espazo.

3. Realizar o inventario e catalogación de todo o patrimonio material e inmaterial do Suído, Alto Tea, Faro de Avión, Costas do Alén e A Paradanta, e desenvolvemento dun plan para a súa protección, conservación e divulgación.

4. Recabar os informes e estudos pertinentes para a incoación do procedemento de declaración do patrimonio etnográfico gandeiro da serra do Suído e Alto Tea como Ben de Interese Cultural na categoría de paisaxe cultural.

5. Elaborar, en coordinación cos concellos e coa participación das entidades sociais e a veciñanza, un Plan de dinamización e desenvolvemento sustentábel do Suído e Alto Tea, con unha previsión de investimentos plurianuais por parte das administracións local, provincial e autonómica.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2024

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/05/2024 11:59:12

Cristina Fernández Davila na data 02/05/2024 12:05:29

Luis Bará Torres na data 02/05/2024 12:05:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre cobertura da praza de pediatra e medicina de familia centro de saúde de Arcade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Soutomaior leva anos a sufrir os continuos recortes da Xunta na asistencia sanitaria, que en lugar de garantir os dereitos sanitarios dos máis de 7.500 veciños e veciñas do concello está a sufrir un continuo deterioro.

Na actualidade hai só tres médic@s para atender a toda a poboación de Soutomaior. Polo que respecta ao servizo de pediatría, o concello leva máis de 500 días sen un ou unha pediatra que atenda ao case milleiro de nenos e nenas censadas en Soutomaior.

Desde que en outubro de 2022 a anterior facultativa colleu unha baixa, a Xunta non cubriu a súa praza. A pesar das numerosas demandas da veciñanza e as continuas peticións do goberno municipal de Soutomaior, a Xunta dedicouse a poñer diferentes parches neste ano e medio que en ningún caso solucionaron o problema da falta de pediatra.

Como consecuencia, as familias teñen que agardar semanas para conseguir unha cita e moitas veces teñen que desprazarse ata Pontevedra para acudir a Urgencias para ser atendidas, o que a súa vez tamén deriva no colapso deste servizo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Soutomaior leva anos a reivindicar a necesidade de dotar de persoal e recursos o Centro de Saúde de Arcade. Desde o pasado mes de maio, o Goberno de Soutomaior mantivo varios contactos co Sergas e no verán de 2023 o alcalde de Soutomaior, Manuel Lourenzo, e a concelleira de Sanidade, Rosana Martínez, nunha xuntanza co xerente da área sanitaria de Pontevedra, José Flores, obtiveron o compromiso por parte da Xunta de que a partir de 2024 o Centro de Saúde de Arcade contaría cun facultativo máis, pasando de 3 a 4.

En abril de 2024, case un ano despois, seguimos sen noticias desa nova praza nin de que a Xunta vaia facer ningún movemento para cumprir o seu compromiso.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Incrementar o persoal médico do centro de saúde de Arcade (Soutomaior) co obxectivo que o servizo de atención primaria dea resposta acaída ás actuais necesidades sanitarias da poboación do concello de Soutomaior
- 2) A cobertura permanente da praza de pediatría do centro de saúde de Arcade, vacante desde novembro de 2022 tras a decisión da Xunta de non cubrir a baixa da facultativa que exercía naquel momento.”

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 02/05/2024 12:13:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Alexandra Fernández Gómez** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a falla obxectivos ambiciosos e de execución orzamentaria en materia de promoción de vivenda pública.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2021 o goberno galego presentaba un novo plan de vivenda baixo o título *Pacto Social da vivenda 2021-2025*. Un plan cargado de vaguidades e de falla de concreción sobre as medidas e obxectivos concretos que pretendía acadar. Tal era a indefinición que a Xunta de Galiza tardou máis de dous anos, logo da súa aprobación, en anunciar unha meta precisa en materia de desenvolvemento e promoción de vivenda protexida e de vivenda pública.

De forma que en 2023 o Consello da Xunta comunicou o desenvolvemento da *Estratexia para a promoción de vivenda pública e o impulso da vivenda protexida*. Esa estratexia propón incorporar 1.802 novas vivendas ao parque público de vivenda, contando as xa incluídas dende 2022 e até o 2026. En concreto o goberno comprometíase a incorporar 959 vivendas promovidas polo IGVS, 260 vivendas promovidas por promotores privados e concellos, 157 vivendas adquiridas e rehabilitadas a través do programa Rexurbe, 331 vivendas con axudas para recuperar inmobles e edificios propiedade municipal e 125 vivendas adquiridas á SAREB.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

O compromiso global do goberno segue a ser insuficiente tendo en conta que no Rexistro de Demandantes de Vivenda existen máis de 18.000 familias agardando por unha vivenda protexida, das cales, máis do 80% solicitan o réxime de vivenda pública.

Por se fose pouco, o cativo compromiso da Xunta de Galiza non está a contar co impulso económico necesario para acadar os resultados prometidos. Nas contas de 2023 o executivo comprometeu unha partida de 8M€ para a construción de vivendas de promoción pública, das que apenas executaron 2,6M€. É dicir, 2 de cada 3 euros previstos non chegaron a executarse. O mesmo sucede coa partida prevista para a promoción de solo residencial, que con apenas 2M€ executados só logra executar 1 de cada 3 euros.

Con este ritmo de investimento semella realmente complicado que a Xunta acade os cativos obxectivos marcados na súa estratexia. Por todo isto dende o BNG formulamos o seguinte:

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a incrementar os seus obxectivos en materia de vivenda e incorporar 12.000 novas vivendas públicas, ás case 4.000 existentes, en 2 lexislaturas. Para iso, o goberno galego porá en marcha novas medidas e programas, reforzará a dotación orzamentaria e executará de forma íntegra as partidas previstas para o seu desenvolvemento.”

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 02/05/2024 12:23:13

Luis Bará Torres na data 02/05/2024 12:28:07



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Carmen Rodríguez Dacosta, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

Ata o mes de xuño de 2022 o Centro de Saúde do Barco de Valdeorras contaba con dúas consultas de Pediatría, ocupadas por sendos pediatras. Levaba xa anos con esa dotación. Ese mesmo ano unha pediatra xubilábase. Desde entón unha médica de familia con formación de puericultora ocupou a praza da pediatra xubilada polo que o servizo e a atención aos usuarios non era óptima, pero tendo en conta que moitas consultas son de revisións periódicas de nenos e nenas non enfermas, había unha certa normalidade.

O 11 de maio de 2023 (DOG do 25 de maio) o Sergas, publica a convocatoria dun proceso selectivo polo sistema de concurso, para o acceso á condición de persoal estatutario fixo da categoría de pediatría de atención primaria.

Ante esta convocatoria, a médica de familia que atendía na consulta de pediatría, a comezos de 2024, abandona a praza e trasládase á localidade veciña de Sobradelo, onde exerce de médica de familia. Desde esas datas, só unha consulta está en funcionamento.

No DOG do 18 de marzo de 2024 publícase a resolución do 29 de febreiro de 2024 da Dirección Xeral de Recursos Humanos polo que se nomea persoal fixo e a adxudicación definitiva dos aspirantes seleccionados no proceso selectivo da Resolución do 11 de maio de 2023. Para o Centro de Saúde do Barco



adxudícase unha praza de pediatría, pero o pediatra renuncia e non se incorpora, rematado xa o prazo de toma de posesión.

Desde principios de 2024 un único pediatra atende aos máis de 2.000 nenos e nenas.

O esforzo do profesional é enorme pero tamén o seu desgaste e frustración. A atención recibida polos usuarios é moi precaria e absolutamente insuficiente.

O pediatra actual, ademais, está próximo á xubilación (outono de 2024).

Ante o deterioro da atención pediátrica e a posible cronificación e agravamento do problema, pais e nais recolleron sinaturas solicitando a axuda e compromiso das forzas políticas representadas no Concello do Barco, liderando a reivindicación dun servizo de calidade para a comarca.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista esiximos ao Sergas unha solución á espera de nais e pais para que os fillos e fillas sexan valorados por un profesional da sanidade pública, así como solicitamos unha calidade asistencial adecuada.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que garanta a calidade asistencial no Centro de Saúde do Barco de Valdeorras solucionando a falta de cobertura das prazas de Pediatra.

Parlamento de Galicia, 2 de maio de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as medidas a tomar para prestar unha atención á saúde mental digna.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da saúde mental en Galiza, podemos cualificala como mínimo de parálise, a Xunta de Galiza non se ten actuado, non ten atendido as necesidades, non planificou e non adicou o orzamento preciso. É unha das grandes esquecidas nos 12 anos de Goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza, algo incomprensíbel dado o enorme número de persoas con necesidade de atención e as demoras. Non ten actuado a pesares dos indicadores que mostran un medre progresivo, grave empeoramento da mesma na poboación, coas consecuencias de sufrimento humano, de perda de vidas e dos custes sociais, laborais e sanitarios.

Está a punto de rematar a vixencia do Plan de Saúde Mental post Covid 2020-2024 e a realidade é que foi máis que insuficiente para solucionar os graves problemas de saúde mental en Galiza. No mellor dos supostos de que incorporaran todas as prazas, estarían na metade das que contemplaba o plan de 1996.

Non se reduciu o impacto dos problemas de saúde mental nin as taxas de suicidio. Galiza segue a encabezar os datos de prevalencia de problemas de saúde mental e da taxa de suicidios de todo o Estado. Sigue á cabeza no consumos de psicofármacos e á cola en ratios de profesionais por habitantes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

340 galeg@s quitáronse a vida en 2022, as demoras para citas de saúde mental seguen sendo de meses, au igual que as sucesivas. A cifra dos últimos datos publicados é que son 9.082 persoas as que agardaban por unha primeira consulta de psiquiatría

Evidénciase a insuficiencia destas estratexias tanto na análise do problema, como nos recursos mobilizados e a inversión efectivamente dispoñíbel. Pero sobre todo a falta dun modelo global que integre a complexidade da saúde mental e interveña de forma integral.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1.- Presentar no Parlamento Galego, no presente período de sesións:

a) Un estudo sobre a situación epidemiolóxica da saúde mental en Galiza, incluíndo os efectos que a pandemia está a ter na saúde mental na poboación, de cara a establecer o alcance das medidas a tomar para actuar con eficacia.

b) Memoria da aplicación do Plan de Saúde Mental post Covid 2020-2024: número de unidades de atención infanto xuvenil en funcionamento, número de profesionais incorporados e onde, unidades de prevención do suicidio...

2.- Creación nos Centros de Saúde de Atención Primaria de prazas de psicólogos clínicos, que permita a creación de equipas multidisciplinares e prestar unha atención integral.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.-Incorporación da perspectiva de xénero na planificación e na atención á saúde mental, para reducir as desigualdades e a discriminación.

4.- Presentación do desenvolvemento efectivo do Plan Galego de Prevención do Suicidio, con cronograma de execución, dotación de profesionais, orzamento...

5.- Presentación das actuacións postas en marcha para garantir os dereitos das persoas con problemas de saúde mental a empezar pola eliminación da contención mecánica.”

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2024

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Alexandra Fernández Gómez** e **Carmela González Iglesias** e do deputado **Brais Ruanova Vilas-Boas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galiza para garantir un teito ás persoas afectadas polo incendio de Alfonso X en Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O incendio sucedido en outubro do ano pasado nun inmoble en Vigo deixou ao descuberto as nefastas políticas en materia de vivenda da Xunta de Galiza. Nese inmoble incendiado vivían nunha situación de precariedade e de inseguridade numerosas persoas, que pola súa situación de extrema pobreza e ante a falla de políticas públicas en materia de vivenda, non tiñan outra alternativa habitacional. Nese trágico suceso morreron catro membros da mesma familia, unha nai e tres dos seus fillos de 14, 12 e 10 anos.

Compre lembrar que esta familia viuse abocada a vivir nun inmoble que non reunía as condicións de habitabilidade e seguridade dunha vivenda digna, logo de que foran expulsados anos atrás do seu poboado chabolista. A Xunta de Galiza era perfectamente coñecedora da súa situación. Primeiro, souberon en 2021 que esta familia ía ser desaloxada do seu poboado. Segundo, coñecían que o maxistrado que decretara o desaloxo, apreciaba especial vulnerabilidade pola presenza de menores. E por último, advertímosllo entón, dende distintos colectivos que facían acompañamento das familias e dende o BNG, que era urxente unha alternativa habitacional, porque esta familia non tiña recursos económicos para facer fronte a un aluguer a prezo de mercado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero, desgraciadamente, a familia de Rosana recibiu o silencio da Consellería con competencias en Vivenda. A realidade das políticas de vivenda é que nin nos casos de máis extrema vulnerabilidade, con menores afectados, a Xunta responde. Rosana e a súa familia quedaron na rúa ante a impasibilidade da Xunta.

As trágicas consecuencias en que derivou esta falta de actuación por parte da Xunta deberan derivar nunha reflexión profunda e nun cambio de rumbo. Porén novamente a Xunta de Galiza volve a actuar con silencio e impasividade ante as persoas que perderon todo naquel incendio.

As persoas que sobreviviron ao incendio foron realoxadas nun hostel sufragado con cartos do Concello de Vigo. Durante este período de tempo a Xunta de Galiza non buscou solucións ás persoas afectadas. E agora o Concello de Vigo vén de comunicar ás familias afectadas que deixará de costear os gastos do hostel. Por tanto a partir deste día 2 de maio, estas familias quedarán novamente na rúa, xa que non teñen recursos suficientes como para facer fronte ao pago dun alugueiro habitual, nin tampouco logran a través do mercado libre arrendadores que estean dispostos a alugarlles un piso coa súa situación económica.

Esta falla de solucións por parte das Administracións é incoherente coas medidas anunciadas nun inicio por parte de Xunta e Concello. Nos días posteriores ao incendio a Xunta e o Concello de Vigo asinaban un convenio de colaboración para, supostamente, financiar solucións habitacionais aos afectados. Segundo a delegada do goberno en Vigo, Ana Ortiz, o obxectivo era buscar solucións para as oito familias afectadas polo incendio. Pero unha vez que o foco mediático foi desaparecendo, as boas palabras transformáronse en silencio.

Dende o Bloque Nacionalista Galego, esiximos un cambio nas políticas de atención ás persoas en situación de pobreza e no seu dereito a poder vivir nunha vivenda





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

digna. Ademais cómpren medidas urxentes para garantir que estas persoas a partir do día 2 non teñan que durmir na rúa.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a atopar unha solución habitacional de forma inminente para as persoas afectadas polo trágico incendio en Alfonso X en Vigo.”

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Brais Ruanova Vilas-Boas

Carmela González Iglesias

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Lara Méndez López, Silvia Longueira Castro e Julio Ernesto Abalde Alonso**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Que Lugo, a urbe máis antiga de Galicia, sexa o referente galego e do noroeste español en conservación, investigación e divulgación do pasado romano a través da creación do Museo da Romanización no Cuartel de San Fernando é un proxecto de cidade que o Goberno local e a sociedade lucense consideramos irrenunciable.

Ata o ano 2013, este proxecto tamén foi compartido pola Xunta de Galicia, a quen lle compete por lei salvagardar os restos arqueolóxicos e por en valor o patrimonio: máis de 15.000 pezas catalogadas en Lugo que son da súa propiedade e que agora, por responsabilidade, están custodiadas polo Concello e que son só unha parte das miles que se atopan dispersas nunha ducia de dependencias, no só da Administración local, tamén da Deputación, da Xunta e incluso en domicilios privados de arqueólogos. Pezas que precisan dun inventariado rigoroso e dun lugar de referencia para o seu estudo e exposición.

A construción do museo foi un proxecto non só de Lugo senón de Galicia -pola súa importancia para o pasado romano de toda a comunidade- tal e como quedou patente no 2008 tras asinarse durante o Goberno do socialista Emilio Pérez Touriño un protocolo entre a Xunta e o Concello para este fin, compromiso que proseguíu Feijóo pero que freou no 2013, cando xa existía un



proxecto deseñado e un proxecto básico adxudicado para unha obra que custaría 10 millóns de euros, que a Xunta tamén paralizou.

Pero o compromiso é incluso anterior xa que en 2003 se firmou un acordo Xunta-Concello polo que a administración local adquiriría o Cuartel de San Fernando para cedelo ao Goberno galego co fin de que este o rehabilitase. O Concello cumpriu a súa parte: comprou o edificio ao Ministerio de Defensa por 2,5 millóns de euros.

Pero a Xunta do PP non cumpriu con Lugo: non só non aceptou o inmovible senón que no 2013 renegou totalmente do seu compromiso e das súas competencias en materia de patrimonio para a rehabilitalo como Museo da Romanización, edificio sito no centro da antiga cidade romana lucense e no que apareceron xa restos arqueolóxicos susceptibles de ser musealizados 'in situ'.

No 2019, na precampaña das eleccións municipais, a Xunta de Galicia tivo unha nova ocorrencia, esquecerse do museo para propoñer executar un Parador Nacional nese edificio, o que tivo unha enorme contestación social en Lugo e que provocou a creación dunha plataforma coa presenza dos colectivos veciñais, económicos, sociais e culturais da cidade. Nese momento, curiosamente, a Xunta estaba disposta a aportar 5 millóns de euros para ese parador, pero non os quere aportar para un museo.

Fronte a isto, eu mesma como alcaldesa de Lugo, mentres reivindicaba ao Goberno galego a súa débeda, acadei compromisos doutras administracións e institucións:

- O Ministerio de Cultura comprometeuse a participar no Plan Director e no proxecto de Musealización (que complementará a rehabilitación do inmovible).



- O Circuito romano Gallecia, que está a impulsar o Eixo Atlántico coa Xunta e que sería a segunda gran ruta cultural de Galicia tras o Camiño, tería no Museo o punto de referencia e de partida.

E porque Lugo, e Galicia, non poden perder a oportunidade de protexer a súa riqueza patrimonial e tampouco de situarse como centro de atracción dun turismo cultural de calidade e sostible, que impulsaría, asemade, á dinamización económica, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Cumprir o seu compromiso con Lugo e, no marco das súas competencias no coidado e salvagarda do patrimonio, executar, da man do Concello e do Goberno estatal, a rehabilitación do Cuartel de San Fernando como Museo da Romanización.
- Incluír, neste ano nos orzamentos autonómicos, unha partida para iniciar as obras de recuperación do edificio, á vez que estableza unha ruta financeira para os anos seguintes.
- Que nesta unidade de acción coas outras administracións, estudar fórmulas de xestión compartida deste museo.

Santiago de Compostela, 22 de abril do 2024



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Lara Méndez López** e **Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde que hai 14 anos, cando se calcula que a praga da velutina chegou a Galicia, os problemas causados por esta praga invasora foron a máis. Problemas no hábitat natural, económicos e de saúde son recorrentes ano tras ano e, maila as dificultades que sabemos entraña a súa erradicación e control, a actuación da Xunta de Galicia, Administración que ten as competencias nesta materia, son insuficientes e a coordinación con outras administracións é moi deficiente.

Segundo os últimos datos oficiais, Galicia rexistrou un total de 56.500 avisos por presenza de niños de vespa velutina, de forma que se dispararon preto dun 50 % en comparación con 2022.

O sector apícola galego denuncia que o 2023 marcou un récord de baixas nos seus apiarios debido ao ataque desta especie ás colmeas, con perdas de mel que se sitúan xa en torno ao 65 % das colonias de abellas, mentres os adegueiros e viticultores de distintas zonas cuantifican perdas importantes, de até 15.000 euros por hectárea, xa que as vespas provocan un descenso na produción e unha diminución na calidade polos problemas de putrefacción dos acios comidos ao chegar á adega. Tamén o sector frutícola está a sufrir a súa presenza.



Se falamos de saúde, Galicia é a comunidade con máis mortes a causa das picaduras das velutinas. A cifra de mortalidade oscila en España entre 0,02 e 0,15 falecementos por cada millón de habitantes, mentres que en territorio galego data de 2,2.

A situación non crea alarma só no medio rural senón tamén nas áreas urbanas, motivada pola presenza continuada de avispóns asiáticos en zonas de alta afluencia de persoas.

Os datos reflicten claramente que a acción autonómica non está a dar froitos, nin na acción preventiva nin na eliminación da praga, algo que a Xunta debeu admitir xa que, recentemente, anunciou que reorientaba a súa estratexia, centrando as súas actuacións en catro pilares: retirada de niños primarios, trampeo selectivo, formación e investigación. Pilares nos que se supón xa tiña que estar a traballar desde hai anos.

Ademais, a Xunta de Galicia saca peito dun acordo coa Fegamp para a loita contra a velutina, pero no que se di claramente que cada unha das administracións costeará as actuacións que acometan. Isto supón, por citar un exemplo dun concello moi activo como é o de Lugo, un gasto de preto de 20.000 euros, asumindo unha vez novos custos en competencias impropias por actuar con responsabilidade fronte a unha Xunta que descarga sempre a súa falta de compromiso nas administracións locais.

Desta falta de apoio quéixanse tamén os sectores afectados, como o apícola, no se que se ven obrigados a levar a cabo unha serie de medidas para protexer as súas colmeas. Estes métodos de loita teñen un custo de case 8 millóns de euros anuais.

Tanto concellos como os sectores lamentan que non existan axudas económicas específicas da administración competente para financiar os gastos



que están a desembolsar maila que temos moi próximos exemplos doutras comunidades autónomas como a cántabra onde si existen, e son moi apreciadas. E sen perder de vista que se ven obrigados a desenvolver accións para as que a Xunta de Galicia está xa a pagar a unha empresa, Seaga, para que as execute.

Ante a preocupación dun problema que se agrava cada ano, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a desenvolver e executar unha plan estratéxico contra a velutina e en favor dos sectores afectados que inclúa:

- A creación dun Comité Asesor (seguindo o exemplo de Asturias), tal e como piden os distintos sectores afectados, con presenza de todas as Administracións, entidades e sectores afectados (Xunta de Galicia, concellos, Seaga, bombeiros, Protección Civil, asociacións e colectivos dos sectores afectados, investigadores, etc). Comité que se encargaría de fixar e coordinar a estratexia e as prioridades de gasto na loita contra a praga.
- Ferramentas para acadar unha implicación real cos concellos galegos e os sectores económicos implicados, cos que se acordarán accións concretas de prevención e erradicación que desenvolverán cada un dos axentes, así como a dotación que a Xunta lles aportará para estes fines ao ser a administración coas competencias para este fin.
- Así mesmo, esta coordinación incluírá un calendario de trampeo por concellos e zonas, cun seguimento que permita desenvolver unha mellor análise e uns obxectivos realistas sobre a erradicación desta praga.
- Medidas de impulso á investigación sobre a velutina creando convenios coas universidades e aportando medios e financiamento



suficiente xa que actualmente traballan con precariedade e escaseza de recursos.

- Medidas de apoio aos sectores económicos para a posta en valor dos seus produtos e a súa comercialización.

Santiago de Compostela, 2 de maio do 2024



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro** e **Carlos López Font**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ría do Burgo foi obxecto desde finais do século pasado dun bo número de proxectos para lograr o seu saneamento, erradicar as verteduras incontroladas e manter a súa riqueza marisqueira. Con todo na práctica non se plasmaron máis que actuacións parciais que non lograban eliminar a imaxe de deterioración ambiental da ría.

Desde Augas de Galicia realizáronse a partir do ano 2001 obras de saneamento na contorna da ría do Burgo e municipios limítrofes, que incluíron entre outras o saneamento de Culleredo, Oleiros e Cambre e a eliminación das verteduras do Burgo.

Sen embrago, ningunha destas actuacións da Xunta de Galicia abordaba a rexeneración ambiental integral da ría do Burgo, co fin de rexenerar os bancos de marisqueo da ría permitindo así a recuperación dos recursos marisqueiros e da actividade extractiva aos e as mariscadoras da zona como reiteradamente reclamaban as confrarías da zona.

A ría do Burgo atopábase moi deteriorada, debido ás verteduras que viña recibindo ao longo dos anos e que afectaron gravemente á calidade das súas augas e á produtividade dos bancos marisqueiros.



No ano 2021 o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico licitou o proxecto, cofinanciado con fondos FEDER 2014-2020, para o dragado ambiental dos sedimentos da ría do Burgo, cun custo de obra e control ambiental de máis de 33 millóns de euros, iniciando as obras en decembro de 2021.

A rexeneración ambiental da ría do Burgo, que promove o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, afecta á Coruña, Cambre, Culleredo e Oleiros, finalizou o pasado venres 26 de abril coa recepción da obra por parte de representantes do Goberno central.

Dentro do proxecto estaba incluída a sementa que no momento da finalización do proxecto estaba completamente realizada e co visto e prace dos biólogos da Xunta de Galicia. É necesario neste punto que a Xunta de Galicia estableza os protocolos de seguimento e control do proceso de desenvolvemento e supervivencia da semente implantada para que se produza unha recuperación efectiva dos bancos para a súa explotación por parte dos mariscadores e mariscadoras e complétese así a rexeneración integral, ambiental e socio-económica, da ría do Burgo.

Agora o que toca é esperar a que creza o marisco, contorna a 18 ou 24, e durante ese tempo debemos achegar solucións ás e os mariscadores. Durante o tempo que durou as obras de rexeneración da ría do Burgo, o Goberno central foi o único que se fixo cargo de abonar axudas por inactividade ás e os mariscadores do Burgo, unha actuación imprescindible e necesaria, por unha contía total de 3.659.120,22 de euros.

A Xunta de Galicia, que ten competencias exclusivas en marisqueo, debe comezar a traballar para dar solucións a mariscadores/as do Burgo que reclaman compensacións económicas xustas unha vez finalizado o dragado, ata que os bancos recuperen a súa produción e poidan traballar na zona.



É por tanto a Xunta de Galicia a que debe dar resposta ás xustas reivindicacións das e os mariscadores da ría do Burgo ata que se poida realizar a actividade extractora nos areas rexenerados. Durante o tempo de realización da rexeneración esas indemnizacións foron soportadas en exclusiva polo Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Establecer un protocolo de seguimento e supervivencia da sementa realizada monitorizando a rexeneración dos bancos marisqueiros da ría do Burgo. Realizarase a monitorización da produtividade das distintas zonas da ría, establecendo as características óptimas de explotación para obter unha mellor produtividade e sustentabilidade dos bancos marisqueiros.
2. Establecer un plan de axudas e compensacións ás e os mariscadores do Burgo para o período entre que finalizan as obras de rexeneración e os areas da ría recuperan a súa produción e, por tanto, permita traballar na zona.

Santiago de Compostela, 2 de maio do 2024



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No derradeiro informe sobre a estabilidade orzamentaria da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal -AIREF- publicado o 12 de abril de 2024 alértase da rebaixa das previsións económicas de Galicia para 2024 que sitúan a Galicia en risco de incumprir a regra de gasto e débeda pública contraída.

No informe da AIREF constátase o incremento do 8 por cento no gasto e o aumento da débeda nun 15 por cento, o que desequilibra a fiscalidade galega e provoca un deterioro importante das finanzas públicas, co risco de que deixen sen atender a calidade dos servizos públicos como sanidade, educación, servizos sociais ou dependencia.

Ademais, o Banco de España, segundo os últimos datos do Protocolo de Déficit Excesivo das Administracións Públicas, Galicia ten unha débeda de 12.170 millóns no IV trimestre de 2023, a cuarta cifra máis alta da historia, acadada tamén no ano 2023. Así mesmo, a isto habería que sumar as colaboracións público privadas, que nos orzamentos para 2024 se sitúa en 1.906,3, o que nos dá unha cifra total de máis de catorce mil millóns de euros de débeda total nunha estimación conservadora.



A economía galega non vai tan ben como o resto de España ao crecer un 1,8 por cento, fronte ao 2,5 do Estado, e logo de que pecharan 11.000 empresas en 2022. Hai unha responsabilidade fundamental na mala xestión económica do Goberno galego do Partido popular, que triplicou a débeda ao tempo que non preservou os servizos públicos dos efectos das crises económicas nin apostou pola transformación económica do noso país.

O Goberno galego coas súas rebaixas fiscais para rendas altas deixar de recadar 150 millóns de euros ao ano. A decisión do presidente Rueda de deixar sen aplicar o imposto ás grandes fortunas, así como as exencións ao imposto do Patrimonio ou as novas exencións ao imposto de herdanzas que ten anunciado para os maiores patrimonios, en realidade agocha menos recursos para os servizos públicos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha as vías políticas de redución da débeda da comunidade, así como e medidas de equilibrio da balanza fiscal de ingresos públicos, que permitan mellorar a calidade dos servizos públicos de sanidade, servizos sociais e educación.

Santiago de Compostela, 2 de maio do 2024



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen María Pomar Tojo, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez e Roberto Rodríguez Martínez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno**.

Exposición de Motivos

A transferencia a Galicia da titularidade e competencias sobre a Autoestrada do Atlántico (AP-9) é unha reivindicación de país que reúne un amplo consenso, tanto social como político, e que se materializou na aprobación, unha vez máis, o pasado mes de decembro e por unanimidade, da proposición de lei ante o Congreso dos Deputados promovida no Parlamento de Galicia.

A transferencia da AP-9 xa figuraba no acordo asinado polos socialistas e o BNG no 2020 para investir a Pedro Sánchez, pero nunca se fixo efectiva. Pola contra, este mesmo compromiso xa non aparece de xeito explícito no novo acordo polo que os nacionalistas galegos volven a dar os seus votos á investidura de Sánchez.

Con todo, o papel que representa esta infraestrutura foi un dos temas clave durante a pasada campaña electoral das eleccións autonómicas ata o punto de que, tanto o PSOE como o BNG prometeron implantar a gratuidade das peaxes das autoestradas estatais AP-9 e AP-53. Este compromiso é especialmente acaído tendo en conta que ambas autoestradas de titularidade estatal son as máis caras de España e ademais, a pesar das reiteradas peticións do Parlamento galego para que non o fixeran, o Executivo central incrementou as súas peaxes ano tras ano.

Con independencia do avance nas Cortes Xerais dos trámites que darán lugar á transferencia da AP-9, resulta de máximo interese para a nosa Comunidade que o Goberno de España cumpra o compromiso adquirido polas formacións políticas que o sustentan de cara á implantación da gratuidade destas autoestradas estatais -as máis caras de España- xerando, deste xeito, un impacto positivo inmediato e directo para as familias, transportistas e vehículos que fan uso desas infraestruturas.





Dado que o interese de Galicia non cambiou, temos que entender que o compromiso manifestado por PSOE e BNG seguirá en pé con independencia do resultado electoral do pasado mes de febreiro, calquera outra conclusión en sentido contrario suporía unha chantaxe electoral á cidadanía de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que faga efectiva as seguintes demandas:

1º- Impulsar todas as iniciativas políticas e executivas que sexan precisas para culminar o proceso de transferencia da titularidade e competencias sobre a AP-9, de conformidade coa proposición non de Lei aprobada polo Parlamento de Galicia o pasado mes de decembro e que se tramita ante o Congreso dos Deputados

2º- Implantar con carácter inmediato e con independencia do proceso anterior, a gratuidade das peaxes nas autoestradas AP-9 e AP-53, as máis caras de España, en cumprimento do compromiso adquirido polas formacións políticas que sustentan o Goberno de Pedro Sánchez no último proceso electoral”.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2024



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Manglana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

O mércores 24 de abril de 2024 publicouse no DOG o DECRETO 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellarías da Xunta de Galicia.

Sorprendentemente, decatámonos que fora eliminada a Secretaría Xeral de Igualdade e substituída por dúas direccións Xerais: Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero e Dirección Xeral de Promoción da Igualdade.

Desde o Grupo Socialista estamos fondamente preocupados xa que entendemos que este cambio no organigrama do goberno, que relega a categoría de Dirección Xeral as políticas de igualdade, vén a seguir o mesmo camiño que levan outras CC.AA de invisibilización das políticas de igualdade en colaboración cos seus socios de VOX.

En Galicia o menosprezo ao papel da loita contra a igualdade comezou baixo a presidencia de Feijóo suprimindo o Servizo Galego de Igualdade no ano 2010, e acaba de culminalo o señor Rueda.

En primeiro lugar, quitándolle o rango de Secretaría Xeral ás políticas de Igualdade; en segundo lugar, separando as políticas de igualdade da loita contra a violencia de xénero, dando a entender, que a orixe desta violencia non é o machismo, a ausencia de igualdade entre mulleres e homes.



Este novo organigrama sumado á vinculación das políticas de igualdade dentro da Consellería de Política Social, fainos retroceder máis de dúas décadas na concepción das políticas de igualdade, e defendendo así as mesmas teses que os seus socios de extrema dereita.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que a loita pola igualdade entre mulleres e homes ten que ser unha cuestión imprescindible e transversal a toda a actuación política.

É por iso polo que defendemos que un proxecto de Goberno do século XXI ten que incluír a igualdade como eixo prioritario de actuación que, ademais, se estenda de forma transversal ao resto de políticas.

Ante esta situación faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que inclúa a igualdade como eixo prioritario de actuación dándolle no organigrama do Goberno a categoría que merece.

Santiago de Compostela, 2 de mayo de 2024



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en Pleno.

Os concellos con unidades asistenciais de drogodependencias levan anos reivindicando á Xunta de Galicia o traspaso destas unidades ao Servizo Galego de Saúde, por ser a administración competente nesta materia, de xeito exclusivo, segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia.

Xa no ano 2018, constituíuse unha comisión mixta coa Consellería de Sanidade na que o obxectivo final era definir como se realizaría ese traspaso. Absoluta inacción do Goberno do Partido Popular da Xunta de Galicia durante todos estes anos.

Despois da solicitude reiterada dos concellos afectados, ano tras ano, o 23 de marzo de 2021, o Parlamento de Galicia aprobou unha moción na que se “instaba a Xunta de Galicia a que acordase coa Fegamp o mecanismo para iniciar o procedemento de incorporar ao Sergas os profesionais e servizos sanitarios de saúde mental que prestan os servizos dependentes das administracións locais, para ordenar a atención e que dependa do organismo competente en asistencia sanitaria, que é a Administración autonómica”.

Froito desta presión constante dos concellos, o 19 de decembro de 2022, constituíuse, unha vez máis, unha comisión de transferencias entre a Xunta de Galicia e os concellos afectados, para incorporar este servizo sanitario público



esencial á rede do Sergas, xa que é a Comunidade Autónoma a única e exclusivamente competente en materia de atención sanitaria.

Despois de que a Xunta de Galicia, unilateralmente, establecese un cronograma para esta transferencia e que teña incumplido o seu propio compromiso desde a primeira e única reunión, os concellos denuncian que a folla de ruta pactada está a ser incumplida de forma insultante desde hai anos. Os usuarios das unidades de atención son persoas enfermas que teñen dereito á prestación sanitaria que lles corresponde, dun xeito integral, multidisciplinar e desde o sistema público de saúde, dentro do ámbito das súas estritas competencias do Goberno galego.

Recentemente, a Fegamp reuniuse coa Xunta de Galicia para reivindicar a solución urxente deste problema e, lonxe de aportar luz sobre a folla de ruta pactada para a transferencia definitiva, propoñen aos concellos afectados un novo “convenio” que empeora substancialmente o financiamento da Xunta de Galicia.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Reactivar de forma inmediata e urxente a “Comisión Mixta para a integración da rede galega de trastornos aditivos no Servizo Galego de Saúde”, para dar cumprimento ao cronograma acordado cos concellos e materializar ao longo deste ano 2024 a plena integración orgánica e funcional dos ditos servizos.
2. Que, en tanto non se produza a dita integración comprometida, financie o 100 % do custo destes servizos que prestan os concellos.

Parlamento de Galicia 2 de maio de 2024





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2024 17:14:07
Nº Rexistro: 2959
Data envío: 02/05/2024 17:14:07.665

CSV: BOPGDSPG-vpZKbAoqt-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

8047

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e dos deputados **Secundino Fernández Fernández, Luis Bará Torres, Ariadna Fernández González, Iria Carreira Pazos, Montserrat Valcárcel Armesto, Olalla Rodil Fernández e Sonia Vidal Lamas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a posible implantación da macrocelulosa de ALTRI e a súa afección ao sector agrogandeiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa ALTRI a traveso de Greenfiber SL está a promover unha macrocelulosa en Palas de Rei. Unha macrofactoria que ocupará 366 has e que terá un forte impacto medioambiental, patrimonial e cultural tanto no concello de localización como nas comarcas limítrofes. Dende o punto de vista económico o impacto aos sectores produtivos existentes na zona tamén será moi considerábel.

Un deses impactos será o cambio de usos da terra debido a elevada demanda de eucalipto o que traerá consigo un incremento da eucaliptización e a perda de terras dispoñíbeis para as producións agrogandeiras

Un dos principais motores económicos da zona da pretendida implantación da macrocelulosa de ALTRI é o sector agrogandeiro. O sector





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

primario é fundamental para o mantemento económico e social das parroquias deste territorio situado no corazón de Galiza.

A Ulloa é unha comarca eminentemente gandeira, que desenvolve unha importante valorización do sector primario cun importante complexo de transformación. É un verdadeiro exemplo de economía circular.

Cando se fala de emprego a Xunta de Galiza gobernada polo PP nunca di nada dos preto de 4000 empregos directos (datos de marzo do 2024) do sector primario, do agrogandeiro; amén dos miles e miles de postos indirectos xerados ao carón do gando. Empresas de servizos, comercio, industrialización dos produtos, agroturismo, etc.

Esta comarca é onde está situada a denominación de orixe do queixo Arzúa Ulloa, a segunda do estado español en produción e en volume económico. Unha denominación que comercializa uns 4 millóns de kg de queixo resultante da utilización de 32,5 millóns de litros de leite das ganderías das comarcas da Arzua Ulloa. Unha denominación da que temos que estar orgullosos e a que temos que apoiar e coidar. Unha denominación que permite valorizar unha parte importante do leite que producen os centos de explotacións lácteas destas comarcas.

O risco que trae consigo a instalación desta macroplanta de produción de celulosa para o sector agrogandeiro é moi importante. Por un lado temos o forte incremento da demanda de eucalipto que traerá consigo unha demanda de terras para plantación desta especie invasora. Esta demanda implicará menor dispoñibilidade de terras para uso agrario nesta zona de forte implantación





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

gandeira. Estamos nunha zona no que a maioría da superficie está dedicada a produción de alimentos para a súa cabana gandeira. Esta competencia de terras non será o único motivo de preocupación, está tamén a contaminación atmosférica e das augas, o prestixio social da DO Queixo Arzua Ulloa... repercutindo dun xeito negativo sobre a valorización das granxas, das terras o turismo e a restauración, o que no seu conxunto vai favorecer a emigración e o empobrecemento da poboación.

O goberno galego do Partido Popular ten que pensar nos miles de familias que traballan e viven do sector agrogandeiro, ten que pensar nas miles e miles de persoas afectadas que viven nas parroquias destas comarcas e que loitan por manter un medio rural vivo. A Xunta de Galiza non pode apoiar esta macrofactoría que vai en contra do noso rural

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta o goberno galego a que se posicione en contra do proxecto de ALTRI en Palas de Rei.”

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2024

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sonia Vidal Lamas

Montserrat Valcárcel Armesto

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Ariadna Fernández González

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu **debate en Pleno**.

No ano 2021 O Pleno do Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade unha proposición non de lei do Grupo Socialista na que se instaba o Goberno galego a:

1. Crear unha partida orzamentaria específica con fondos propios, que complemente a participación en programas europeos e iniciativas privadas, para continuar implementando programas de recollida e recuperación de residuos mariños, co fin de chegar a actuar en 2023 na totalidade da costa galega, mediante incentivos financeiros ao sector do Mar.
2. Desenvolver campañas de información e sensibilización sobre o papel da cidadanía na loita contra a contaminación plástica e o lixo mariño.
3. Elaborar un plan específico para a reciclaxe de todos os obxectos recollidos, xa sexan redes, cordas, plásticos, latas ou outros residuos, no que se inclúa a recollida unificada das artes de pesca a bordo dos buques en bolsas ou contedores e a facilidade de instalacións axitadas nos portos.
4. Realizar unha avaliación anual das características e tipos de residuos recollidos co fin de levar a cabo accións de prevención.



Transcorridos 3 anos e o mesmo número de orzamentos o Goberno da Xunta non cumpriu esta petición.

O pasado mes de decembro de 2023 Galicia tivo que enfrontarse a unha grave crise medioambiental coa chegada á costa de sacas cheas de *pellets* que perdera un barco de mercancías preto da costa portuguesa.

Fóra da nefasta xestión levada a cabo polo Goberno galego evidenciouse, cos equipos de recollida feitos “*ad hoc*”, que existe unha gran cantidade de plásticos que chegan todos os días ás nosas costas.

Os principais prexudicados polos plásticos no mar son os ecosistemas mariños e, por extensión, a pesca, que supón un 2,1 % do PIB galego e un 3,2 % do emprego.

Polo tanto, dende o Partido Socialista seguimos reclamando á Xunta de Galicia que implemente políticas propias de loita contra o lixo mariño, a través dun programa propio con obxectivos cuantitativos e cualitativos que permita mellorar a situación na que nos atopamos na actualidade. E a maiores que cumpra co ditame aprobado no Pleno do Parlamento por unanimidade dos 3 grupos no mes de xuño de 2021.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a implementar políticas propias de loita contra o lixo mariño, a través dun programa propio con obxectivos cuantitativos e cualitativos e a cumprir co ditame aprobado no Pleno do Parlamento por unanimidade dos 3 grupos no mes de xuño de 2021.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2024





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen María Pomar Tojo, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez López e Roberto Rodríguez Martínez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de Motivos

Todo fai sospeitar que o Goberno de España, que preside Pedro Sánchez, mantén activo o seu plan oculto para implantar o pago polo uso das autovías. Logo de negar expresa e reiteradamente en campaña electoral que tivese previsto adoptar esa medida, agora vemos como, a modo de globo sonda, desvela que segue a apostar por este camiño.

O Goberno socialista defendeu durante anos que eran imprescindibles as peaxes nas autovías, comprometéndose con Bruxelas a activalas no ano 2024. Pouco despois, durante a campaña electoral, Pedro Sánchez negou taxativamente ese compromiso que logo se confirmou que si que existía, aínda que decidiron “retiralos” trala polémica suscitada.

Desde Galicia non podemos aceptar sistemas que agraven a nosa situación periférica, xa lastrada polo impacto de soportar as dúas autoestradas estatais coas tarifas máis caras de toda España. Unha decisión destas características suporía un novo agravio contra a nosa Comunidade e contra os miles de condutores que circulan polo noso territorio.

As formacións gobernamentais de esquerda, coa súa característica voracidade impositiva, buscan incrementar os ingresos do Goberno coas peaxes que pagarán os cidadáns, sen atender ao nivel de renda e obviando que estamos nun momento récord de recadación. Obvian tamén o impacto que estes pagos terían nos condutores profesionais e transportistas, que xa veñen sufrindo novos impostos relacionados coa súa actividade e os altos prezos dos combustibles.

Outro dos efectos de impoñer peaxes nas autovías sería que a maior parte do tráfico que agora circula por elas derivarase ás vías convencionais, xa en moitos casos colapsadas e onde se producen maior sinistralidade. De feito, as estatísticas indican que un 80% dos condutores optarían por circular por estradas convencionais ou vías secundarias. Este pago comportaríase como unha barreira de acceso ás autovías especialmente lesiva para os condutores con rendas máis modestas.





Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para solicitarlle que abandone calquera pretensión de implantar sistemas de cobro polo uso de autovías, por canto constitúen un agravio para comunidades periféricas como a galega ademais de provocar un prexuízo económico para os condutores e transportistas”

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2024



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Ernesto Abalde Alonso, Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Paloma Castro Rey**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ministro de Política Territorial e Memoria Democrática na reunión da Comisión Nacional de Administración Local (CNAL), á que asistiu a vicepresidenta cuarta e ministra de Hacienda y Función Pública, informou de que en 2024 as entidades locais recibirán 28.557 millóns de euros en recursos do sistema de financiamento estatal, a maior contía da historia, un 22,6 % con respecto a 2023, 5.260 millóns de euros máis.

En canto ás entregas a conta, para o conxunto das entidades locais, acadaranse os 23.773 millóns de euros, o que supón un incremento do 5,1 % respecto ás entregas de 2023. De igual xeito, a vicepresidenta cuarta e ministra de Hacienda y Función Pública comunicou que o Goberno vai flexibilizar a senda de estabilidade para este subsector, de maneira que as administracións locais pasarán dun obxectivo de superávit do 0,2 % en 2024 previsto no Programa de estabilidade de abril, a ter equilibrio orzamentario, sendo asumidas esas dúas décimas de marxe pola Administración xeral do Estado, que fará un maior esforzo de redución de déficit, permitindo ás corporacións locais dispor dunha maior marxe de gasto e de investimento.

As entidades locais galegas prevén recibir 1.600 millóns de euros en 2024 do financiamento estatal, uns 900 millóns de euros irán aos concellos (747 millóns de



euros neste exercicio) e uns 700 millóns de euros ás deputacións (590 millóns de euros neste exercicio), o que supón case un 23 % máis que en 2023, é dicir, 300 millóns de euros máis.

Fronte a este incremento dos fondos do financiamento estatal cara ás entidades locais, a Xunta de Galicia dende que goberna o PP ten conxelada a partida de financiamento aos concellos en 112,9 millóns de euros.

En 2024 o Goberno da Xunta establececeu que para as entidades locais dedican 600 millóns de euros segundo o artigo 58 da lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

No obstante, ano tras ano segundo consta nos informes do Consello de contas de Galicia respecto á conta rendida a execución orzamentaria real amosa que os datos son os seguintes:

- No ano 2019: 315,5 M de euros.
- No ano 2020: 333,2 M de euros.
- No ano 2021: 355,3 M de euros

E no derradeiro Informe do Consello de Contas de Galicia, respecto a Conta Xeral do ano 2022 é de 355,3 M de euros.



Por todo o antedito, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a acordar coa Fegamp o incremento do financiamento local a través do Fondo de Cooperación Local, con criterios obxectivos de reparto, para incrementar a autonomía financeira das entidades locais, que se vén obrigadas a asumir competencias impropias que a Xunta de Galicia non está a exercer.

Santiago de Compostela, 2 de maio do 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Ariadna Fernández González e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as medidas a tomar para garantir que tod@s @s nen@s galeg@s en idade pediátrica teñan asistencia en Atención Primaria por un profesional especialista en pediatría, independentemente de onde residan.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Propaganda da Xunta de Galiza, do Partido Popular, xa non son quen de agochar a situación dramática da Atención Primaria, a falta de profesionais, a desatención, as listas de espera. Dentro da alarma xeneralizada por esta situación é especialmente preocupante a falta de pediatras porque pon en risco a saúde da poboación infanto-xuvenil.

Esta situación está tendo como consecuencia que a atención por especialistas de pediatría @s nos@s nen@s e adolescentes non está garantida.

Segundo os últimos datos publicados polo IGE o número de pediatras en Atención Primaria no 2023, era de 325, cando en 2004 eran 405, 80 menos, un 20% menos.

194 concellos sen ningún pediatra. Hai comarcas enteiras, sen atención pediátrica; 11 mil nen@s sen pediatra asignado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A isto hai que engadir unha idade media moi elevada, xa que o 25% ten máis de 63anos e o 45 máis de 65.

Insuficiente oferta de prazas de formación Mir, e centrada na formación hospitalaria

Desigualdade, falta de equidade, ao ser moito máis elevada a non existencia de pediatras nas áreas rurais.

As consecuencias son axendas sobrecargadas, non se dá atendido máis alá das cuestións urxentes. A actividade non urxente, como as revisións periódicas, controis de saúde, calendarios vacinais, están sendo relegadas, aprazadas constantemente, cada vez por períodos máis longos de tempo.

Supón desprazamentos a outros centros de saúde, no mellor dos casos, na maioría sen atención directamente, ou acudir ás urxencias hospitalarias.

Non pode haber nenos e nenas de primeira e de segunda, non se pode permitir a discriminación da Xunta no acceso ao servizo de pediatría.

@s nen@s galeg@s teñen dereito á asistencia polos profesionais especialistas en pediatría.

Precisan unha atención experta, axustada ás súas necesidades, unha infancia atendida e coidada é a mellor garantía de persoas adultas máis sans. Un especialista en Pediatría está durante catro anos formándose en enfermidades exclusivamente pediátricas,e o resto de especialistas só 2 ou 3 meses.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1.- Tomar todas as medidas para garantir que tod@s @s nen@s galeg@s en idade pediátrica teñan asistencia próxima ao seu domicilio, en Atención Primaria por un profesional especialista en pediatría, independentemente de onde residan.

2.- Presentar, no prazo máximo de tres meses, un informe no Parlamento Galego no que conste:

a) Número de pediatras traballando en Atención Primaria, distribución por centros sanitarios, situación laboral, número de nen@s que atende cada un.

c) Centros de saúde, e concello no que se sitúan, que non contan con atención pediátrica e número de nen@s que non teñen asignado pediatra, desagregado por concellos.

d) Previsión de xubilacións de profesionais de pediatría en Atención Primaria nos vindeiros cinco anos.

3.- Tomar todas as medidas precisas para garantir o número de prazas Mir en pediatría suficientes para cubrir o total de prazas que garanta a atención á totalidade de nen@s galeg@s e que na súa formación a presenza en Atención Primaria sexa acorde á porcentaxe que representan as prazas da especialidade na mesma (60%).”

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Ariadna Fernández González

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

O campus universitario de Pontevedra tense convertido nun dos principais motores de actividade económica e desenvolvemento social do noso concello e da súa comarca, unha potencialidade pola que debemos apostar aínda máis, atraendo novas titulacións e incrementando o número de estudantes aquí matriculados.

Unha boa parte dos máis de 4.000 alumnos e alumnas do Campus Crea non só estudan en Pontevedra, senón que viven tamén na nosa cidade, pero existe unha eiva histórica que impide fixar aínda máis poboación universitaria, a falta dunha residencia pública de estudantes, problema agravado tralo peche hai anos dunha das dúas residencias privadas que existían.

Con este fin a Universidade de Vigo leva anos explorando diversas alternativas de emprazamento que finalmente nunca se materializaron.

En plena precampaña das eleccións municipais de 2023, o PP e a Xunta de Galicia, desoíndo á cidadanía e aos profesionais da sanidade pública, anunciaron a súa intención de desmantelar o Hospital Provincial como centro sanitario coa escusa de destinalo a residencia universitaria, intención que foi ratificada nas recentes eleccións autonómicas polo presidente da Xunta, Alfonso Rueda, e, entre ambas citas electorais, en diversas ocasións, sempre coa complicidade do PP local.



Pontevedra precisa ambos equipamentos, unha residencia universitaria que dea resposta á demanda de aloxamento da nosa poboación universitaria e tamén unha máis completa atención sanitaria, que trala entrada en funcionamento do novo Hospital de Montecelo e o traslado de parte dos servizos que actualmente se prestan no Hospital Provincial, atopará neste edificio, destinado a usos sanitarios desde a súa orixe, o mellor emprazamento para, por exemplo, crear un servizo de urxencias extrahospitalario, unha unidade de saúde mental comunitaria, un novo centro de atención primaria, servizo de rehabilitación extrahospitalario, centro de orientación familiar, centro de atención integral a drogodependentes, camas para atención de enfermos crónicos, hospital de día para persoas dependentes, así como outros de nova creación que sexan precisos para unha atención de calidade.

Todo isto na liña do xa demandado en 2017 na Proposición de lei, por iniciativa legislativa popular, para a creación do hospital público e único de Pontevedra mediante a ampliación do Hospital Montecelo, apoiada pola sinatura de 11.039 pontevedreses e pontevedresas.

Os Socialistas entendemos que manter o Hospital Provincial para usos sanitarios é perfectamente compatible coa creación en Pontevedra da demandada residencia universitaria, que tería no antigo asilo de anciáns da rúa Loureiro Crespo (Residencia Virxe do Camiño) un emprazamento máis acaído que o pretendido polo PP e a Xunta. Trátase dun edificio mellor adaptado a este uso, cunha ampla zona verde e que, tralo recente informe da Oficina Técnica de Licenzas e Inspección ao respecto, resulta tamén viable desde o punto de vista urbanístico.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:



O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Colaborar coa Universidade de Vigo e o Concello de Pontevedra na formalización dun acordo que permita a adquisición da antiga Residencia Virxe do Camiño da rúa Loureiro Crespo, de cara a rehabilitala e transformala en residencia universitaria.
2. Garantir o uso sanitario do Hospital Provincial de Pontevedra trala entrada en funcionamento do novo Hospital de Montecelo.
3. Crear, antes do remate das obras do Gran Montecelo, unha mesa de traballo cos sindicatos, as asociacións profesionais máis representativas do sector e os concellos da área sanitaria de Pontevedra e O Salnés, co fin de definir e acordar o Plan de Usos Sanitarios do Hospital Provincial de Pontevedra.

Parlamento de Galicia, 2 de maio de 2024



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Miño é un dos concellos de Galicia que ten un incremento poboación máis importante. Segundo datos do INE experimentou nos últimos cinco anos (2017-2022) un incremento da súa poboación de máis do 12 % con un incremento significativo de nenos e nenas en idade escolar

Nestas circunstancias o CPI Castro Baxoi, do Concello de Miño, presenta unha situación a todas luces insostible no que se refire tanto ás súas infraestruturas tanto docentes como aos servizos complementarios educativos.

Esta situación xa foi denunciada reiteradamente dende o ano 2022 pola ANPA e no Concello de Miño aprobouse unha declaración institucional na que se daba o apoio ás demandas das familias; pero tampouco frutificou.

Para o curso 23-24 pechouse un aula de 4º de Educación Infantil por non acadarse a ratio necesaria, aínda que polas circunstancias de Miño (aumento do alumnado durante todo o curso escolar pola chegada de novas familias e pola existencia dun centro de menores tutelados na localidade) era de prever que esta se superase xa nos primeiros meses do curso, como así sucedeu. Ademais, a supresión deste grupo conlevou tamén a perda dunha mestra de apoio, quedando toda a etapa de Educación Infantil restante (5 aulas) con só unha persoa de apoio.



Ante esta perspectiva, a ANPA e o resto da poboación de Miño mobilizáronse coa recollida de máis de 1.200 sinaturas e concentracións reiteradas de protesta da comunidade educativa que tratou, sen éxito, evitar esta supresión. A resposta dende a Consellería foi que de incrementarse a matrícula durante o curso revisarían esta decisión.

Volveuse a intentar en agosto de 2023, antes de comezo de novo curso, dado que no Concello de Miño presenta un empadroamento mensual de arredor 50 novos veciños ao mes e tamén polo incremento de alumnos con necesidades especiais que non contaban coa atención correspondente.

A ratio quedou rebasada neste curso xa hai máis de dous meses, e desde a Consellería de Educación a resposta ante a crecida de novas matrículas foi a proposta duns “barracóns” provisionais que non darían tampouco a solución adecuada de cara a nova situación. Ademais de non atender a demanda de un/unha profesor/a de apoio que nunca foi respondida.

Ademais, o edificio que aloxa ás áreas de Educación Infantil e Primaria leva en funcionamento 29 anos e desde o momento en que se constituíron non tiñan nin comedor, nin cociña, nin salón de actos. Anos despois, engadiuse un espazo para ESO con aulas e aseos propios, o resto das instalacións son compartidas coa parte de Educación Infantil e Educación Primaria. E o comedor quedou, finalmente, habilitado en 2022 nun espazo en semisótano que restara da obra inicial. Ata ese momento o servizo de comedor realizábase nas aulas. A día de hoxe continúan sen cociña nin espazo para implementala polo que o cátering para dar de comer a máis de 100 nenas e nenos é a única solución. Ao mesmo tempo, o Concello pon a disposición da Consellería a dotación de terreos necesaria para a ampliación das infraestruturas académicas e de servizos.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Dotar ao CPI Castro Baxoi de Miño das instalacións docentes necesarias e os recursos humanos para garantir o cumprimento das ratios durante todo o curso nas aulas tanto de Educación Infantil, Primaria e ESO sen instalacións provisionais, ante o incremento do alumnado que se produce durante o curso escolar nos últimos anos.
2. Habilitar as infraestruturas necesarias para dispor dos servizos complementarios, como un salón de actos, atendendo así tanto ás demandas do Anpa como do Concello de Miño.

Santiago de Compostela, 2 de maio do 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa á situación insostíbel de falta de persoal no centro de saúde de Ribeira e as graves consecuencias que está a ter para os e as pacientes do mesmo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Malia os centos de anuncios e a propaganda do Partido Popular, o certo é que a sanidade pública de Galiza está en estado de emerxencia como consecuencia dos recortes, a redución de orzamentos, a infradotación de persoal, de materiais e de investimentos.

Dentro deste deterioro xeralizado, a Atención Primaria está a ser unha das principais damnificadas polas nefastas políticas da Consellaría de Sanidade: Listas de agarda cada vez maiores, sobrecarga asistencial dos e das profesionais, saturación dos PACs, cupos moi por enriba do establecido, redución de persoal, non substitución nin por xubilación, nin por vacacións, nin por enfermidade, nin por outro tipo de licenzas ou permisos, axendas saturadas, pacientes sen atender, repercusión desta situación nefasta nas urxencias hospitalarias, etc., etc., etc.

Non se trata de “casos puntuais” como adoita desculparse a Consellaría diante de calquera denuncia, ben pública, ben en sede parlamentaria. Son as consecuencias de decisións que trouxeron á Atención Primaria a un deterioro estrutural diante do que a Xunta de Galiza non actúa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O centro de saúde de Ribeira é paradigma da situación que se acaba de describir e leva anos nunha situación límite, que afecta tanto aos propios profesionais como aos e ás usuarias do mesmo, nas que repercute fundamentalmente este abandono.

A situación vivida este mesmo mércores, aínda non sendo a primeira vez que se dá, non deixa de ser alarmante: Só había catro médicos consultado. acudiron catro. Dos que non estaban, tres están de baixa e, destes, dous son de longa duración. Dous máis estaban ausentes por outros motivos. A todo isto, hai que sumar que hai dúas prazas que están sen cubrir.

Os e as traballadoras do centro recoñecen que esta precaria situación mantense dende hai moito tempo, o que está a repercutir na calidade asistencial sobre todo dos e das enfermas crónicas. Calculan que entre 5.000 e 6.000 cartillas non teñen médico fixo no centro.

Diante destas queixas, a xerencia respostou co seu argumentario habitual: A falta de médicos prodúcese en todo o Estado e a Xunta de Galiza está a facer todo o que pode para cubrir as vacantes. Desculpas que xa non son de recibo despois de 15 anos de responsabilidades de goberno do Partido Popular, que mantén esta situación sen mellorar as condicións laborais dos e das profesionais para facilitar que as prazas se cubran e que provoca verdadeiros problemas aos usuarios e usuarias dese centro.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a cubrir de inmediato as ausencias do persoal médico, nomeadamente as prolongadas, do centro de saúde de Ribeira para evitar que se sigan producindo situacións de colapso como as recentemente ocorridas.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2024

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 26/04/2024 10:39:35

Rosana Pérez Fernández na data 26/04/2024 10:39:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Cristina Fernández Davila** e do deputado **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre tomar medidas para garantir o acceso ao transporte público do alumnado matriculado en ensinanza postobrigatorias nos concellos do rural galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte público debe ser un servizo fundamental que as administracións públicas deben ofrecer á cidadanía, debido ao seu carácter vertebrador, dinamizador e democratizador da sociedade.

Alén destas características, o transporte público vén de gañar, nos últimos anos, unha importancia superior, xa que debe exercer como un dos eixos fundamentais na loita contra o cambio climático, reducindo cada vez máis o uso dos vehículos privados e gañando en calidade ambiental.

Estas son algunhas das potencialidades dun bo servizo público de transporte, mais para que estas potencialidades poidan ser explotadas, é fundamental que as políticas públicas de mobilidade se deseñen en consonancia a estas potencialidades.

Atender a cuestións tan importantes como a intermodalidade, é central para conseguir facer que o uso deste servizo sexa útil e atractivo para a poboación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Actualmente, o rural galego vive un problema maiúsculo coas súas liñas de transporte público, xa que á perda de calidade nos últimos anos, debemos engadirlle a eliminación de paradas e traxectos, atrasos etc.

Cando unha usuaria dunha vila do rural quere utilizar o transporte público para moverse entre diferentes cidades, vive unha auténtica odisea, xa que as conexións entre as vilas e as cidades do rural son moi escasas e dunha duración por traxecto moi elevada.

Concretamente, se falamos das persoas que cursan estudos postobrigatorios fóra do seu concello de residencia, atopámonos cunha falta de planificación e recursos da Xunta de Galiza que fai que, de xeito reiterado, fiquen moitas desas usuarias sen poder acceder ao servizo.

É fundamental garantir un servizo de transporte público que permita que a mocidade de concellos do rural galego, sexa quen de cursar os seus estudos postobrigatorios no sistema público de ensino, sen ter que sufrir unha discriminación por orixe e sen ter que renunciar aos estudos que desexa cursar, por non existir un servizo de transporte público que cubra as súas necesidades.

Son moitas as queixas e denuncias, así o manifestaba o último informe da Valedora do Pobo, que poñen de manifesto o mal funcionamento deste servizo, a discriminación por orixe á mocidade do rural, sobre todo dende as parroquias, e unha dificultade manifesta para facer cadrar, dun xeito aceptábel, os horarios do transporte público co comezo das aulas nos centros de ensino de referencia e incluso nas universidades.

É por isto que se está a fallar na planificación e execución das políticas públicas de mobilidade interurbana no rural, xa que na contra de facilitar un desprazamento máis





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

limpo e barato, practicamente obrigan ás usuarias e usuarios e depender dun vehículo particular.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta o Goberno da Xunta a:

1.- Garantir o acceso ao servizo de transporte público ás estudantes do ensino postobrigatorio e a súa conexión cos centros de ensino de referencia e universidades.

2.- Mellorar o servizo de transporte público por estrada no rural galego, con especial atención ás conexións das vilas coas cidades e os servizos de referencia.”

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 26/04/2024 12:00:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2024 12:08:35
Nº Rexistro: 2629
Data envío: 26/04/2024 12:08:35,776

Paulo Ríos Santomé na data 26/04/2024 12:06:58

Ana Pontón Mondelo na data 26/04/2024 12:06:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a reforma do centro de saúde de Meira anunciada pola Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 2021 o Goberno do Partido Popular na Xunta anunciou a reforma do Centro de Saúde de Meira, que presta tamén servizos de PAC para os concellos da Ribeira de Piquín, Meira, A Pastoriza, A Pontenova, Riotorto e Pol.

As obras consistirían na “ampliación para instalar servizos como unha consulta de enfermería pediátrica, unha sala polivalente, unha sala de técnicas (probos complementarias, citoloxías...), un almacén ou unha sala de limpeza. Tamén se adaptarán os aseos, a recepción e o arquivo, entre outros traballos”, tal e como recolle a nota de prensa publicada pola propia Xunta.

Para levar a cabo esa reforma, o Goberno galego informaba da sinatura dun convenio co concello polo que a administración autonómica comprometía 300 mil euros destinados a sufragar a “elaboración, supervisión e aprobación do proxecto técnico, así como a contratación e dirección das obras de modernización e ampliación do centro de saúde”. Pola súa banda, o concello “comprometeríase a recoller unha bonificación do 95% do imposto sobre construcións, instalacións e obras, de acordo co disposto no artigo 103.2.a) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non sería até outubro de 2022 cando se difundiu na web de Contratos de Galicia o procedemento: AB-SER3-22-054. Contratación dos servizos de redacción de proxecto básico e de execución e dirección de obra da ampliación e reforma do centro de saúde de Meira (provincia de Lugo) por valor de 158.844,15 con IVE.

Este procedemento de contratación resolveuse con data 27-12-2022 e un importe de 127.050,00 € establecéndose un prazo de 6 meses para a execución do mesmo.

Un ano despois, en novembro de 2023 o conselleiro de Sanidade visitou Meira para anunciar o “compromiso da Xunta de Galiza co Concello de Meira” coa reforma do Centro de Saúde cunha partida orzamentaria de 200 mil euros. É dicir, anunciar de novo o xa anunciado e adxudicado mais nunca executado contrato de reforma do Centro de Saúde de Meira.

Para o Bloque Nacionalista Galego todo o acontecido arredor da necesaria reforma e ampliación do centro de saúde de Meira que acolle tamén o servizo de PAC da comarca é simplemente vergoñento e inadmisíble. Ao longo deste anos o Partido Popular non só incumpriu os seus propios anuncios senón que parece tomar por parva a veciñanza anunciando o mesmo con dous anos de diferenza.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a iniciar de inmediato as obras de reforma do centro de saúde de Meira cumprindo coa máxima celeridade e dilixencia os compromisos adquiridos coa veciñanza deste concello e da comarca.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, a Cámara insta o Goberno galego a pedir desculpas publicamente polos retrasos e incumprimentos destes anos polo prexuízo causado.”

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2024

Asdo.: **Montserrat Valcárcel Armesto**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 26/04/2024 13:14:21

María Montserrat Prado Cores na data 26/04/2024 13:19:00

Olalla Rodil Fernández na data 26/04/2024 13:19:02



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Rubén Lorenzo Gómez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, Raúl Santamaría González e Borja Vereza Fraiz** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Comisión 4ª Educación e Cultura**.

A Xunta de Galicia, atendendo sempre ás necesidades e ás dispoñibilidades orzamentarias, leva realizando desde 2009 un traballo continuo de planificación e execución de obras en centros educativos da nosa comunidade.

Non se pode esquecer que as infraestruturas educativas son fundamentais para a prestación dun servizo educativo de calidade, equidade e igualdade, termos que desde o Partido Popular consideramos que deben marcar a direccións das políticas educativas de Galicia.

Na actualidade o noso sistema conta cuns 1.100 centros educativos repartidos polas catro provincias galegas e presentes no 90% dos concellos. Un importante sistema que precisa dunha constante adaptación ás novas realidades educativas, sociais e tecnolóxicas.

A través de recursos propios, recollidos nos correspondentes orzamentos autonómicos anuais, a Administración educativa galega está a afrontar obras e actuacións de mellora que permiten que Galicia estea a renovar progresivamente as instalacións educativas existentes, xa que se considera un elemento que redunde no benestar do alumando galego e na calidade do propio sistema educativo.

O Grupo Parlamentario Popular reconece que a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades ten como prioridade manter e mellorar os centros educativos de Galicia. Desde esta perspectiva, o Goberno galego desenvolve o Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica desde o ano 2021, unha folla de ruta a través da que se aborda a actualización e a mellora das infraestruturas educativas, adaptándoas ás esixencias dun ensino moderno e integrador.

Desde o inicio da súa execución, a Xunta de Galicia impulsou máis de 1.355 obras en centros escolares. Das cales, 270 correspondéronse a grandes actuacións e o resto,

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



máis de 1.000 actuacións, a traballos de mediano e pequeno impacto. Tamén se realizaron, neste ámbito, máis de medio centenar de instalacións fotovoltaicas, enfocadas a seguir avanzando cara centros educativos máis respectuosos co medio.

Sen dúbida a Xunta está a facer un importante esforzo en materia de mellora de infraestruturas educativas, mais o Grupo Parlamentario Popular cree que este traballo autonómico e, nalgúns casos, os esforzos que teñen que acometer os concellos, debería verse reforzado e acompañado con recursos achegados desde o Estado aproveitando os fondos europeos para a recuperación e a resiliencia previstos para estes anos.

Por todo o exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que solicite ao Goberno de España un fondo específico de cooperación territorial, dotado con fondos europeos, para que as Administracións autonómicas e locais, dentro das súas respectivas competencias, contén con máis recursos coa finalidade última de mellora dos centros educativos e adaptalos aos novos retos da sociedade actual”.

Santiago de Compostela, 26 de abril 2024.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 26/04/2024 13:56:12

Rubén Lorenzo Gómez na data 26/04/2024 13:56:31

Patricia García González na data 26/04/2024 13:56:48

Dolores Hermelo Piñeiro na data 26/04/2024 13:57:22

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





Raúl Santamaría González na data 26/04/2024 13:57:30

Borja Vereza Fraiz na data 26/04/2024 13:57:42

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Cristina Fernández Davila** e **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a situación dos Conservatorios de Música Municipais galegos..

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza existe unha rede de Conservatorios con ensinanzas especiais no ámbito musical regradas e que as competencias son asumidas polos concellos onde se atopan situados, aínda tendo alumnado que reside nos concellos próximos ou incluso de vilas onde os conservatorios da Xunta se atopan sen prazas vacantes dos instrumentos escollidos polas estudantes. Amais temos centros que reciben estudantes do país veciño, Portugal.

Este é o caso de 23 conservatorios en todo o País. Concellos tan diversos como Tui, O Barco de Valdeorras, Vilagarcía de Arousa, Carballiño, Redondela, Ponteareas, Viveiro, Carballo, Cangas ou Monforte de Lemos entre outros, que deben asumir a xestión e o custo practicamente completo dos centros educativos de Música, con titulación oficial e regrada, no Grao Profesional e que dependen directamente da Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e FP.

Deste xeito, danse unha serie de circunstancias absurdas e contraditorias que só teñen o obxectivo claro, por parte da administración autonómica, de non asumir a competencia propia da Consellaría de Educación e así evitar os custos que supón o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mantemento, dotacións e recursos, tanto materiais (instrumentos por exemplo) e dos docentes e non docentes do cadro de persoal.

Non parece apropiado que un concello asuma o custo desta etapa formativa ao alumnado matriculado no Conservatorio cando a súa residencia está noutro concello. Tampouco debера suceder que teña que facerse cargo do custe da contratación dun programa informático concreto que xestione as actas, solicitude de títulos... de xeito normalizado segundo os criterios da Consellaría.

Por outra parte, o alumnado matriculado nos conservatorios municipais están nunha situación clara de discriminación con respecto ao alumnado de conservatorios dependentes da Xunta e situados nas cidades (Vigo, Pontevedra, Santiago, A Coruña, Ferrol, Ourense ou Lugo), por cuestión do importe das taxas, que nos centros municipais sempre son maiores por mor do custo do servizo, recollido en ordenanzas municipais, aínda que non cobren unha mínima parte do necesario, permitido polas Intervencións Municipais por considerarse un servizo de interese xeral.

Tampouco, estes centros municipais, teñen acceso ás listaxes de profesorado da Consellaría para a substitución de baixas laborais, permisos ou vacacións, ou incluso para cubrir vacantes, dándose en numerosas ocasións situacións de imposibilidade de cobertura das mesmas e a consecuente falta de atención docente ao alumnado. Estas clases perdidas son practicamente imposible de recuperar por cuestión de horarios e incompatibilidade do alumnado con outros estudos ou actividades.

Por outra parte, os concellos onde se atopan estes centros educativos Municipais, teñen unha longa tradición de agrupacións de diferentes ámbitos musicais e unha gran demanda de prazas, polo que non é factible a súa desaparición e peche.

Polo tanto, este posicionamento por parte do Goberno da Xunta de Galiza con respecto ao abandono das súas competencias está xerando un espolio de recursos dos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Concellos. Estes asumen a xestión e gastos que xeran servizos como as Escolas Infantís, Residencias de Maiores, Colexios no rural, Servizo de Axuda no Fogar, e un longo etc., mingando dese xeito os recursos orzamentarios en millóns de euros e deixando de executar actuacións, servizos e obras que si son competencia propia da administración local.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

- Asumir as súa competencia con respecto aos Conservatorios con titulacións oficiais, xestionar e costear o servizo educativo na súa totalidade: mantemento, dotacións, materiais educativos e instrumentos, persoal docente e non docente.

- En tanto planifican, asumir a competencia dos conservatorios municipais galegos, convocar axudas aos concellos que cubran os custos da súa xestión, colaborar na substitución ou cobertura de prazas vacantes do persoal docente mediante as listaxes da Consellaría de Educación e proporcionar as ferramentas informáticas que se precisen.

- Crear unha rede de conservatorios profesionais de música, agrupando os centros por comarcas, de acordo a criterios territoriais de proximidade, así como de poboación total, tendo en conta unha oferta equilibrada territorialmente e atendendo aos datos de poboación e propostas dos diferentes Concellos.

- Escoitar previamente ás direccións dos centros e as comunidades educativas e aos Concellos para avanzar no obxectivo de que pasen a ser Conservatorios da Xunta de Galiza.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 29/04/2024 09:29:59

Mercedes Queixas Zas na data 29/04/2024 09:37:55

Ana Pontón Mondelo na data 29/04/2024 09:37:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Alexandra Fernández Gómez** e do deputado **Iago Suárez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a pésima tramitación do Programa bono alugueiro mocidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O *Observatorio de Emancipación del Consejo de la Juventud de España* sinala no seu último informe que a taxa de emancipación entre 16 e 29 anos en Galiza baixou 1,2 puntos porcentuais nun ano, situándose no 15,3%. Esta evolución negativa contrasta coa leve melloría na media do conxunto do Estado, que mellora nun punto a media galega. Estes malos datos evidencian as pésimas políticas públicas por parte da Xunta en materia de vivenda e da falla de preocupación ante este drama social.

Hai múltiples causas que condicionan as dificultades de acceso á vivenda da mocidade, como son a precariedade laboral ou o incremento de prezos do mercado da vivenda. Cuestións, todas elas, ante as que o executivo galego non está a pór medidas que faciliten a emancipación da xente moza.

Ao contrario, a Xunta non ten impulsado ningún programa específico que permita aos mozos e mozas lograr unha vivenda a prezos accesibles. Nin a través de axudas específicas, nin a través dunha bolsa de vivenda pública, ou a prezos limitados, suficientes.

A única medida que existe neste momento é o Programa bono alugueiro mocidade impulsado dende o Goberno. Un programa con recursos insuficientes para





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

chegar a todos os posibles receptores anunciados. Ante isto nin a Xunta de Galiza nin o goberno central amplían a súa aportación. Tampouco o goberno galego establece outras liñas de axuda propias, como si teñen outras CCAA.

En conclusión, en materia de emancipación o goberno de Rueda actúa apenas como unha oficina de xestión e tramitación dunha medida estatal insuficiente, sen vocación de actuar máis alá e de exercer as súas competencias nesta materia. O que resulta aínda máis grave é que incluso boicotean esa política de mínimos obstaculizando a tramitación da axuda estatal.

En primeiro lugar produciuse unha demora na convocatoria das axudas en 2022. En segundo lugar, houbo unha negativa por parte do goberno galego de adecuar as bases da convocatoria das axudas á realidade dos pisos compartidos, tal e como o demandou este grupo. En terceiro lugar, volven a acumularse demoras na tramitación e notificación das axudas.

Segundo a propia convocatoria das axudas, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do procedemento é de 3 meses. Xa en outubro de 2022, dende o BNG advertimos que non se estaban a respectar os prazos marcados e instamos a Xunta a cumprir escrupulosamente os prazos de ditame e notificación das resolucións nas solicitudes.

Durante todo o ano 2023 a Xunta mantivo a convocatoria de 2022 aberta e non foi até xaneiro de 2024 cando a directora técnica de Fomento do IGVS certificou o esgotamento de crédito da convocatoria de 2022. Por se fose pouco o retraso, non foi até o 15 de marzo que o director xeral do IGVS, ditou as resolucións polas que se denega a subvención do Programa, unha vez transcorrido o período electoral.

De forma que son centos os mozos e mozas que veñen de recibir unha notificación en abril de 2024 dunha convocatoria de axudas do ano 2022. Non é





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

admisible que os mozos e mozas que a solicitan, teñan que estar anos costeando do seu peto o aluguer íntegro, mentres agardan con incerteza se lograrán ser un dos afortunados que recibirán a axuda, porque son miles as solicitudes que se rexeitan. Esta demora acaba por supor un boicot á propia vocación da axuda, que é dar soporte a esa persoa moza que non se emancipa porque o salario non lle alcanza para pagar unha vivenda. Se este bono chega, con sorte, anos despois deixa de ser útil para ese cometido.

Por tanto a Xunta de Galiza ten todo por facer en materia de emancipación. Ten que deixar de boicotear as axudas estatais e ten que desenvolver unha política propia de emancipación, con medidas e investimento suficiente.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:

- Realizar a convocatoria do programa bono alugueiro mocidade para o ano 2024.
- Solicitar ao goberno central un incremento da aportación realizada e aumentar con fondos propios a partida destinada ao bono alugueiro mocidade, de forma que permita ampliar o número de potenciais beneficiarios.
- Adecuar os criterios e as contías á realidade do mercado inmobiliario.
- Cumprir de forma escrupulosa os prazos de ditame e notificación das resolucións.
- Adecuar o Programa de bono alugueiro mocidade á realidade dos pisos compartidos, pasando a considerar que no suposto de contratos de arrendamento de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

vivendas con varias persoas arrendatarias e convivintes sen relación de parentesco, o límite máximo de importe de prezo do alugueiro sexa proporcional a dito número de persoas.

- Despregar programas propios de emancipación da Xunta, que de forma complementaria, dea cobertura aos mozos e mozas con poucos recursos que quedan excluídos do Programa de bono alugueiro mocidade, como son a mocidade que se despraza por motivos de estudo sen contrato laboral.

- Implementar, dende o IGVS, unha oficina de información e orientación á emancipación, ofrecendo atención individualizada e adecuada segundo as franxas de idade, o xénero ou a situación socioeconómica.”

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Iago Suárez Fernández

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 29/04/2024 10:52:23

Iago Suárez Fernández na data 29/04/2024 10:58:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 29/04/2024 10:58:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Daniel Castro García** e da deputada **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de que o goberno da Xunta de Galiza solicite a transferencia das competencias das bolsas de axuda ao estudo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O noso autogoberno permite que o noso país poida xestionar a súa educación coa inmensa maioría das competencias. Pese a isto, segue habendo decisións que o noso goberno non pode tomar porque seguen en mans do Estado. Un exemplo importante é o das bolsas de axuda ao estudo tanto universitario como non universitario.

Por esta razón, o Bloque Nacionalista xa no 2019 reclamaba no Parlamento galego a transferencia das competencias cunha iniciativa que acadaba o acordo unánime da cámara. Un acordo que, contrariamente ao acordado, non acabou por efectuarse.

Por esta razón é necesario que o goberno galego volva reclamar estas competencias para conseguir que as bolsas de axuda ao estudo sexan máis áxiles, máis adaptadas á realidade galega e sobre todo máis amplas.

Esta medida non é algo excepcional no Estado, xa que tanto Catalunya como Euskadi xa contan con esa competencia nos seus respectivos gobernos, algo que mostra que Galiza pode contar con esta competencia sen ningún tipo de problema. Iso si, esta medida tería que vir acompañada da dotación orzamentaria e de persoal necesario.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a dirixirse ao Goberno do Estado para reclamar a transferencia das competencias relacionadas coa administración das bolsas de axuda ao estudo, vindo estas acompañadas da dotación orzamentaria e do persoal necesario.”

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2024

Asdo.: **Daniel Castro García**

Cristina Fernández Davila

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 29/04/2024 11:18:49

Cristina Fernández Davila na data 29/04/2024 11:24:24

Ana Pontón Mondelo na data 29/04/2024 11:24:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de restituír o profesorado eliminado a comezos de curso no CPI Castro Baxoi de Miño (A Coruña).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O curso 2023-2024 comezaba no CPI Castro Baxoi de Miño coa eliminación dunha unidade de 4º EI e a supresión dunha praza docente e mais doutra de apoio por orde da Consellería de Educación, nunha decisión política enmascarada por unha cuestión numérica e carente de criterios pedagóxicos.

Este CPI é o principal centro educativo do concello e as consecuencias que se prevían de afectación á calidade educativa do alumnado eran inmediatas:

- Acrecentábase a ratio dun grupo tan delicado como é 4º de EI, o 1º curso de entrada na escola con 3 anos (non cumpridos nalgúns casos).
- Diminuía a capacidade de atención á diversidade educativa que presenta o centro: 1 única profesora de apoio para 5 aulas de EI.

As familias de Miño fixeron público o seu malestar e mobilizáronse en defensa do mantemento do desdobre da aula de 4º EI, xa que era de esperar que a matrícula puidese aumentar ao longo do curso, como adoita acontecer debido ao aumento continuo de poboación neste concello, o que afectaría aínda máis ás crianzas con





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

necesidades especiais que non estaban suficientemente atendidas por causa da redución das profesionais de apoio.

Unha demanda xusta que o pleno do concello tamén apoiou cunha declaración institucional aprobada por unanimidade, mais a Consellería de Educación decidiu facer ouvidos xordos e ordenou comezar o curso cos recortes de profesorado mencionados.

Tal e como describimos na Comisión 4ª de Educación e Cultura na pasada lexislatura, as previsións cumpríronse. Ao longo do curso a ratio medrou até chegar a ser na actualidade de 26 alumnos na única aula de 4º de EI; deses alumnos, 3 teñen necesidades especiais (aínda que só unha delas está informada). Esta circunstancia daría pé a un desdobre xa obrigatorio pola propia normativa da Xunta de Galiza, sen necesidade dunha nova matrícula, mais a Xunta segue a ignoralo e a preocupación das familias non deixa de medrar.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta a:

- Restituír o profesorado de apoio eliminado e amplialo, se for preciso, para atender as actuais necesidades educativas do alumnado en educación infantil do CPI Castro Baxoi de Miño.

- Estudar, coa comunidade educativa e antes de rematar o presente curso, un plan docente para dar cabida ao alumnado do CPI Castro Baxoi atendendo ás aulas dispoñíbeis no centro, ao alumnado actual e a progresión de matrícula crecente e á baixada progresiva de ratio máxima aprobada pola Xunta de Galiza en xaneiro de 2024.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Cristina Fernández Davila
Deputadas do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 29/04/2024 11:32:34

Cristina Fernández Davila na data 29/04/2024 11:36:17

Ana Pontón Mondelo na data 29/04/2024 11:36:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Oscar Insua Lema Iago** e **Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para mellorar a financiación dos concellos en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os problemas que están sufrindo a gran maioría dos concellos galegos pola falla dunha xusta financiación das súas economías, non é unha novidade para o goberno e os anos pasan sen que a Xunta pareza disposta a resolver a curto prazo unha demanda unánime no municipalismo. As resolucións sobre financiamento local, sobre a autonomía e competencias locais e o desenvolvemento estratéxico aprobada na XI assemblea da FEGAMP de novembro do pasado ano, analizan a situación actual e resumen perfectamente cales son os retos a superar nesta lexislatura.

A respecto do financiamento local, este problema estrutural agrávase pois ao inmovilismo financeiro do Estado e das CCAA hai que engadir a continúa atribución de competencias e o incremento do requirimento das propias ás entidades locais, que xa veñen anunciando a posibilidade dunha nova crise a nivel municipal. A última reforma do financiamento local é do ano 2004, que non se actualizou no ano 2010 coa reforma do financiamento autonómico, polo que o sistema leva 20 anos sen renovarse, namentres aumentan a un ritmo acelerado os servizos que teñen que prestar e asumir os concellos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Artigo 142 da tan aclamada Constitución española que establece que as Facendas locais deberán dispor dos medios suficientes para o desempeño das funcións que a lei atribúe ás Corporacións respectivas e nutriranse fundamentalmente de tributos propios e de participación nos do Estado e das Comunidades Autónomas, é incumplido de forma reiterada polas administracións encargadas de repartir os fondos de financiación. No ano 2023, mentres que a Xunta percibía 8.788 millóns de euros na entrega a conta do sistema de financiamento local, os concellos só percibiron 729 millóns de euros.

O artigo 9.7 da Carta Europea da Autonomía Local establece que “*na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non deben ser destinadas ao financiamento de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia*”, mais a realidade é que en contra do establecido tamén no acordo da Comisión Galega de Cooperación Local, no que se especificaba o carácter incondicionado do Fondo de Cooperación local, este acadou o ano pasado o maior nivel de condicionamento, segundo se desprende dos estudos da propia FEGAMP, tendo cada vez máis peso as transferencia finalistas da Xunta de Galiza, a pesar xa da baixa participación dos concellos nos ingresos que recada. O propio goberno admite na memoria dos orzamentos do 2024, que no ano 2023 destinou ao Fondo de Cooperación Local 143,4 millóns de euros, mentres que din que puxeron a disposición dos concellos galegos un total de 564,3 millóns de euros, a través de distintas liñas de axudas, polo que é patente o carácter condicionado do 75 % dos fondos destinados aos concellos.

A Dirección Xeral de Administración Local, configurada no artigo 29 do Decreto 117/2022, do 23 de xuño, é o órgano encargado da xestión das competencias que se lle atribúen á Xunta de Galiza en materia de Administración local á que lle corresponden as relacións coas entidades locais, en particular a coordinación das





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

políticas públicas en materia de Administración local, a xestión en materia de pacto local, a proposición das directrices en relación cos programas de cooperación e financiamento local e, en especial, co Fondo de Cooperación Local ou o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións destinadas a elas.

O pasado ano a Directora Xeral de Administración Local, anunciaba o inicio dos traballos da comisión técnica de delimitación competencial encargada de avaliar os estudos da Xunta no marco dun acordo coa Universidade de Santiago de Compostela e o presentado pola Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) co obxectivo de clarificar as competencias das administracións autonómica e local. A comisión técnica quedou encargada de contrastar as conclusións de ambos estudos, de maneira que se estableceran as competencias que debe asumir cada administración e en que medida, avaliando se cada administración está a asumir os seus compromisos e cuantificando o custo de cada servizo e os recursos dispoñibles.

A día de hoxe nada se sabe dos traballos desta comisión, namentres que os concellos galegos seguen a soportar unha carga económica insostible en moitos servizos, no que máis, no servizo de axuda no fogar que xestionan e prestan aos usuarios dependentes, sobre todo nos concellos de menos de 20.000 habitantes, e en especial nos de menos de 5.000, asumindo unha competencia que non é propia, e que xestionan por delegación da propia Xunta de Galiza, que non está acompañando dito mandato coa financiación oportuna e suficiente, provocando o seu afogo económico ao ter que asumir estes máis do 50% do custe do servizo, e provocando que algúns deles non poidan ofrecer todas as horas concedidas de dependencia aos usuarios por falta de orzamento propio na parte que están a cofinanciar. A situación é extrema e preocupante, cando existen xa máis de medio centenar de municipios que duplican o período máximo legal para pagar facturas, e outros teñen necesidade de executar plan de axustes





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

económicos financeiros e namentres, o goberno da Xunta segue sen reaccionar, abandonando a todos os concellos á súa sorte.

A FEGAMP, na súa última Asemblea Xeral xa manifestou, entre outras moitas demandas, que é necesario, ademais de crear os marcos legislativos oportunos, incluída a aprobación definitiva dunha norma reguladora das facendas locais de Galicia (tal como dispón a Lei do local galega de 1997), modificar o actual sistema de participación das entidades locais nos tributos do Estado e da Comunidade Autónoma, mellorar o réxime de transferencias, tanto do Estado como da Comunidade Autónoma, onde o xa obsoleto réxime de subvencións reiteradas, periódicas e condicionadas segue a ser a regra, cando debería ser substituído, por programas de colaboración económica municipal dotados co financiamento axeitado, e actualizar e reformar profundamente a Lei da Administración Local de Galiza, que ten máis de 26 anos, para mellorar a definición do papel das entidades locais e concellos, clarificando as competencias de cada unha.

A autonomía local non se pode entender sen autonomía financeira como así ten sinalado o Congreso de Poderes Locais e Rexionais do Consello de Europa. Polo que é preciso dar unha solución definitiva a un problema que se acentúa a diario e que leva esperando xa vinte anos, un problema que se resolve cun financiamento axeitado, incondicionado e estable dos concellos galegos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Dar a coñecer os traballos realizados ata o momento pola comisión técnica de delimitación competencial.

- Incrementar para este ano o Fondo Galego de Cooperación, de modo provisional e urxente, con carácter de financiamento incondicionado, reducindo as liñas de axudas con carácter finalista e integrándoas no propio FGC.

- Aprobar unha lei galega de facendas locais que regule a participación dos concellos nos ingresos das distintas Administracións, consensuada con estes e clarificando a participación anual e os criterios de reparto.”

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2024

Asdo.: **Oscar Insua Lema**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 29/04/2024 11:53:11

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/04/2024 12:05:46





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 29/04/2024 12:05:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Rosana Pérez Fernández** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, relativa ás actuacións de limpeza, mantemento, reparación e mellora da seguridade vial na AC-305 ao seu paso polos concellos da comarca da Barbanza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A principal vía de comunicación que percorre a comarca da Barbanza, que cruza os núcleos de poboación máis importantes e que conecta os cascos urbanos dos catro concellos, a AC-305, segue sen formar parte das prioridades da Xunta de Galiza, nin no referido a unha reparación en profundidade, nin a respecto da seguridade vial que necesitan varios dos seus tramos, nin sequera en canto ao seu mantemento.

A última actuación de certo calado que se levou a cabo na AC-305 foi no ano 2016, onde se implementou unha nova capa de rodadura e, posteriormente, un repintado da vía.

A día de hoxe, oito anos despois, o firme desa vía é unha verdadeira carreira de obstáculos, con enormes fochancas en moitos puntos onde a circulación para os vehículos é incluso de risco ao existir ademais un pintado da vía totalmente insuficiente.

En canto a seguridade, travesías como a de Campo de Pazos, en Taragoña, a de Escarabote, en Boiro, a de Palmeira, en Ribeira, ou zonas como a da Ribeiriña, San Lázaro ou o propio casco urbano da Pobra do Caramiñal son un auténtico risco para os





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

viandantes e tamén para os vehículos e necesitan de actuacións perentorias de humanización.

Tampouco é menos importante polo estado no que se atopan en moitos puntos, a conservación e reparación onde proceda das beiravías que, por mor do seu deterioro, non cumpren a súa función e mesmo obrigan ás persoas viandantes a circular nalgúns casos pola propia estrada.

Aínda que ano tras ano este Grupo Parlamentar pon de manifesto que a corrección destas eivas é necesaria e propón modificacións nos orzamentos para poder enfrontalas, o Grupo Popular da Cámara vén votando sistematicamente en contra e a Xunta de Galiza vén desatendendo unha vía que é principal, que padece unha importante falta de mantemento e que agora xa non pode agardar máis por unha reparación e un repintado en condicións, tendo en conta que atravesa numerosos núcleos de poboación onde a seguridade peonil non se garante en todos os casos e que o seu deterioro dificulta cada vez máis a circulación dos vehículos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a

. Levar a cabo de xeito inmediato a limpeza de maleza nas marxes da AC-305, nomeadamente ao seu paso polos núcleos de poboación, na comarca da Barbanza.

. Efectuar o mantemento e a reparación das beiravías que o necesiten.

. Priorizar, de cara a 2025, as partidas orzamentarias correspondentes para poder botar unha nova capa de rodadura e o pintado da vía, así como as medidas de seguridade necesarias nas travesías ou zonas máis poboadas e onde a inseguridade vial é maior.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2024

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 29/04/2024 12:15:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa á implementación das anunciadas unidade de día para enfermos oncolóxicos e ampliación da área de hospitalización do hospital da Barbanza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A primeiros do mes de febreiro, en plena campaña electoral das eleccións do 18 de febreiro, o daquela responsábel da Sanidade galega publicitou en Ribeira a posta en marcha dunha unidade de día para enfermos oncolóxicos no Hospital da Barbanza.

O anuncio, foi idéntico ao que realizou apenas unha semana despois, tamén en campaña electoral, no hospital comarcal Virxe da Xunqueira, de Cee e despois de que xa pasaran catro anos dende que a última desas unidades nun hospital comarcal, o do Salnés no 2020, fose, esa si, unha realidade.

Na súa promesa, o daquela conselleiro eludiu concretar a data para levar a cabo esta actuación no hospital da Barbanza e, moito menos, orzamento e dotación de persoal para a mesma.

Por outra banda, no ano 2020, tamén para o Hospital da Barbanza, o que era presidente da Xunta naquela altura publicitou a construción dunha nova unidade de hospitalización que, segundo el, suporía o incremento de 22 camas. Un anuncio que se repetiu en varias ocasións posteriormente por parte do ex conselleiro de Sanidade e que a día de hoxe, catro anos despois, non conta nin con proxecto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No ano 2021 a partida que se contemplou nos orzamentos da Xunta para o hospital da Barbanza foi de 589.248 euros que, segundo se dixo naquel momento, era para a licitación do proxecto de ampliación da área de hospitalización.

No ano 2022, reflexouse exactamente a mesma partida, que se rebaixou considerabelmente no 2023, a 200.000 euros. Finalmente, para o actual 2024 comprometéronse orzamentariamente 300.000 euros.

O ex conselleiro de Sanidade, nunha visita realizada ao hospital da Barbanza, en xullo de 2021, afirmara ademais que a licitación dese proxecto faríase no outono e que as obras comezarían “antes de final do ano próximo”, é decir, de 2022.

Os anuncios sucédense ano tras ano, as partidas orzamentarias a tal efecto redúcense e a licitación do proxecto, catro anos despois da primeira promesa, é aínda un futuríbel.

Con estes antecedentes de “cumprimento” dos compromisos por parte da Xunta de Galiza, a unidade de día para enfermos oncolóxicos puidera seguir o mesmo camiño e, con ela, a perda de calidade de vida dos pacientes que seguirán tendo que trasladarse ao centro hospitalario de Santiago para recibir os seus tratamentos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a

. Poñer en marcha a unidade de día para enfermos oncolóxicos no hospital da Barbanza durante o presente ano 2024.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Suplementar a partida actual para a licitación do proxecto de ampliación da área de hospitalización do hospital da Barbanza nos orzamentos da Xunta deste ano, proceder á súa licitación e desenvolver as obras durante 2025.”

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2024

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Deputada do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 29/04/2024 12:37:10

Rosana Pérez Fernández na data 29/04/2024 12:37:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Sonia Vidal Lamas** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a contratación de pediatras en Xinzo de Limia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O noso país padece un despoboamento preocupante que avanza cada ano a pasos axigantados sobre todo no rural. Esta situación débese, en grande parte, á falla de servizos nestas áreas, que están lonxe de seren equiparados cos do urbano.

Un dos servizos chave é o da sanidade que leva anos sufrindo recortes sistemáticos en todos os seus ámbitos, sen excepción do servizo de pediatría, sendo a comarca da Limia vítima dun agravio constante neste eido. Os nenos/as dos concellos onde a poboación rural é aínda importante, os concellos máis afastados de grandes urbes, os de menos habitantes, ou de menos densidade demográfica, son os máis afectados por a falla dunha atención sanitaria de calidade na que eles sexan os verdadeiros protagonistas.

Se non tes pediatra, a situación é moi preocupante para as familias e, sobre todo, para os nenos e nenas que requiren atención médica especializada. Algúns dos efectos desta falta de pediatras poden incluír:

1. Dificultade para acceder á atención pediátrica. Sen un pediatra dispoñible, é imposible acceder a unha atención médica axeitada para os nenos. As familias terán que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

buscar alternativas, como desprazarse a outras localidades ou depender de médicos de familia para cuestións pediátricas.

2. Preocupación das familias pola saúde dos nenos e das nenas. A falta de especialistas en pediatría xera preocupación entre os pais e nais. Os nenos necesitan controis regulares, vacinas, tratamento especiais para enfermidades comúns e atención en caso de enfermidades agudas. A ausencia dun pediatra dificulta a xestión destas necesidades.

3. Derivación a outros centros. En moitos casos, os pacientes sen pediatra teñen que ser derivados a outros centros de saúde ou hospitais para recibir atención especializada. Isto supón desprazamentos e dificultades adicionais para as familias.

A falta de pediatras en zonas rurais de Galiza é un desafío multifacético que require solucións a nivel de políticas de saúde, incentivos para atraer profesionais e melloras na infraestrutura médica local. As familias e, sobre todo, os nenos e nenas vense afectadas por esta situación, xa que enfrontan dificultades para acceder a unha atención pediátrica axeitada preto dos seus fogares.

A atención pediátrica na comarca da Limia é crucial para o benestar dos nosos nenos e nenas. Sen embargo, actualmente enfrontámonos a unha carencia de profesionais nesta área.

Neste último ano houbo intensas mobilizacións en Xinzo de Limia pola preocupación da cidadanía ante o exposto.

É, pois, imperativo que se tomen medidas para garantir unha atención médica adecuada á poboación infantil, dispoñendo de pediatras especializados para atender as necesidades de saúde dos nenos e nenas en Xinzo de Limia, e para iso é necesario cubrir as prazas vacantes de pediatras no centro de saúde da localidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a realizar con urxencia as accións necesarias para garantir a cobertura estable das dúas prazas de pediatría de Xinzo de Limia; para o que, sen prexuízo de tomar medidas como a declaración de zona de difícil cobertura, deberá impulsar medidas adicionais para atraer persoal apostando pola estabilidade e a mellora das condicións laborais.”

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2024

Asdo.: **Sonia Vidal Lamas**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Sonia Vidal Lamas na data 29/04/2024 17:52:17

María Montserrat Prado Cores na data 29/04/2024 17:52:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 29/04/2024 17:52:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Cristina Fernández Davila** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a situación da atención sanitaria na Unidade de Saúde Mental de Ponteareas, referente na Comarca Condado-Paradanta.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro de saúde de Ponteareas acolleu hai pouco máis dun ano a Unidade de Saúde Mental. Un servizo que foi reclamado durante anos pola cidadanía, o goberno do Concello, así como daquelas asociacións e fundacións sen ánimo de lucro que atenden a persoas con enfermidades mentais na comarca do Condado-Paradanta.

Era unha cuestión vital achegar este servizo sanitario a unha localidade que é referente para este colectivo nunha comarca tan rural como esta e con garantía de ter transporte público para trasladarse dende o seu enderezo ao centro de saúde, tendo en conta a situación na que se atopan estas doentes a nivel persoal.

Dende entón, moitas foron as persoas que solicitaron atención especializada e terapia psicolóxica por primeira vez. Doentes que estaban aislados no seu domicilio, sen familia de referencia, ou atendidos ocasionalmente por algunha entidade social.

Fíxose cargo tamén do seguimento e terapia doutras moitas doentes que se incorporaron xa diagnosticados e que eran atendidos en Vigo, facilitándolles os desprazamentos (a veces imposible chegar a Lavadores) e deulles máis autonomía persoal.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero neste período de tempo a Unidade de Saúde Mental non cumpriu as expectativas e necesidades de todas estas persoas doentes. Creada inicialmente con escasos recursos profesionais, 2 psiquiatras, un psicólogo, unha enfermeira e unha administrativa, estes están minguados, aínda máis se cabe, cada vez que algunha destes profesionais están de baixa laboral, de permiso ou vacacións, de igual xeito que acontece co resto do persoal sanitario e non sanitario do Centro de Saúde de Ponteareas.

Na actualidade a situación para estas doentes, as familias ou colectivos que os atenden é insostible:

1.- Das dúas psiquiatras, unha permanece de baixa laboral dende o 1 de marzo. Non foi substituída e as citas anuláronse dende ese día. Dous meses sen asignar unha nova data, nin previsión de ningún tipo. Para moitas doentes é imprescindible este seguimento que provoca un desvío á atención hospitalaria e a atención primaria, que non pode prescribir medicación.

Durante estes dous meses sen cubrir esta praza de psiquiatría deixáronse de atender máis de 500 persoas con enfermidades mentais ás que non se lles está dando posibilidade de ser atendidas noutra unidade especializada.

2.- A primeira cita para a psicóloga alóngase un ano, polo que a atención sanitaria límtase a tratamento farmacolóxico e non ás terapias que son necesarias, tendo que recorrer, como xa vai sendo habitual en casos urxentes e cando se ten posibilidades económicas, á atención psicolóxica en gabinetes ou clínicas privadas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta ao goberno da Xunta de Galiza a:

1.- Dotar a Unidade de Saúde Mental de Ponteareas do persoal especializado sanitario necesario para substituír as baixas laborais, vacacións e permisos e así prestar unha atención sanitaria de boa calidade á poboación de Ponteareas e a súa Comarca.

2.- Ampliar o número de prazas do cadro de persoal da Unidade de Saúde Mental de Ponteareas para poder atender toda a demanda de persoas con enfermidades mentais da Comarca Condado-Paradanta para que as revisións se fagan regular e periódicamente en tempos razoables, así como para garantir as terapias psicolóxicas que sexan necesarias.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/04/2024 19:36:57

Cristina Fernández Davila na data 29/04/2024 19:37:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 29/04/2024 19:37:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Daniel Castro García** e **Oscar Insua Lema**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**, sobre a necesidade de que a Xunta estude a creación dun Consorcio público do que formen parte a administración autonómica, as entidades locais e as universidades para a capacitación e as competencias dixitais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai xa anos, a sociedade galega viu como a necesidade de estar conectado e ter uns coñecementos medios sobre o mundo dixital é cada vez máis importante. A pesar desta realidade e por desgraza, vemos como segundo o CES (Memoria 2022), Galiza é a comunidade con menor grao de dixitalización (conectividade, capital humano e uso das TIC), xunto con Extremadura, Castela-A Mancha, Castela e León e Cantabria. Só recibe formación en Tecnoloxías da Información e Comunicación o 14,1% das persoas empregadas. Así, Galiza era a 4ª CCAA con menor porcentaxe en 2021.

Ante esta realidade obxectiva faise cada vez máis necesario que o goberno galego teña unha aposta decidida pola capacitación e alfabetización dixital mediante políticas públicas que impliquen a todos os actores como a propia Xunta de Galicia, os concellos e as universidades públicas galegas. O obxectivo central desta estratexia sería a de reforzar as competencias dixitais das empresas, con especial atención ás PEMES, ás persoas autónomas, ás profesionais e en xeral ás persoas traballadoras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a estudar a creación dun Consorcio público para a capacitación e as competencias dixitais do que formen parte a administración autonómica, as entidades locais e as universidades públicas galegas.”

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2024

Asdo.: **Daniel Castro García**

Oscar Insua Lema

Deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 30/04/2024 09:34:21

Óscar Insua Lema na data 30/04/2024 09:39:07

Ana Pontón Mondelo na data 30/04/2024 09:39:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Iago Suárez Fernández** e das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a falta de servizo de psiquiatría no Hospital de Monforte de Lemos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Hospital Comarcal de Monforte de Lemos vén sufrindo un deterioro extremadamente preocupante nos últimos anos. Á alarmante falta de especialistas que sofren múltiples áreas como por exemplo oftalmoloxía ou alergoloxía súmanse as consecuentes listas de espera que en moitas ocasións superan o ano.

Agora, segundo se puido coñecer nas últimas datas, o distrito sanitario de Monforte quedou sen o servizo de psiquiatría após a marcha da profesional que daba cobertura e a renuncia da profesional que debía cubrir esta marcha. Unha situación cando menos preocupante, sendo que se trata dun servizo de extrema necesidade especialmente no noso país. Os 11 concellos do sur de Lugo que dependen do hospital de Monforte non se poden permitir estar sen psiquiatra durante moito tempo polos obvios problemas que iso podería ter. Máis aínda cando segundo asociacións como Albores Saúde Mental, até o de agora máis de metade das persoas diagnosticadas de algunha enfermidade mental xa non estaban a recibir o tratamento necesario.

As persoas que padecen trastornos mentais de especial gravidade como esquizofrenias ou trastornos bipolares que recibían tratamento en Monforte poden verse seriamente afectados pola falta de revisións psiquiátricas. Non dispor dun psiquiatra de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

referencia, fai máis complicada a prevención de descompensacións psiquiátricas e pode provocar o empeoramento dos síntomas nos pacientes con este tipo de doenzas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Repor no menor tempo posible a asistencia psiquiátrica en Monforte de Lemos.
2. Suplir a falta de especialistas no hospital de Monforte de Lemos.
3. Aliviar con celeridade as listas de espera que se viven no hospital de Monforte de Lemos.”

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2024

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 30/04/2024 09:48:14

María Montserrat Prado Cores na data 30/04/2024 09:52:29

Iria Carreira Pazos na data 30/04/2024 09:52:31

Olalla Rodil Fernández na data 30/04/2024 09:52:56



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 4ª**.

Na mañá do 29 de abril os pais en nais convocados pola ANPA do CEIP Plurilingüe Irmáns Villar de Ourense concentrábanse ás portas do CEIP para transmitir a indignación das familias ante a problemática e falta de planificación da Consellería de Educación.

Manifestan que de cara ao vindeiro curso escolar 2024-2025 hai unha insuficiencia de prazas ofertadas no IES Otero Pedrayo para 1º ESO con relación á demanda do seus 3 centros adscritos (CEIP A Inmaculada, CEIP Plurilingüe Amadeo Barroso e CEIP Plurilingüe Irmáns Villar). A dita oferta é de 84 prazas para 97 solicitudes presentadas. Polo tanto, quedan fóra 13 persoas dos centros adscritos. Once delas pertencen ao CEIP Plurilingüe Irmáns Villar.

Segundo a Anpa, tras manter tres reunións coa Xefatura Territorial e o seu equipo (Inspección e Admisión) e tamén coa delegada da Xunta en funcións, non conseguiron que presentaran ningunha solución práctica. Só propuxeron agardar e confiar en que non todas as reservas formalizaran a solicitude de admisión no IES Otero Pedrayo, feito que agora vemos non aconteceu.

O Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, que regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos recolle o seguinte:

- No capítulo 1, artigo 2, punto 2 dise que a persoa titular da Xefatura Territorial da Consellería competente en materia de Educación delimitará as áreas de



influencia. No punto 3: para determinar as áreas de influencia terase en conta que exista un centro docente público e a súa capacidade e a poboación que hai que escolarizar no seu entorno.

- No artigo 3, recóllese que os centros públicos adscritos a outros que imparten etapas diferentes “consideraranse centros únicos” para aplicar os criterios de admisión do alumnado. A estes efectos, o concepto centro único comprende unicamente ao centro adscrito e ao centro de adscrición do nivel inmediato superior.

En canto á Orde de 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o decreto 13/2022 dispón o seguinte no seu capítulo 1, artigo 2, punto 2:

“A persoa titular da Xefatura Territorial da Consellería competente en materia de Educación terá en conta:

- a) A previsión de permanencias.
- b) Os postos reservados ao alumnado procedente do centro adscrito.”

No ano 2015 escolarizáronse as persoas nadas no 2012 e seguindo a evolución do seu ciclo educativo no curso 2024/2025 farán a súa incorporación á Educación Secundaria Obrigatoria. Así pois, son datos coñecidos de antemán pola Xefatura; igual que o número de prazas dispoñibles no IES Otero Pedrayo.

Estamos a falar de que a 97 nenos/as con idades comprendidas entre os 12 e 13 anos se lles vai privar do seu dereito a continuar os seus estudos obrigatorios cos seus compañeiros e compañeiras, no seu entorno e no centro ao que pertencen.



Entende a Anpa e este grupo parlamentario que houbo unha total falta de planificación para estes centros, a cal queremos denunciar para que se adopten as medidas correspondentes.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que corrixa a insuficiencia de prazas ofertadas no IES Otero Pedrayo para 1º da ESO en relación coa demanda do seus 3 centros adscritos.

Parlamento de Galicia, 30 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 30/04/2024 10:02:15

Julio Abalde Alonso na data 30/04/2024 10:02:30

Silvia Longueira Castro na data 30/04/2024 10:02:43

José Ramón Gómez Besteiro na data 30/04/2024 10:02:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Iria Taibo Corsanego** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de impulsar o sector do libro galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A literatura galega é unha das nosas expresións culturais máis recoñecidas dentro e fóra de Galiza e unha das plataformas de internacionalización cultural, lingüística e identitaria de maior proxección.

No entanto, a representación do sector do libro galego non está a ser valorada de forma consecuente na política cultural da Xunta como demostra un valor en continuo decrecemento nos exercicios orzamentarios do goberno do Partido Popular, que acumula un elevado volume de perda de investimentos desde 2009.

En termos absolutos o orzamento dedicado ao sector do libro galego apenas supera en 2024 o 50% do orzado en 2009. E, malia acrecentarse nos orzamentos de 2024 no programa 432A a partida para promoción do libro e da lectura, fica esta aínda moi lonxe do impulso recibido durante o goberno 2005-2009.

Un descenso investidor progresivo que se repite se atendemos ao total destinado para a área de cultura nos orzamentos da Xunta de Galiza para este ano, pasando a representación do libro do 3,92% de 2009 ao 2,69% para 2024.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha falta de investimento que confirma a falta de confianza neste sector tan representativo na creación cultural e que se traduce na falta dun proxecto político que conte coa participación dos axentes literarios, sempre ignorados e desatendidos nas súas demandas.

A incapacidade para aprobar o tan anunciado como inexistente Plan de dinamización de lectura é boa proba da ausencia de calquera estratexia que aspire a converter o libro galego nun eixo social, económico e cultural.

O retroceso no apoio á literatura galega por parte do PP reforzouse coa mudanza de criterios na convocatoria de axudas á compra de fondos bibliográficos para bibliotecas ao eliminar a porcentaxe mínima de compra de libros en galego e obrigár a compra dun mínimo do 50% en castelán.

Asemade, ao longo dos quince anos de goberno do PP sucedéronse as confrontacións cos axentes que conforman a cadea de valor do libro desde a creación até a distribución entre o público, devaluouse a funcionalidade do Consello Asesor do Libro, someteuse o sector ao escándalo público cunha escandalosa resolución de convocatorias de axudas á tradución, renunciouse a planificar unha política de internacionalización do libro galego consensuada co sector, etc.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta a consensuar co sector do libro galego un paquete de medidas encamiñadas a reactivar o seu compromiso con este sector económico e cultural fundamental para desenvolver na actual lexislatura.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Taibo Corsanego

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 30/04/2024 10:03:10

Iria Taibo Corsanego na data 30/04/2024 10:07:52

Daniel Castro García na data 30/04/2024 10:08:29

Ana Pontón Mondelo na data 30/04/2024 10:08:30



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1ª**.

No mes de xuño do ano 2023 aprobouse no Parlamento o V Plan Director de Cooperación. Desde o Grupo Parlamentario Socialista, aínda que denunciámos algunhas carencias, apoiámos este novo plan porque entendíamos que podía ser unha oportunidade para que a Xunta demostrase unha verdadeira vontade de cambio en relación coa súa política de cooperación, e así marcar o paso, abrir fendas polas que avanzar, en coordinación co Estado, cara a políticas que garantan vidas dignas, contornos saudables e en paz en todo o planeta.

Meses despois e de forma sorprendente o Goberno da Xunta presenta uns orzamentos para o 2024 nos que racha todo o consenso existente en materia de cooperación por incumprir os acordos acadados coas entidades do sector e o aprobado no Plan Director consistente en aumentar as partidas para o desenvolvemento e a cooperación dun modo equivalente ou superior ao crecemento rexistrado no total do orzamento.

Pois ben, no ano 2024 aprobáronse por parte do Goberno da Xunta uns dos orzamentos máis elevados da historia cunha suba do 5 % con respecto aos de 2023, pero a partida do programa 331A referida á cooperación para o desenvolvemento incrementouse menos do 0,1 %.

Lembrar que o orzamento destinado a este fin era do 1 % no período bipartito e cando o PP chegou á Xunta de Galicia recortou o mesmo coa escusa da crise económica deixándoo case sen financiamento pero esta actitude mudou, e tras



moito diálogo acadouse no ano 2018 un consenso que implicaba a suba progresiva desta partida crecendo anualmente estes fondos ata 2023 un 11 % de media.

Somos unha das CC.AA que menos destina a axuda para o desenvolvemento o 0,06 % mentres que a media está en 0,13 % e neste contexto internacional tan convulso no que nos atopamos é cando as ONGD e as poboacións máis vulnerables do mundo necesitan máis apoio. Hai millóns de persoas tratando de sobrevivir que precisan de apoio internacional.

Desde o Grupo Socialista esiximos a este goberno que explique este cambio de rumbo tan insolidario e que rectifique habilitando máis fondos para que as ONGD que están completamente superadas polas emerxencias humanitarias, arriscando a súa vida en condicións insoportables e sendo perseguidas por defender os dereitos humanos poidan desenvolver os seus proxectos.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a cumprir os compromisos orzamentarios contidos no V Plan Director de Cooperación aprobado no mes de xuño de 2023.

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 30/04/2024 10:18:55

Patricia Iglesias Rey na data 30/04/2024 10:19:05





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2024 10:25:17
Nº Rexistro: 2791
Data envío: 30/04/2024 10:25:17.036

José Ramón Gómez Besteiro na data 30/04/2024 10:19:24

CSV: BOPGDSPG-vpZKbAoqt-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

8129

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Cristina Fernández Davila** e do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, relativa á insuficiencia de prazas no IES Otero Pedrayo para cubrir a demanda do alumnado saínte de primaria nos seus centros de referencia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ANPA do CEIP Plurilingüe Irmáns Villar vén de denunciar publicamente que, malia ter advertido en reiteradas ocasións á Xefatura Territorial de Educación de Ourense, máis dunha ducia de alumnos e alumnas que terían que iniciar a súa etapa educativa de Educación Secundaria Obrigatoria no IES Otero Pedrayo, non contan inicialmente con praza debido ao insuficiente número ofertado no centro de referencia.

Conforme sinalan os pais e nais, de cara ao vindeiro curso escolar 2024-2025 hai unha insuficiencia de prazas ofertadas no IES Otero Pedrayo para 1º ESO con relación á demanda do seus tres centros adscritos, que son o CEIP A Inmaculada e o CEIP Plurilingüe Amadeo Barroso, situados na zona de San Francisco e do Hospital, e o CEIP Plurilingüe Irmáns Villar, situado na contorna do Posío. Indican, xa que logo, que a oferta é de 84 prazas para 97 solicitudes presentadas, polo que quedarían fóra 13 persoas dos centros adscritos das que a maioría, 11 pertencen ao CEIP Plurilingüe Irmáns Villar.

Cómpre sinalar que esta situación obedece á falta de planificación da Xunta de Galiza, que non tivo en conta a previsión con base aos datos demográficos e de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ocupación dos centros adscritos ao centro de secundaria. Para máis inri, hai que sinalar que o CEIP que maioritariamente está afectado atópase situado xusto en fronte do IES, polo que loxicamente as e os nenos afectados viven na contorna máis inmediata do centro, na zona vella e na zona do Posío.

É preciso que a Xunta de Galiza, de forma urxente e dilixente, revise a situación xerada co obxectivo de evitar que nenos e nenas sexan separados da súa contorna para facer os catro cursos de secundaria lonxe dos seus fogares, co que isto implica tanto do punto de vista emocional e de ruptura coa contorna como de dificultades de conciliación para as familias. É obriga da Xunta de Galiza estudar as diferentes posibilidades, incluída a ampliación da oferta educativa no propio IES e a conseguinte redución da ratio, que redundaría tamén positivamente no conxunto da comunidade.

Así mesmo, a Xunta de Galiza debe dar explicacións de por que, tras manter ata tres reunións coa representación do CEIP Plurilingüe Irmáns Villar non se presentou ningunha solución máis alá de agardar que non se formalicen todas as solicitudes de admisión. Esta xestión é dunha enorme responsabilidade, ademais dunha enorme irrealidade, pois estamos a falar dunha insuficiencia de 13 prazas polo que non parece realista que un número tan alto se vaia compensar polo feito de que algún alumnado non formalice finalmente a súa admisión por diversos motivos.

É evidente que non pode deixarse a planificación educativa e o cumprimento do dereito a unha escolarización obrigatoria próxima ao domicilio ao azar e que o goberno galego ten a obriga de garantir unha oferta suficiente sen obrigar a desprazamentos abusivos simplemente para aforrar a contratación de máis profesorado.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a acordar coa comunidade educativa de referencia unha solución para a falta de prazas no Instituto Otero Pedrayo de Ourense, valorando a creación dunha aula máis de forma que non quede excluído alumnado e se rebaixen as ratio repercutindo positivamente no proceso de ensino e aprendizaxe, para o que incrementará o profesorado segundo as necesidades que manifesten desde o centro de secundaria.”

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2024

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Cristina Fernández Davila

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 30/04/2024 10:53:41

Cristina Fernández Davila na data 30/04/2024 10:58:13

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 30/04/2024 10:58:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 30/04/2024 10:58:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Iria Taibo Corsanego**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a disposición da Xunta a colaborar coa celebración do Ano Viqueira en 2024.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Quinta Cortón, edificio decimonónico do Século XIX (1860), é unha das máis lonxevas do lugar.

Historicamente salientou por ser un importante punto de encontro de persoeiros senlleiros da época, comezando polo renomeado filósofo bergondés Xoan Vicente Viqueira, neto do propietario, Xosé Pascual Lopez Cortón, amigo de Concepción Arenal e Juana de Vega, creador dos primeiros xogos florais de Galicia celebrados na Coruña en 1861, o que permite que o galego sexa recuperado como lingua cultural e literaria e fixado na Antoloxía poética titulada “Album de la Caridad”.

A Quinta Cortón acolleu destacados humanistas como Bartolomé Cossio, Giner de los Rios, o presidente da Republica Portuguesa Bernardino Machado, así como intelectuais, escritores ou artistas de renome. Froito das relacións intelectuais do propietario, a quinta atesoura aínda hoxe en día obxectos e libros da época de gran valor cultural.

Lopéz Cortón adquire a Quinta, propiedade da familia Varela, á súa volta de América, facendo posteriormente unha reforma da mesma e nela pasaron longas tempadas a familia Viqueira Landa, pertencentes a Institución Libre de Enseñanza,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

marcados pola Guerra Civil por este motivo, así como pola súa resistencia antifranquista, tendo que exiliarse principalmente en México, onde aínda hoxe quedan descendentes.

A Quinta Cortón sitúase dentro dunha inmensa finca, con cocheira, pombal, un patio interior enlousado e unha gran zona axardinada cunha ampla diversidade botánica, con especies únicas e mirador. Na parte traseira que dá ao xardín conta cun banco de pedra desde onde o pintor Ricardo Balaca realizou un boceto da casa, así como outros da zona, como recolle o Anuario Brigantino.

Neste espazo inspirábase Viqueira, persoeiro que centrou a súa ampla obra na filosofía, psicoloxía ou pedagogía, mais tamén sobre o sistema educativo, defendendo a súa galeguización, a súa reforma e a plena incorporación da muller. Tamén promoveu o achegamento ortográfico do galego ao portugués. En 1974 dedicóuselle o Día das Letras Galegas, xa que Viqueira participara moi activamente na cultura galega nos anos 20 e foi autor de importantes escritos e poesías.

Esta Quinta forma parte da relación de bens catalogados polas normas subsidiarias en vigor no concello de Bergondo. Aquí tamén se conserva a calesa na que Viqueira ía cada día a estación de tren de Guísamo para dar clase no instituto Eusebio da Guarda da Coruña, onde impartía docencia desde a cátedra de Psicoloxía, Lóxica e Ética.

Tendo en conta a importancia histórica da Quinta Cortón, e que esta pode ser un importante centro neurálxico socioeducativo, cultural, non só para a parroquia bergondesa de Vixoi, onde se sitúa a mesma, senón tamén para toda a comarca, a provincia e incluso toda Galiza, o Concello de Bergondo aprobou en 2022 unha proposta para adquirir a Quinta para uso público, buscando para iso a implicación de diversas administracións como a Deputación da Coruña ou a Xunta de Galiza, xunto á Administración Local. Cómpre salientar que o Concello de Bergondo declarou o 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“Ano Viqueira”, toda vez que se cumpre o centenario do pasamento desta importante figura, e se considerou poñer en valor e contribuír a espallar a súa vida e obra.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a:

- Colaborar co Concello de Bergondo para adquirir para patrimonio público a coñecida como Quinta Cortón, para usos culturais e socioeducativos.
- Estudar a posibilidade de creación dunha Fundación participada por distintas administracións para a posterior xestión.
- Colaborar co Concello de Bergondo coa celebración neste 2024 do “Ano Viqueira”.”

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Taibo Corsanego

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 30/04/2024 11:34:49

Iria Taibo Corsanego na data 30/04/2024 11:36:48

Ana Pontón Mondelo na data 30/04/2024 11:36:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Luis Bará Torres** e das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre o proxecto para plantar 10.000 árbores no concello de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Numerosos estudos destacan a importancia que a denominada “arboricultura urbana” aportan aos niveis de benestar social, psicolóxicos e estéticos, ademais dos xa evidentes beneficios ambientais, como son a mitigación do cambio climático debido fundamentalmente á capacidade das árbores de absorber e almacenar o CO₂, favorecer a biodiversidade vexetal e animal, a xeración de microclimas frescos que alivian a presión do aumento constante das temperaturas, algo que en Ourense esta a ter unha importante e crecente incidencias, a captación de augas pluviais, así como contribúe a paliar a propia erosión do solo.

Certamente a exclusiva plantación dun número elevado de árbores non asegura a maior protección da biodiversidade, sendo necesaria a existencia dunha planificación adecuada, sobre os lugares no que fixar as árbores, as especies a plantar en cada espazo para permitir o seu crecemento e que poda cumprir o obxectivo que se pretenda en cada caso. Descrición e análise que debe ser rexistrada nun Catálogo especificamente elaborado a tal fin.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A realidade é que dende hai anos o patrimonio arbóreo da cidade de Ourense non deixa de minguar. Tanto a execución de obras polo Concello de Ourense ou a Xunta de Galiza, como o mal estado das árbores, consecuencia da falla de coidados, de intervencións mal realizadas ou por unha ubicación incompatible co seu crecemento natural; están a supor unha constante perda do arborado na cidade de Ourense. Mariñamansa, A Rabaza, Cudeiro Os Remedios, Castro de Beiro, San Francisco, o Casco Histórico ou a zona centro nos últimos anos sufriron particularmente a perda de distintos exemplares arbóreos.

Hai case dous anos o Concello de Ourense anunciou a elaboración dun proxecto para plantar 10.000 árbores na cidade de Ourense. Esta foi unha das (escasas) iniciativas que o día 4 de outubro de 2003 o alcalde de Ourense trasladou ao Presidente da Xunta, quen manifestou a súa vontade de estudar a iniciativa como medida contra o cambio climático e para paliar as altas temperaturas do estío ourensá, manifestando a súa conformidade coa propostas, que mesmo podería ser unha “experiencia piloto” a estender a outras cidades de Galiza.

Transcorridos 8 meses dende o compromiso do Presidente da Xunta coa proposta de recuperación do patrimonio arbóreo de Ourense non consta a existencia de avance algún, mais ao contrario continúa a diminución e degradación dos espazos verdes da cidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a que, en coordinación co Concello de Ourense, proceda á inmediata posta en marcha do proxecto de plantación de árbores comprometido no seu día.”

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 02/05/2024 09:16:42

Noa Presas Bergantiños na data 02/05/2024 09:21:07

Montserrat Valcárcel Armesto na data 02/05/2024 09:21:10

Luis Bará Torres na data 02/05/2024 09:21:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Brais Ruanova Vilas-Boas** e da deputada **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre o pacto ambiental asinado entre a Xunta e ENCE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 28 de xuño de 2016 a Xunta e a empresa ENCE asinaron un “pacto ambiental” que incluía a realización de diferentes investimentos por parte da empresa, como resultado dun acordo político logo da concesión irregular dunha prórroga extraordinaria á empresa para a permanencia en Lourizán por 60 anos máis.

Na presentación do acordo participaron en representación da Xunta a daquela conselleira de medio ambiente, Beatriz Mato, e o entón vicepresidente do goberno, Alfonso Rueda.

O pacto ambiental, que prevía a creación dunha comisión mixta de seguimento, incluía como principais actuacións as seguintes:

-Investimentos por valor de 30 millóns de euros para a mellora da eficiencia no complexo industrial de Lourizán, nomeadamente a documentación correspondente ao investimento de 15 millóns de euros no tratamento e rexeneración de augas no complexo.

-Investimentos realizados ao abeiro do programa marco de actuacións de carácter social e ambiental, dotado con 3 millóns de euros anuais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Investimento de 15 millóns de euros na ampliación e modernización da EDAR dos Praceres.

-Investimento de 16,6 millóns de euros na creación dun Centro de investigación e desenvolvemento especializado na explotación sustentábel dos recursos forestais.

-Investimento na construción dun novo centro de coxeneración de biomasa nas instalacións de Lourizán, así como de tres novos centros de bioenerxía en diferentes puntos de Galiza.

Logo de máis de 6 anos desde a sinatura do acordo, hai constancia do incumprimento de varias das actuacións previstas, polo que o goberno galego debe dar cumprida información ao respecto.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta a enviar aos grupos parlamentares un informe sobre o desenvolvemento e grao de cumprimento dos compromisos incluídos no “pacto ambiental” con ENCE, incluíndo a información correspondente ás reunións da comisión mixta de seguimento e a relación de todas as axudas concedidas ao abeiro do programa marco de actuacións de carácter social e ambiental.”

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2024

Asdo.: **Montserrat Valcárcel Armesto**
Brais Ruanova Vilas-Boas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 02/05/2024 09:59:13

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 02/05/2024 10:06:23

Luis Bará Torres na data 02/05/2024 10:06:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e das deputadas **Noa Presas Bergantiños**, **Cristina Fernández Davila** e **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a paisaxe cultural da Serra do Suído como BIC.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A serra do Suído forma parte do sur da Dorsal Galega, un sistema montañoso que se estende de norte a sur de Galiza e que na provincia de Pontevedra está conformado polas serras do Candán, O Cando, O Testeiro, O Faro de Avión e O Suido.

O Suído esténdese por polos concellos de A Lama, Avión, Beariz, Covelo, Fornelos e Mondariz ao longo de 492 km², configurando un espazo con identidade propia, con unha historia común e con unha grande riqueza natural e cultural.

A serra representa unha mesma unidade etnográfica, composta por toda a rede de construcións gandeiras estacionais da Serra do Suído e Alto Tea. Os chozos ou chozas, sesteiros, curralas e cortellos ou parideiras atópanse diseminados de tal modo que se insiren na paisaxe beneficiándose das súas características ambientais e orográficas, para se asentar ora nas pequenas valgadas e chans, para aproveitaren os seus pastos, ora nos cumes ou cotos para aproveitaren a tendencia espontánea do gando para sestar neles.

Estas construcións facíanse mediante a técnica da “pedra seca” ou “cachotería en seco”, unha técnica de construción tradicional que foi incluída na listaxe do patrimonio inmaterial da UNESCO no ano 2018.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Empregáronse até a segunda metade do século XX para o pastoreo do gando na estación estival. Organizábase mediante un sistema de rolda, na que participaba de xeito rotatorio a veciñanza dos lugares aos que pertencía cada chozo.

A paisaxe da serra do Suido foi recoñecida como Paisaxe Cultural polo Instituto del Patrimonio Cultural de España (IPCE) e incluída no Plan de Paisaxes Culturais na categoría de “Actividades agrícolas, gandeiras e forestais” nas que se inclúen os “sistemas agro-silvo-pastorís históricos”.

Ademais dos conxuntos etnográficos relacionados coa actividade gandeira, na serra teñen unha importante representación os foxos ou “forcas” do lobo, construcións de grandes dimensións situadas nas valgadas e formadas por valados en forma de V que converxen nun pozo (foxo) a onde se conducía o lobo en batidas colectivas. No Suído e Alto Tea existen 6 foxos do lobo, o máis espectacular dos cales é o Foxo da Portela, no Coto de Eiras.

Outras das manifestacións senlleiras do Suído son os camiños tradicionais, pola situación estratéxica do Suído como lugar de paso entre importantes comarcas do país. Cabe sinalar a este respecto o Camiño dos Arrieiros, que comunica O Ribeiro con Pontevedra, o Camiño Breeiro que ía cara Aciveiro e Compostela; o camiño da Brea que comunicaba a reitoral de Barcia de Mera co Mosteiro de Melón; e a Calzada do Alén, un camiño empedrado que vai pola marxe dererita do río Alén desde a Ponte de San Xoán do Mosteiro até o concello de Fornelos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta o Goberno galego a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Recabar os informes e estudos pertinentes e incoar o expediente de declaración do patrimonio etnográfico gandeiro da serra do Suído e Alto Tea como Ben de Interese Cultural na categoría de paisaxe cultural.
2. Desenvolver un plan de conservación, restauración e promoción do patrimonio cultural material e inmaterial da serra do Suído, en colaboración coas deputacións provinciais de Ourense e Pontevedra e dos concellos de Avión, Beariz, Fornelos de Montes, A Lama, Mondariz e Covelo.
3. Promover a recuperación e dinamización dos camiños históricos que atravesan a serra do Suído.
4. Promover un proceso de participación social na protección, conservación e promoción do patrimonio cultural da serra do Suído.”

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2024

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Cristina Fernández Davila

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 02/05/2024 10:59:09

Cristina Fernández Davila na data 02/05/2024 11:07:52

Mercedes Queixas Zas na data 02/05/2024 11:08:28

Luis Bará Torres na data 02/05/2024 11:09:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A serra do Suído forma parte do sur da Dorsal Galega, un sistema montañoso que se estende de norte a sur de Galiza e que na provincia de Pontevedra está conformado polas serras do Candán, O Cando, O Testeiro, O Faro de Avión e O Suido.

O Suído esténdese por polos concellos de A Lama, Avión, Beariz, Covelo, Fornelos e Mondariz ao longo de 492 km², configurando un espazo con identidade propia, con unha historia común e con unha grande riqueza natural e cultural.

A ubicación próxima á costa e as altitudes de máis de 1.000 metros fan que esteamos ante unha das serras de maior pluviosidade de toda a península ibérica, con máis de 2.400 mm de precipitación media anual. Os ríos que nacen na serra, o Tea, o Avia e o Verdugo-Oitavén son dos mellor conservados da demarcación Galiza-Costa, tanto pola calidade das augas, pola boa conservación das ribeiras e pola variedade de flora e fauna.

A orografía, o clima, a paisaxe, a historia fan da serra do Suído un espazo de extraordinarios valores ambientais, culturais e sociais que é necesario preservar e dinamizar no seu conxunto, prevendo impactos que alteren os equilibrios e fomentando actividades sustentábeis e creadoras de valor engadido.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Atendendo a riqueza ambiental e á súa importancia para a preservación da biodiversidade, nos anos 2008 e 2012 iniciáronse senllos procedementos para a declaración de parte da serra do Suído (aproximadamente 110 km²) como Lugar de Importancia Comunitaria (actualmente ZEC) e a conseguinte inclusión na Rede Natura 2000, iniciativas que non chegaron a concluírse malia as demandas da Comisión Europea para que se protexesen hábitats de interese prioritario presentes na serra. No ano 2008 tamén se iniciou o procedemento para a ampliación do LIC Rede Natura 2000 Río Tea coa inclusión do Alto Tea, sen que tamén neste caso chegase a facerse realidade a declaración.

No Suído e Alto Tea existen 12 tipos de hábitats de interese comunitario (Directiva Hábitats), dos cales 4 son de interese prioritario (en risco de desaparición): as turbeiras altas activas (7110*), os bosques aluviais de amieiros e freixos (91EO*), as matogueiras húmidas atlánticas ((4020*)) e os bosques de ladeiras, desprendementos ou barrancos (9180*).

A serra do Suído e o Alto Tea atesouran un grande número de formacións de turbeira, hábitat de grande interese para a biodiversidade e para a prevención e mitigación do cambio climático. As turbeiras funcionan como reguladoras do ciclo hidrolóxico, xa que actúan como unha especie de esponxas que reteñen a auga da chuva e vana liberando gradualmente. Caracterízanse pola presenza dunha grande variedade de flora e fauna, entre a que se inclúen especies en perigo de extinción.

En total están rexistradas 53 formacións de turbeira que ocupan unha superficie total de 80,8 ha. As turbeiras máis extensas atópanse no Suído: Chan do Libro con 10 ha de superficie, As Pontellas (8ha), Coto de Eiras e Outeiro Vello (5 ha cada unha). A maior parte das turbeiras sitúanse na cabeceira da conca do Oitavén-Verdugo (32). O río Tea e os seus afluentes suman un total de 20 formacións de turbeira mentres que na





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cabeceira do Avia só se rexistra unha (O Pozo Novo). O 78% destas formacións están situadas nos concellos da Lama e O Covelo.

	Número	Superficie
Covelo	23	31,4 ha (38,8% do total)
A Lama	16	32 ha (39,6%)
Fornelos	10	11,4 ha (14,2%)
Mondariz	2	5,2 ha (6,4%)
Avión	2	0,8 ha (1%)

A parroquia de Campo (Covelo) é a que rexistra un maior número de de turbeiras, denominadas “porcas”, que ocupan un total de 20 hectáreas.

Unha parte destas turbeiras aparecen recollidas no Inventario de humidaís de Galiza (2003) mais ao longo de 20 anos sufriron numerosas agresións e alteracións. Existe unha proposta para declarar as brañas do Suído como Humidal protexido e como humidaís incluídos na listaxe internacional Ramsar (*Conservación e xestión dos humidaís en Galicia*, IBADER, 2017, ®Pablo Ramil-Rego, Luís Gómez-Orellana e Javier Ferreiro da Costa editores). No mes de marzo de 2023, unha parte dos humidaís do Suido foron incluídos no Inventario de zonas húmidas de Galiza (DOG do 13 de marzo de 2023).

O río Parada do Valdohome, afluente do Oitavén, que ten as súas nacentes na serra do Suído, foi declarado Reserva Natural Fluvial atendendo ao seu bo estado de conservación e aos valores naturais que atesoura. Por este motivo, a súa bacía debe ser obxecto de especial protección e precaución, evitándose as agresións e alteracións da súa contorna.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. A serra representa unha mesma unidade etnográfica, composta por toda a rede de construcións gandeiras estacionais da Serra do Suído e Alto Tea. Os chozos ou chozas, sesteiros, curralas e cortellos ou parideiras atópanse diseminados de tal modo que se insiren na paisaxe beneficiándose das súas características ambientais e orográficas, para se asentar ora nas pequenas valgadas e chans, para aproveitaren os seus pastos, ora nos cumes ou cotos para aproveitaren a tendencia espontánea do gando para sestar neles.

Estas construcións facíanse mediante a técnica da “pedra seca” ou “cachotería en seco”, unha técnica de construción tradicional que foi incluída na listaxe do patrimonio inmaterial da UNESCO no ano 2018.

Empregáronse até a segunda metade do século XX para o pastoreo do gando na estación estival. Organizábase mediante un sistema de rolda, na que participaba de xeito rotatorio a veciñanza dos lugares aos que pertencía cada chozo.

A paisaxe da serra do Suido foi recoñecida como Paisaxe Cultural polo Instituto del Patrimonio Cultural de España (IPCE) e incluída no Plan de Paisaxes Culturais na categoría de “Actividades agrícolas, gandeiras e forestais” nas que se inclúen os “sistemas agro-silvo-pastorís históricos”.

Ademais dos conxuntos etnográficos relacionados coa actividade gandeira, na serra teñen unha importante representación os foxos ou “forcas” do lobo, construcións de grandes dimensións situadas nas valgadas e formadas por valados en forma de V que converxen nun pozo (foxo) a onde se conducía o lobo en batidas colectivas. No Suído e Alto Tea existen 6 foxos do lobo, o máis espectacular dos cales é o Foxo da Portela, no Coto de Eiras.

Outras das manifestacións senlleiras do suído son os camiños tradicionais, pola situación estratéxica do Suído como lugar de paso entre importantes comarcas do país.



Cabe sinalar a este respecto o Camiño dos Arrieiros, que comunica O Ribeiro con Pontevedra, o Camiño Breeiro que ía cara Aciveiro e Compostela; o camiño da Brea que comunicaba a reitoral de Barcia de Mera co Mosteiro de Melón; e a Calzada do Alén, un camiño empedrado que vai pola marxe dererita do río Alén desde a Ponte de San Xoán do Mosteiro até o concello de Fornelos.

4. Toda esta inmensa riqueza de patrimonio cultural e natural do Suido viuse mermado e sometido a múltiples agresións, que se poden agravar de maneira irreparábel debido a proliferación de proxectos mineiros e de parques eólicos.

Con respecto aos parques eólicos, a Comisión Europea (EC, 2010) identifica os impactos na fase de construción do parque en canto á perda de superficie ocupada por hábitats de interese comunitario debido á apertura de viais, cimentación dos aeroxeradores, instalación de liñas áreas e subterráneas, construción de centrais eléctricas e edificacións auxiliares, introdución de especies invasoras, etc. Tamén fai referencia aos impactos na fase de explotación, pola mortandade que causan os aeroxeradores na avifauna e polo incremento do ruído.

No caso de humidaís, a creación de pistas e drenaxes alteran a hidroloxía superficial. Os viais acostuman a converterse en receptores de augas de grandes superficie de terreo, que son transportadas a lugares afastados por medio das gavias.

Nos últimos anos, no contexto do boom eólico, estanse a tramitar numerosos proxectos de parques eólicos na Serra do Suído, no Alto Tea e no Faro de Avión. Na tramitación destes proxectos industriais débese ter en conta o establecido na lei 5/2019 do patrimonio natural e a biodiversidade, que consolida a prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística, o principio de precaución a respecto das intervencións que poidan afectar negativamente ao patrimonio natural e a biodiversidade, e mais a prevención dos problemas derivados do cambio climático.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En relación con esta última cuestión cómpre avaliar a incidencia dos parques eólicos e das súas infraestruturas nos recursos hídricos, co obxecto de preservar a función do Suído como gran colector de auga que abastece as concas do Avia, Oitavén-Verdudo e Tea.

Por outra parte, o solo afectado polos proxectos sectoriais vai experimentar unha radical modificación na súa cualificación urbanística e o seu uso, xa que pasa a cualificarse como solo rústico de especial protección de infraestruturas. Na práctica supón abrir paso a un proceso de explotación industrial de espazos de grande interese ambiental, cultural e paisaxístico.

En relación coa afección á paisaxe, cómpre ter en conta que o Catálogo das Paisaxes de Galicia inclúe a Serra do Suído como Área de Especial Interese Paisaxístico (AEIP _08_15), polo que se deberá estar ao disposto na Lei 7/2008, de 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia. Resulta evidente que a construción de até 16 parques eólicos e as súas correspondentes infraestruturas van terían un enorme impacto visual na paisaxe da serra.

5. Calquera planificación do desenvolvemento de enerxías renovábeis debe facerse contando coa participación dos concellos e a veciñanza, debe respectar os valores ambientais e culturais do territorio, debería ter como contrapartida o abaratamento do prezo da enerxía eléctrica e debería ter como principais beneficiarias as comunidades locais.

Recentemente, a Xunta vén de informar negativamente varios proxectos de parques eólicos situados na serra do Suido, atendendo ao seu impacto paisaxístico, aos efectos sinérxicos e acumulativos (efecto barreira) e a afección a especies protexidas, nomeadamente as aves.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En relación coa tramitación do parque eólico Coto das Airas, logo reconvertido como Carballoso (de tramitación estatal por ter unha potencia de 51MW), situado nos concellos de Fornelos, A Lama e Avión, a dirección xeral de Patrimonio Natural da Xunta emitou informes desfavorábeis polo impacto negativo no patrimonio natural e en especies protexidas. Un dos argumentos clave para esta avaliación foi que “neste momento están en estudo distintos espazos ben conservados que reúnen importantes valores ambientais pola presenza de turbeiras e hábitats asociados insuficientemente representados na Rede galega de espazos naturais. En dito estudo, ademais da cartografía detallada dos hábitats, están presentes cuestións como a conectividade das especies e o mantemento das condicións dos equilibrios hídricos, fundamentais neste tipo de formacións vexetais.

Doutra banda, esta a tramitarse actualmente un volume importante de proxectos de desenvolvemento eólico que se superpoñen con estes espazos e que se amosan incompaibles coa conservación dos valores naturais presentes neles, o que representa un factor de perturbación que ameaza de modo significativo o seu estado de conservación e as obrigas de conservación que debe atender a Xunta de Galicia.

En consecuencia, en aplicación do artigo 46.1 da Lei 5/2029 de patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, **procede informar negativamente a instalación de aeroxeradores e subestacións na devanditas zonas**, así como o resto de infraestruturas asociadas”.

En consecuencia con este informe, referido ao parque eólico Coto das Airas e reiterado nos mesmos termos para o parque eólico Carballoso, o goberno galego debe aplicar o procedemento previsto nos artigos 45 e 46 da lei 5/2019.

E tendo en conta dos demais valores patrimoniais, socioculturais e humanos da serra do Suido, debe impulsar, en coordinación cos concellos e co tecido social da contorna, un conxunto de medidas de conservación, de recuperación e dinamización.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O parlamento insta á Xunta a

1. Iniciar o procedemento para a declaración da serra do Suído como Zona Especial de Conservación (ZEC) e a consecuente integración na Rede Natura 2000, co obxecto de protexer e conservar especies e hábitats de interese comunitario e de interese prioritario, con especial atención aos recursos hídricos e nomeadamente hábitats de turbeira.

2. Como medida de protección, establecer neste espazo o réxime de protección cautelar ou protección preventiva, previstos nos artigos 45 e 46 da lei 5/2019 do patrimonio natural e da biodiversidade, e, en consecuencia, informar negativamente todos os proxectos industriais que poidan actuar como factor de perturbación dos valores deste espazo.

3. Realizar o inventario e catalogación de todo o patrimonio material e inmaterial do Suído, Alto Tea, Faro de Avión, Costas do Alén e A Paradanta, e desenvolvemento dun plan para a súa protección, conservación e divulgación.

4. Recabar os informes e estudos pertinentes para a incoación do procedemento de declaración do patrimonio etnográfico gandeiro da serra do Suído e Alto Tea como Ben de Interese Cultural na categoría de paisaxe cultural.

5. Elaborar, en coordinación cos concellos e coa participación das entidades sociais e a veciñanza, un Plan de dinamización e desenvolvemento sustentábel do Suído e Alto Tea, con unha previsión de investimentos plurianuais por parte das administracións local, provincial e autonómica.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2024

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/05/2024 11:58:04

Cristina Fernández Davila na data 02/05/2024 12:05:12

Luis Bará Torres na data 02/05/2024 12:05:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre cobertura da praza de pediatra e medicina de familia centro de saúde de Arcade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Soutomaior leva anos a sufrir os continuos recortes da Xunta na asistencia sanitaria, que en lugar de garantir os dereitos sanitarios dos máis de 7.500 veciños e veciñas do concello está a sufrir un continuo deterioro.

Na actualidade hai só tres médic@s para atender a toda a poboación de Soutomaior. Polo que respecta ao servizo de pediatría, o concello leva máis de 500 días sen un ou unha pediatra que atenda ao case milleiro de nenos e nenas censadas en Soutomaior.

Desde que en outubro de 2022 a anterior facultativa colleu unha baixa, a Xunta non cubriu a súa praza. A pesar das numerosas demandas da veciñanza e as continuas peticións do goberno municipal de Soutomaior, a Xunta dedicouse a poñer diferentes parches neste ano e medio que en ningún caso solucionaron o problema da falta de pediatra.

Como consecuencia, as familias teñen que agardar semanas para conseguir unha cita e moitas veces teñen que desprazarse ata Pontevedra para acudir a Urgencias para ser atendidas, o que a súa vez tamén deriva no colapso deste servizo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Soutomaior leva anos a reivindicar a necesidade de dotar de persoal e recursos o Centro de Saúde de Arcade. Desde o pasado mes de maio, o Goberno de Soutomaior mantivo varios contactos co Sergas e no verán de 2023 o alcalde de Soutomaior, Manuel Lourenzo, e a concelleira de Sanidade, Rosana Martínez, nunha xuntanza co xerente da área sanitaria de Pontevedra, José Flores, obtiveron o compromiso por parte da Xunta de que a partir de 2024 o Centro de Saúde de Arcade contaría cun facultativo máis, pasando de 3 a 4.

En abril de 2024, case un ano despois, seguimos sen noticias desa nova praza nin de que a Xunta vaia facer ningún movemento para cumprir o seu compromiso.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Incrementar o persoal médico do centro de saúde de Arcade (Soutomaior) co obxectivo que o servizo de atención primaria dea resposta acaída ás actuais necesidades sanitarias da poboación do concello de Soutomaior
- 2) A cobertura permanente da praza de pediatría do centro de saúde de Arcade, vacante desde novembro de 2022 tras a decisión da Xunta de non cubrir a baixa da facultativa que exercía naquel momento.”

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 02/05/2024 12:13:23

María Montserrat Prado Cores na data 02/05/2024 12:13:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Alexandra Fernández Gómez** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a falla obxectivos ambiciosos e de execución orzamentaria en materia de promoción de vivenda pública.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2021 o goberno galego presentaba un novo plan de vivenda baixo o título *Pacto Social da vivenda 2021-2025*. Un plan cargado de vaguidades e de falla de concreción sobre as medidas e obxectivos concretos que pretendía acadar. Tal era a indefinición que a Xunta de Galiza tardou máis de dous anos, logo da súa aprobación, en anunciar unha meta precisa en materia de desenvolvemento e promoción de vivenda protexida e de vivenda pública.

De forma que en 2023 o Consello da Xunta comunicou o desenvolvemento da *Estratexia para a promoción de vivenda pública e o impulso da vivenda protexida*. Esa estratexia propón incorporar 1.802 novas vivendas ao parque público de vivenda, contando as xa incluídas dende 2022 e até o 2026. En concreto o goberno comprometíase a incorporar 959 vivendas promovidas polo IGVS, 260 vivendas promovidas por promotores privados e concellos, 157 vivendas adquiridas e rehabilitadas a través do programa Rexurbe, 331 vivendas con axudas para recuperar inmobles e edificios propiedade municipal e 125 vivendas adquiridas á SAREB.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O compromiso global do goberno segue a ser insuficiente tendo en conta que no Rexistro de Demandantes de Vivenda existen máis de 18.000 familias agardando por unha vivenda protexida, das cales, máis do 80% solicitan o réxime de vivenda pública.

Por se fose pouco, o cativo compromiso da Xunta de Galiza non está a contar co impulso económico necesario para acadar os resultados prometidos. Nas contas de 2023 o executivo comprometeu unha partida de 8M€ para a construción de vivendas de promoción pública, das que apenas executaron 2,6M€. É dicir, 2 de cada 3 euros previstos non chegaron a executarse. O mesmo sucede coa partida prevista para a promoción de solo residencial, que con apenas 2M€ executados só logra executar 1 de cada 3 euros.

Con este ritmo de investimento semella realmente complicado que a Xunta acade os cativos obxectivos marcados na súa estratexia. Por todo isto dende o BNG formulamos o seguinte:

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a incrementar os seus obxectivos en materia de vivenda e incorporar 12.000 novas vivendas públicas, ás case 4.000 existentes, en 2 lexislaturas. Para iso, o goberno galego porá en marcha novas medidas e programas, reforzará a dotación orzamentaria e executará de forma íntegra as partidas previstas para o seu desenvolvemento.”

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 02/05/2024 12:22:36

Luis Bará Torres na data 02/05/2024 12:28:12



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Carmen Rodríguez Dacosta, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

Ata o mes de xuño de 2022 o Centro de Saúde do Barco de Valdeorras contaba con dúas consultas de Pediatría, ocupadas por sendos pediatras. Levaba xa anos con esa dotación. Ese mesmo ano unha pediatra xubilábase. Desde entón unha médica de familia con formación de puericultora ocupou a praza da pediatra xubilada polo que o servizo e a atención aos usuarios non era óptima, pero tendo en conta que moitas consultas son de revisións periódicas de nenos e nenas non enfermas, había unha certa normalidade.

O 11 de maio de 2023 (DOG do 25 de maio) o Sergas, publica a convocatoria dun proceso selectivo polo sistema de concurso, para o acceso á condición de persoal estatutario fixo da categoría de pediatría de atención primaria.

Ante esta convocatoria, a médica de familia que atendía na consulta de pediatría, a comezos de 2024, abandona a praza e trasládase á localidade veciña de Sobradelo, onde exerce de médica de familia. Desde esas datas, só unha consulta está en funcionamento.

No DOG do 18 de marzo de 2024 publícase a resolución do 29 de febreiro de 2024 da Dirección Xeral de Recursos Humanos polo que se nomea persoal fixo e a adxudicación definitiva dos aspirantes seleccionados no proceso selectivo da Resolución do 11 de maio de 2023. Para o Centro de Saúde do Barco



adxudícase unha praza de pediatría, pero o pediatra renuncia e non se incorpora, rematado xa o prazo de toma de posesión.

Desde principios de 2024 un único pediatra atende aos máis de 2.000 nenos e nenas.

O esforzo do profesional é enorme pero tamén o seu desgaste e frustración. A atención recibida polos usuarios é moi precaria e absolutamente insuficiente.

O pediatra actual, ademais, está próximo á xubilación (outono de 2024).

Ante o deterioro da atención pediátrica e a posible cronificación e agravamento do problema, pais e nais recolleron sinaturas solicitando a axuda e compromiso das forzas políticas representadas no Concello do Barco, liderando a reivindicación dun servizo de calidade para a comarca.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista esiximos ao Sergas unha solución á espera de nais e pais para que os fillos e fillas sexan valorados por un profesional da sanidade pública, así como solicitamos unha calidade asistencial adecuada.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que garanta a calidade asistencial no Centro de Saúde do Barco de Valdeorras solucionando a falta de cobertura das prazas de pediatra.

Parlamento de Galicia, 2 de maio de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre as medidas a tomar para prestar unha atención á saúde mental digna.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da saúde mental en Galiza, podemos cualificala como mínimo de parálise, a Xunta de Galiza non se ten actuado, non ten atendido as necesidades, non planificou e non adicou o orzamento preciso. É unha das grandes esquecidas nos 12 anos de Goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza, algo incomprensíbel dado o enorme número de persoas con necesidade de atención e as demoras. Non ten actuado a pesares dos indicadores que mostran un medre progresivo, grave empeoramento da mesma na poboación, coas consecuencias de sufrimento humano, de perda de vidas e dos custes sociais, laborais e sanitarios.

Está a punto de rematar a vixencia do Plan de Saúde Mental post Covid 2020-2024 e a realidade é que foi máis que insuficiente para solucionar os graves problemas de saúde mental en Galiza. No mellor dos supostos de que incorporaran todas as prazas, estarían na metade das que contemplaba o plan de 1996.

Non se reduciu o impacto dos problemas de saúde mental nin as taxas de suicidio. Galiza segue a encabezar os datos de prevalencia de problemas de saúde mental e da taxa de suicidios de todo o Estado. Sigue á cabeza no consumos de psicofármacos e á cola en ratios de profesionais por habitantes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

340 galeg@s quitáronse a vida en 2022, as demoras para citas de saúde mental seguen sendo de meses, au igual que as sucesivas. A cifra dos últimos datos publicados é que son 9.082 persoas as que agardaban por unha primeira consulta de psiquiatría

Evidénciase a insuficiencia destas estratexias tanto na análise do problema, como nos recursos mobilizados e a inversión efectivamente dispoñíbel. Pero sobre todo a falta dun modelo global que integre a complexidade da saúde mental e interveña de forma integral.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1.- Presentar no Parlamento Galego, no presente período de sesións:

a) Un estudo sobre a situación epidemiolóxica da saúde mental en Galiza, incluíndo os efectos que a pandemia está a ter na saúde mental na poboación, de cara a establecer o alcance das medidas a tomar para actuar con eficacia.

b) Memoria da aplicación do Plan de Saúde Mental post Covid 2020-2024: número de unidades de atención infanto xuvenil en funcionamento, número de profesionais incorporados e onde, unidades de prevención do suicidio...

2.- Creación nos Centros de Saúde de Atención Primaria de prazas de psicólogos clínicos, que permita a creación de equipas multidisciplinares e prestar unha atención integral.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.-Incorporación da perspectiva de xénero na planificación e na atención á saúde mental, para reducir as desigualdades e a discriminación.

4.- Presentación do desenvolvemento efectivo do Plan Galego de Prevención do Suicidio, con cronograma de execución, dotación de profesionais, orzamento...

5.- Presentación das actuacións postas en marcha para garantir os dereitos das persoas con problemas de saúde mental a empezar pola eliminación da contención mecánica.”

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2024

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Alexandra Fernández Gómez** e **Carmela González Iglesias** e do deputado **Brais Ruanova Vilas-Boas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galiza para garantir un teito ás persoas afectadas polo incendio de Alfonso X en Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O incendio sucedido en outubro do ano pasado nun inmovible en Vigo deixou ao descuberto as nefastas políticas en materia de vivenda da Xunta de Galiza. Nese inmovible incendiado vivían nunha situación de precariedade e de inseguridade numerosas persoas, que pola súa situación de extrema pobreza e ante a falla de políticas públicas en materia de vivenda, non tiñan outra alternativa habitacional. Nese trágico suceso morreron catro membros da mesma familia, unha nai e tres dos seus fillos de 14, 12 e 10 anos.

Compre lembrar que esta familia viuse abocada a vivir nun inmovible que non reunía as condicións de habitabilidade e seguridade dunha vivenda digna, logo de que foran expulsados anos atrás do seu poboado chabolista. A Xunta de Galiza era perfectamente coñecedora da súa situación. Primeiro, souberon en 2021 que esta familia ía ser desaloxada do seu poboado. Segundo, coñecían que o maxistrado que decretara o desaloxo, apreciaba especial vulnerabilidade pola presenza de menores. E por último, advertímosllo entón, dende distintos colectivos que facían acompañamento das familias e dende o BNG, que era urxente unha alternativa habitacional, porque esta familia non tiña recursos económicos para facer fronte a un aluguer a prezo de mercado.



Pero, desgraciadamente, a familia de Rosana recibiu o silencio da Consellería con competencias en Vivenda. A realidade das políticas de vivenda é que nin nos casos de máis extrema vulnerabilidade, con menores afectados, a Xunta responde. Rosana e a súa familia quedaron na rúa ante a impasibilidade da Xunta.

As trágicas consecuencias en que derivou esta falta de actuación por parte da Xunta deberan derivar nunha reflexión profunda e nun cambio de rumbo. Porén novamente a Xunta de Galiza volve a actuar con silencio e impasividade ante as persoas que perderon todo naquel incendio.

As persoas que sobreviviron ao incendio foron realoxadas nun hostel sufragado con cartos do Concello de Vigo. Durante este período de tempo a Xunta de Galiza non buscou solucións ás persoas afectadas. E agora o Concello de Vigo vén de comunicar ás familias afectadas que deixará de costear os gastos do hostel. Por tanto a partir deste día 2 de maio, estas familias quedarán novamente na rúa, xa que non teñen recursos suficientes como para facer fronte ao pago dun alugueiro habitual, nin tampouco logran a través do mercado libre arrendadores que estean dispostos a alugarlles un piso coa súa situación económica.

Esta falla de solucións por parte das Administracións é incoherente coas medidas anunciadas nun inicio por parte de Xunta e Concello. Nos días posteriores ao incendio a Xunta e o Concello de Vigo asinaban un convenio de colaboración para, supostamente, financiar solucións habitacionais aos afectados. Segundo a delegada do goberno en Vigo, Ana Ortiz, o obxectivo era buscar solucións para as oito familias afectadas polo incendio. Pero unha vez que o foco mediático foi desaparecendo, as boas palabras transformáronse en silencio.

Dende o Bloque Nacionalista Galego, esiximos un cambio nas políticas de atención ás persoas en situación de pobreza e no seu dereito a poder vivir nunha vivenda





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

digna. Ademais cómpren medidas urxentes para garantir que estas persoas a partir do día 2 non teñan que durmir na rúa.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a atopar unha solución habitacional de forma inminente para as persoas afectadas polo trágico incendio en Alfonso X en Vigo.”

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Brais Ruanova Vilas-Boas

Carmela González Iglesias

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Lara Méndez López, Silvia Longueira Castro e Julio Ernesto Abalde Alonso**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Que Lugo, a urbe máis antiga de Galicia, sexa o referente galego e do noroeste español en conservación, investigación e divulgación do pasado romano a través da creación do Museo da Romanización no Cuartel de San Fernando é un proxecto de cidade que o Goberno local e a sociedade lucense consideramos irrenunciable.

Ata o ano 2013, este proxecto tamén foi compartido pola Xunta de Galicia, a quen lle compete por lei salvagardar os restos arqueolóxicos e por en valor o patrimonio: máis de 15.000 pezas catalogadas en Lugo que son da súa propiedade e que agora, por responsabilidade, están custodiadas polo Concello e que son só unha parte das miles que se atopan dispersas nunha ducia de dependencias, no só da Administración local, tamén da Deputación, da Xunta e incluso en domicilios privados de arqueólogos. Pezas que precisan dun inventariado rigoroso e dun lugar de referencia para o seu estudo e exposición.

A construción do museo foi un proxecto non só de Lugo senón de Galicia -pola súa importancia para o pasado romano de toda a comunidade- tal e como quedou patente no 2008 tras asinarse durante o Goberno do socialista Emilio Pérez Touriño un protocolo entre a Xunta e o Concello para este fin, compromiso que proseguíu Feijóo pero que freou no 2013, cando xa existía un



proxecto deseñado e un proxecto básico adxudicado para unha obra que custaría 10 millóns de euros, que a Xunta tamén paralizou.

Pero o compromiso é incluso anterior xa que en 2003 se firmou un acordo Xunta-Concello polo que a administración local adquiriría o Cuartel de San Fernando para cedelo ao Goberno galego co fin de que este o rehabilitase. O Concello cumpriu a súa parte: comprou o edificio ao Ministerio de Defensa por 2,5 millóns de euros.

Pero a Xunta do PP non cumpriu con Lugo: non só non aceptou o inmovible senón que no 2013 renegou totalmente do seu compromiso e das súas competencias en materia de patrimonio para a rehabilitalo como Museo da Romanización, edificio sito no centro da antiga cidade romana lucense e no que apareceron xa restos arqueolóxicos susceptibles de ser musealizados 'in situ'.

No 2019, na precampaña das eleccións municipais, a Xunta de Galicia tivo unha nova ocorrencia, esquecerse do museo para propoñer executar un Parador Nacional nese edificio, o que tivo unha enorme contestación social en Lugo e que provocou a creación dunha plataforma coa presenza dos colectivos veciñais, económicos, sociais e culturais da cidade. Nese momento, curiosamente, a Xunta estaba disposta a aportar 5 millóns de euros para ese parador, pero non os quere aportar para un museo.

Fronte a isto, eu mesma como alcaldesa de Lugo, mentres reivindicaba ao Goberno galego a súa débeda, acadei compromisos doutras administracións e institucións:

- O Ministerio de Cultura comprometeuse a participar no Plan Director e no proxecto de Musealización (que complementará a rehabilitación do inmovible).



- O Circuito romano Gallecia, que está a impulsar o Eixo Atlántico coa Xunta e que sería a segunda gran ruta cultural de Galicia tras o Camiño, tería no Museo o punto de referencia e de partida.

E porque Lugo, e Galicia, non poden perder a oportunidade de protexer a súa riqueza patrimonial e tampouco de situarse como centro de atracción dun turismo cultural de calidade e sostible, que impulsaría, asemade, á dinamización económica, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Cumprir o seu compromiso con Lugo e, no marco das súas competencias no coidado e salvagarda do patrimonio, executar, da man do Concello e do Goberno estatal, a rehabilitación do Cuartel de San Fernando como Museo da Romanización.
- Incluír, neste ano nos orzamentos autonómicos, unha partida para iniciar as obras de recuperación do edificio, á vez que estableza unha ruta financeira para os anos seguintes.
- Que nesta unidade de acción coas outras administracións, estudar fórmulas de xestión compartida deste museo.

Santiago de Compostela, 22 de abril do 2024



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Lara Méndez López** e **Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde que hai 14 anos, cando se calcula que a praga da velutina chegou a Galicia, os problemas causados por esta praga invasora foron a máis. Problemas no hábitat natural, económicos e de saúde son recorrentes ano tras ano e, maila as dificultades que sabemos entraña a súa erradicación e control, a actuación da Xunta de Galicia, Administración que ten as competencias nesta materia, son insuficientes e a coordinación con outras administracións é moi deficiente.

Segundo os últimos datos oficiais, Galicia rexistrou un total de 56.500 avisos por presenza de niños de vespa velutina, de forma que se dispararon preto dun 50 % en comparación con 2022.

O sector apícola galego denuncia que o 2023 marcou un récord de baixas nos seus apiarios debido ao ataque desta especie ás colmeas, con perdas de mel que se sitúan xa en torno ao 65 % das colonias de abellas, mentres os adegueiros e viticultores de distintas zonas cuantifican perdas importantes, de até 15.000 euros por hectárea, xa que as vespas provocan un descenso na produción e unha diminución na calidade polos problemas de putrefacción dos acios comidos ao chegar á adega. Tamén o sector frutícola está a sufrir a súa presenza.



Se falamos de saúde, Galicia é a comunidade con máis mortes a causa das picaduras das velutinas. A cifra de mortalidade oscila en España entre 0,02 e 0,15 falecementos por cada millón de habitantes, mentres que en territorio galego data de 2,2.

A situación non crea alarma só no medio rural senón tamén nas áreas urbanas, motivada pola presenza continuada de avispóns asiáticos en zonas de alta afluencia de persoas.

Os datos reflicten claramente que a acción autonómica non está a dar froitos, nin na acción preventiva nin na eliminación da praga, algo que a Xunta debeu admitir xa que, recentemente, anunciou que reorientaba a súa estratexia, centrando as súas actuacións en catro pilares: retirada de niños primarios, trampeo selectivo, formación e investigación. Pilares nos que se supón xa tiña que estar a traballar desde hai anos.

Ademais, a Xunta de Galicia saca peito dun acordo coa Fegamp para a loita contra a velutina, pero no que se di claramente que cada unha das administracións costeará as actuacións que acometan. Isto supón, por citar un exemplo dun concello moi activo como é o de Lugo, un gasto de preto de 20.000 euros, asumindo unha vez novos custos en competencias impropias por actuar con responsabilidade fronte a unha Xunta que descarga sempre a súa falta de compromiso nas administracións locais.

Desta falta de apoio quéixanse tamén os sectores afectados, como o apícola, no se que se ven obrigados a levar a cabo unha serie de medidas para protexer as súas colmeas. Estes métodos de loita teñen un custo de case 8 millóns de euros anuais.

Tanto concellos como os sectores lamentan que non existan axudas económicas específicas da administración competente para financiar os gastos



que están a desembolsar maila que temos moi próximos exemplos doutras comunidades autónomas como a cántabra onde si existen, e son moi apreciadas. E sen perder de vista que se ven obrigados a desenvolver accións para as que a Xunta de Galicia está xa a pagar a unha empresa, Seaga, para que as execute.

Ante a preocupación dun problema que se agrava cada ano, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a desenvolver e executar unha plan estratéxico contra a velutina e en favor dos sectores afectados que inclúa:

- A creación dun Comité Asesor (seguindo o exemplo de Asturias), tal e como piden os distintos sectores afectados, con presenza de todas as Administracións, entidades e sectores afectados (Xunta de Galicia, concellos, Seaga, bombeiros, Protección Civil, asociacións e colectivos dos sectores afectados, investigadores, etc). Comité que se encargaría de fixar e coordinar a estratexia e as prioridades de gasto na loita contra a praga.
- Ferramentas para acadar unha implicación real cos concellos galegos e os sectores económicos implicados, cos que se acordarán accións concretas de prevención e erradicación que desenvolverán cada un dos axentes, así como a dotación que a Xunta lles aportará para estes fines ao ser a administración coas competencias para este fin.
- Así mesmo, esta coordinación incluírá un calendario de trampeo por concellos e zonas, cun seguimento que permita desenvolver unha mellor análise e uns obxectivos realistas sobre a erradicación desta praga.
- Medidas de impulso á investigación sobre a velutina creando convenios coas universidades e aportando medios e financiamento



suficiente xa que actualmente traballan con precariedade e escaseza de recursos.

- Medidas de apoio aos sectores económicos para a posta en valor dos seus produtos e a súa comercialización.

Santiago de Compostela, 2 de maio do 2024



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro** e **Carlos López Font**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ría do Burgo foi obxecto desde finais do século pasado dun bo número de proxectos para lograr o seu saneamento, erradicar as verteduras incontroladas e manter a súa riqueza marisqueira. Con todo na práctica non se plasmaron máis que actuacións parciais que non lograban eliminar a imaxe de deterioración ambiental da ría.

Desde Augas de Galicia realizáronse a partir do ano 2001 obras de saneamento na contorna da ría do Burgo e municipios limítrofes, que incluíron entre outras o saneamento de Culleredo, Oleiros e Cambre e a eliminación das verteduras do Burgo.

Sen embrago, ningunha destas actuacións da Xunta de Galicia abordaba a rexeneración ambiental integral da ría do Burgo, co fin de rexenerar os bancos de marisqueo da ría permitindo así a recuperación dos recursos marisqueiros e da actividade extractiva aos e as mariscadoras da zona como reiteradamente reclamaban as confrarías da zona.

A ría do Burgo atopábase moi deteriorada, debido ás verteduras que viña recibindo ao longo dos anos e que afectaron gravemente á calidade das súas augas e á produtividade dos bancos marisqueiros.



No ano 2021 o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico licitou o proxecto, cofinanciado con fondos FEDER 2014-2020, para o dragado ambiental dos sedimentos da ría do Burgo, cun custo de obra e control ambiental de máis de 33 millóns de euros, iniciando as obras en decembro de 2021.

A rexeneración ambiental da ría do Burgo, que promove o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, afecta á Coruña, Cambre, Culleredo e Oleiros, finalizou o pasado venres 26 de abril coa recepción da obra por parte de representantes do Goberno central.

Dentro do proxecto estaba incluída a sementa que no momento da finalización do proxecto estaba completamente realizada e co visto e prace dos biólogos da Xunta de Galicia. É necesario neste punto que a Xunta de Galicia estableza os protocolos de seguimento e control do proceso de desenvolvemento e supervivencia da semente implantada para que se produza unha recuperación efectiva dos bancos para a súa explotación por parte dos mariscadores e mariscadoras e complétese así a rexeneración integral, ambiental e socio-económica, da ría do Burgo.

Agora o que toca é esperar a que creza o marisco, contorna a 18 ou 24, e durante ese tempo debemos achegar solucións ás e os mariscadores. Durante o tempo que durou as obras de rexeneración da ría do Burgo, o Goberno central foi o único que se fixo cargo de abonar axudas por inactividade ás e os mariscadores do Burgo, unha actuación imprescindible e necesaria, por unha contía total de 3.659.120,22 de euros.

A Xunta de Galicia, que ten competencias exclusivas en marisqueo, debe comezar a traballar para dar solucións a mariscadores/as do Burgo que reclaman compensacións económicas xustas unha vez finalizado o dragado, ata que os bancos recuperen a súa produción e poidan traballar na zona.



É por tanto a Xunta de Galicia a que debe dar resposta ás xustas reivindicacións das e os mariscadores da ría do Burgo ata que se poida realizar a actividade extractora nos areais rexenerados. Durante o tempo de realización da rexeneración esas indemnizacións foron soportadas en exclusiva polo Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Establecer un protocolo de seguimento e supervivencia da sementa realizada monitorizando a rexeneración dos bancos marisqueiros da ría do Burgo. Realizarase a monitorización da produtividade das distintas zonas da ría, establecendo as características óptimas de explotación para obter unha mellor produtividade e sustentabilidade dos bancos marisqueiros.
2. Establecer un plan de axudas e compensacións ás e os mariscadores do Burgo para o período entre que finalizaron as obras de rexeneración e os areais da ría recuperan a súa produción e, por tanto, permita traballar na zona.

Santiago de Compostela, 2 de maio do 2024



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No derradeiro informe sobre a estabilidade orzamentaria da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal -AIREF- publicado o 12 de abril de 2024 alértase da rebaixa das previsións económicas de Galicia para 2024 que sitúan a Galicia en risco de incumprir a regra de gasto e débeda pública contraída.

No informe da AIREF constátase o incremento do 8 por cento no gasto e o aumento da débeda nun 15 por cento, o que desequilibra a fiscalidade galega e provoca un deterioro importante das finanzas públicas, co risco de que deixen sen atender a calidade dos servizos públicos como sanidade, educación, servizos sociais ou dependencia.

Ademais, o Banco de España, segundo os últimos datos do Protocolo de Déficit Excesivo das Administracións Públicas, Galicia ten unha débeda de 12.170 millóns no IV trimestre de 2023, a cuarta cifra máis alta da historia, acadada tamén no ano 2023. Así mesmo, a isto habería que sumar as colaboracións público privadas, que nos orzamentos para 2024 se sitúa en 1.906,3, o que nos dá unha cifra total de máis de catorce mil millóns de euros de débeda total nunha estimación conservadora.



A economía galega non vai tan ben como o resto de España ao crecer un 1,8 por cento, fronte ao 2,5 do Estado, e logo de que pecharan 11.000 empresas en 2022. Hai unha responsabilidade fundamental na mala xestión económica do Goberno galego do Partido popular, que triplicou a débeda ao tempo que non preservou os servizos públicos dos efectos das crises económicas nin apostou pola transformación económica do noso país.

O Goberno galego coas súas rebaixas fiscais para rendas altas deixar de recadar 150 millóns de euros ao ano. A decisión do presidente Rueda de deixar sen aplicar o imposto ás grandes fortunas, así como as exencións ao imposto do Patrimonio ou as novas exencións ao imposto de herdanzas que ten anunciado para os maiores patrimonios, en realidade agocha menos recursos para os servizos públicos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha as vías políticas de redución da débeda da comunidade, así como e medidas de equilibrio da balanza fiscal de ingresos públicos, que permitan mellorar a calidade dos servizos públicos de sanidade, servizos sociais e educación.

Santiago de Compostela, 2 de maio do 2024





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen María Pomar Tojo, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez e Roberto Rodríguez Martínez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**

Exposición de Motivos

A transferencia a Galicia da titularidade e competencias sobre a Autoestrada do Atlántico (AP-9) é unha reivindicación de país que reúne un amplo consenso, tanto social como político, e que se materializou na aprobación, unha vez máis, o pasado mes de decembro e por unanimidade, da proposición de lei ante o Congreso dos Deputados promovida no Parlamento de Galicia.

A transferencia da AP-9 xa figuraba no acordo asinado polos socialistas e o BNG no 2020 para investir a Pedro Sánchez, pero nunca se fixo efectiva. Pola contra, este mesmo compromiso xa non aparece de xeito explícito no novo acordo polo que os nacionalistas galegos volven a dar os seus votos á investidura de Sánchez.

Con todo, o papel que representa esta infraestrutura foi un dos temas clave durante a pasada campaña electoral das eleccións autonómicas ata o punto de que, tanto o PSOE como o BNG prometeron implantar a gratuidade das peaxes das autoestradas estatais AP-9 e AP-53. Este compromiso é especialmente acaído tendo en conta que ambas autoestradas de titularidade estatal son as máis caras de España e ademais, a pesar das reiteradas peticións do Parlamento galego para que non o fixeran, o Executivo central incrementou as súas peaxes ano tras ano.

Con independencia do avance nas Cortes Xerais dos trámites que darán lugar á transferencia da AP-9, resulta de máximo interese para a nosa Comunidade que o Goberno de España cumpra o compromiso adquirido polas formacións políticas que o sustentan de cara á implantación da gratuidade destas autoestradas estatais -as máis caras de España- xerando, deste xeito, un impacto positivo inmediato e directo para as familias, transportistas e vehículos que fan uso desas infraestruturas.





Dado que o interese de Galicia non cambiou, temos que entender que o compromiso manifestado por PSOE e BNG seguirá en pé con independencia do resultado electoral do pasado mes de febreiro, calquera outra conclusión en sentido contrario suporía unha chantaxe electoral á cidadanía de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que faga efectiva as seguintes demandas:

1º- Impulsar todas as iniciativas políticas e executivas que sexan precisas para culminar o proceso de transferencia da titularidade e competencias sobre a AP-9, de conformidade coa proposición non de Lei aprobada polo Parlamento de Galicia o pasado mes de decembro e que se tramita ante o Congreso dos Deputados

2º- Implantar con carácter inmediato e con independencia do proceso anterior, a gratuidade das peaxes nas autoestradas AP-9 e AP-53, as máis caras de España, en cumprimento do compromiso adquirido polas formacións políticas que sustentan o Goberno de Pedro Sánchez no último proceso electoral”.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2024



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Manglana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

O mércores 24 de abril de 2024 publicouse no DOG o DECRETO 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellarías da Xunta de Galicia.

Sorprendentemente, decatámonos que fora eliminada a Secretaría Xeral de Igualdade e substituída por dúas direccións Xerais: Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero e Dirección Xeral de Promoción da Igualdade.

Desde o Grupo Socialista estamos fondamente preocupados xa que entendemos que este cambio no organigrama do goberno, que relega a categoría de Dirección Xeral as políticas de igualdade, vén a seguir o mesmo camiño que levan outras CC.AA de invisibilidade das políticas de igualdade en colaboración cos seus socios de VOX.

En Galicia o menosprezo ao papel da loita contra a igualdade comezou baixo a presidencia de Feijóo suprimindo o Servizo Galego de Igualdade no ano 2010, e acaba de culminalo o señor Rueda.

En primeiro lugar, quitándolle o rango de Secretaría Xeral ás políticas de Igualdade; en segundo lugar, separando as políticas de igualdade da loita contra a violencia de xénero, dando a entender, que a orixe desta violencia non é o machismo, a ausencia de igualdade entre mulleres e homes.



Este novo organigrama sumado á vinculación das políticas de igualdade dentro da Consellería de Política Social, fainos retroceder máis de dúas décadas na concepción das políticas de igualdade, e defendendo así as mesmas teses que os seus socios de extrema dereita.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que a loita pola igualdade entre mulleres e homes ten que ser unha cuestión imprescindible e transversal a toda a actuación política.

É por iso polo que defendemos que un proxecto de Goberno do século XXI ten que incluír a igualdade como eixo prioritario de actuación que, ademais, se estenda de forma transversal ao resto de políticas.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que inclúa a igualdade como eixo prioritario de actuación dándolle no organigrama do Goberno a categoría que merece.

Santiago de Compostela, 2 de mayo de 2024



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

Os concellos con unidades asistenciais de drogodependencias levan anos reivindicando á Xunta de Galicia o traspaso destas unidades ao Servizo Galego de Saúde, por ser a administración competente nesta materia, de xeito exclusivo, segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia.

Xa no ano 2018, constituíuse unha comisión mixta coa Consellería de Sanidade na que o obxectivo final era definir como se realizaría ese traspaso. Absoluta inacción do Goberno do Partido Popular da Xunta de Galicia durante todos estes anos.

Despois da solicitude reiterada dos concellos afectados, ano tras ano, o 23 de marzo de 2021, o Parlamento de Galicia aprobou unha moción na que se “instaba a Xunta de Galicia a que acordase coa Fegamp o mecanismo para iniciar o procedemento de incorporar ao Sergas os profesionais e servizos sanitarios de saúde mental que prestan os servizos dependentes das administracións locais, para ordenar a atención e que dependa do organismo competente en asistencia sanitaria, que é a Administración autonómica”.

Froito desta presión constante dos concellos, o 19 de decembro de 2022, constituíuse, unha vez máis, unha comisión de transferencias entre a Xunta de Galicia e os concellos afectados, para incorporar este servizo sanitario público esencial á rede do Sergas, xa que é a Comunidade Autónoma a única e exclusivamente competente en materia de atención sanitaria.



Despois de que a Xunta de Galicia, unilateralmente, establecese un cronograma para esta transferencia e que teña incumplido o seu propio compromiso desde a primeira e única reunión, os concellos denuncian que a folla de ruta pactada está a ser incumplida de forma insultante desde hai anos. Os usuarios das unidades de atención son persoas enfermas que teñen dereito á prestación sanitaria que lles corresponde, dun xeito integral, multidisciplinar e desde o sistema público de saúde, dentro do ámbito das súas estritas competencias do Goberno galego.

Recentemente, a Fegamp reuniuse coa Xunta de Galicia para reivindicar a solución urxente deste problema e, lonxe de aportar luz sobre a folla de ruta pactada para a transferencia definitiva, propoñen aos concellos afectados un novo “convenio” que empeora substancialmente o financiamento da Xunta de Galicia.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Reactivar de forma inmediata e urxente a “Comisión Mixta para a integración da rede galega de trastornos aditivos no Servizo Galego de Saúde”, para dar cumprimento ao cronograma acordado cos concellos e materializar ao longo deste ano 2024 a plena integración orgánica e funcional dos ditos servizos.
2. Que, en tanto non se produza a dita integración comprometida, financie o 100 % do custo destes servizos que prestan os concellos.

Parlamento de Galicia, 2 de maio de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e dos deputados **Secundino Fernández Fernández, Luis Bará Torres, Ariadna Fernández González, Iria Carreira Pazos, Montserrat Valcárcel Armesto, Olalla Rodil Fernández e Sonia Vidal Lamas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre a posible implantación da macrocelulosa de ALTRI e a súa afección ao sector agrogandeiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa ALTRI a traveso de Greenfiber SL está a promover unha macrocelulosa en Palas de Rei. Unha macrofactoria que ocupará 366 has e que terá un forte impacto medioambiental, patrimonial e cultural tanto no concello de localización como nas comarcas limítrofes. Dende o punto de vista económico o impacto aos sectores produtivos existentes na zona tamén será moi considerábel.

Un deses impactos será o cambio de usos da terra debido a elevada demanda de eucalipto o que traerá consigo un incremento da eucaliptización e a perda de terras dispoñíbeis para as producións agrogandeiras

Un dos principais motores económicos da zona da pretendida implantación da macrocelulosa de ALTRI é o sector agrogandeiro. O sector





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

primario é fundamental para o mantemento económico e social das parroquias deste territorio situado no corazón de Galiza.

A Ulloa é unha comarca eminentemente gandeira, que desenvolve unha importante valorización do sector primario cun importante complexo de transformación. É un verdadeiro exemplo de economía circular.

Cando se fala de emprego a Xunta de Galiza gobernada polo PP nunca di nada dos preto de 4000 empregos directos (datos de marzo do 2024) do sector primario, do agrogandeiro; amén dos miles e miles de postos indirectos xerados ao carón do gando. Empresas de servizos, comercio, industrialización dos produtos, agroturismo, etc.

Esta comarca é onde está situada a denominación de orixe do queixo Arzúa Ulloa, a segunda do estado español en produción e en volume económico. Unha denominación que comercializa uns 4 millóns de kg de queixo resultante da utilización de 32,5 millóns de litros de leite das ganderías das comarcas da Arzua Ulloa. Unha denominación da que temos que estar orgullosos e a que temos que apoiar e coidar. Unha denominación que permite valorizar unha parte importante do leite que producen os centos de explotacións lácteas destas comarcas.

O risco que trae consigo a instalación desta macroplanta de produción de celulosa para o sector agrogandeiro é moi importante. Por un lado temos o forte incremento da demanda de eucalipto que traerá consigo unha demanda de terras para plantación desta especie invasora. Esta demanda implicará menor dispoñibilidade de terras para uso agrario nesta zona de forte implantación





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

gandeira. Estamos nunha zona no que a maioría da superficie está dedicada a produción de alimentos para a súa cabana gandeira. Esta competencia de terras non será o único motivo de preocupación, está tamén a contaminación atmosférica e das augas, o prestixio social da DO Queixo Arzua Ulloa... repercutindo dun xeito negativo sobre a valorización das granxas, das terras o turismo e a restauración, o que no seu conxunto vai favorecer a emigración e o empobrecemento da poboación.

O goberno galego do Partido Popular ten que pensar nos miles de familias que traballan e viven do sector agrogandeiro, ten que pensar nas miles e miles de persoas afectadas que viven nas parroquias destas comarcas e que loitan por manter un medio rural vivo. A Xunta de Galiza non pode apoiar esta macrofactoría que vai en contra do noso rural

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª :

“O Parlamento galego insta o goberno galego a que se posicione en contra do proxecto de ALTRI en Palas de Rei.”

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2024

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sonia Vidal Lamas

Montserrat Valcárcel Armesto

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Ariadna Fernández González

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 2ª**.

No ano 2021 O Pleno do Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade unha proposición non de lei do Grupo Socialista na que se instaba o Goberno galego a:

1. Crear unha partida orzamentaria específica con fondos propios, que complemente a participación en programas europeos e iniciativas privadas, para continuar implementando programas de recollida e recuperación de residuos mariños, co fin de chegar a actuar en 2023 na totalidade da costa galega, mediante incentivos financeiros ao sector do Mar.
2. Desenvolver campañas de información e sensibilización sobre o papel da cidadanía na loita contra a contaminación plástica e o lixo mariño.
3. Elaborar un plan específico para a reciclaxe de todos os obxectos recollidos, xa sexan redes, cordas, plásticos, latas ou outros residuos, no que se inclúa a recollida unificada das artes de pesca a bordo dos buques en bolsas ou contedores e a facilidade de instalacións axitadas nos portos.
4. Realizar unha avaliación anual das características e tipos de residuos recollidos co fin de levar a cabo accións de prevención.



Transcorridos 3 anos e o mesmo número de orzamentos o Goberno da Xunta non cumpriu esta petición.

O pasado mes de decembro de 2023 Galicia tivo que enfrontarse a unha grave crise medioambiental coa chegada á costa de sacas cheas de *pellets* que perdera un barco de mercancías preto da costa portuguesa.

Fora da nefasta xestión levada a cabo polo Goberno galego evidenciouse, cos equipos de recollida feitos “*ad hoc*”, que existe unha gran cantidade de plásticos que chegan todos os días ás nosas costas.

Os principais prexudicados polos plásticos no mar son os ecosistemas mariños e, por extensión, a pesca, que supón un 2,1 % do PIB galego e un 3,2 % do emprego.

Polo tanto, dende o Partido Socialista seguimos reclamando á Xunta de Galicia que implemente políticas propias de loita contra o lixo mariño, a través dun programa propio con obxectivos cuantitativos e cualitativos que permita mellorar a situación na que nos atopamos na actualidade. E a maiores que cumpra co ditame aprobado no Pleno do Parlamento por unanimidade dos 3 grupos no mes de xuño de 2021.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a implementar políticas propias de loita contra o lixo mariño, a través dun programa propio con obxectivos cuantitativos e cualitativos e a cumprir co ditame aprobado no Pleno do Parlamento por unanimidade dos 3 grupos no mes de xuño de 2021.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2024





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2024 17:41:01
Nº Rexistro: 2975
Data envío: 02/05/2024 17:41:01.786

CSV: BOPGDSPG-vpZKbAoqt-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

8195

@PSdeG





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen María Pomar Tojo, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez e Roberto Rodríguez Martínez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**

Exposición de Motivos

Todo fai sospeitar que o Goberno de España, que preside Pedro Sánchez, mantén activo o seu plan oculto para implantar o pago polo uso das autovías. Logo de negar expresa e reiteradamente en campaña electoral que tivese previsto adoptar esa medida, agora vemos como, a modo de globo sonda, desvela que segue a apostar por este camiño.

O Goberno socialista defendeu durante anos que eran imprescindibles as peaxes nas autovías, comprometéndose con Bruxelas a activalas no ano 2024. Pouco despois, durante a campaña electoral, Pedro Sánchez negou taxativamente ese compromiso que logo se confirmou que si que existía, aínda que decidiron “retiralalo” trala polémica suscitada.

Desde Galicia non podemos aceptar sistemas que agraven a nosa situación periférica, xa lastrada polo impacto de soportar as dúas autoestradas estatais coas tarifas máis caras de toda España. Unha decisión destas características suporía un novo agravio contra a nosa Comunidade e contra os miles de condutores que circulan polo noso territorio.

As formacións gobernamentais de esquerda, coa súa característica voracidade impositiva, buscan incrementar os ingresos do Goberno coas peaxes que pagarán os cidadáns, sen atender ao nivel de renda e obviando que estamos nun momento récord de recadación. Obvian tamén o impacto que estes pagos terían nos condutores profesionais e transportistas, que xa veñen sufrindo novos impostos relacionados coa súa actividade e os altos prezos dos combustibles.

Outro dos efectos de impoñer peaxes nas autovías sería que a maior parte do tráfico que agora circula por elas derivárase ás vías convencionais, xa en moitos casos colapsadas e onde se producen maior sinistralidade. De feito, as estatísticas indican que un 80% dos condutores optarían por circular por estradas convencionais ou vías secundarias. Este pago comportaríase como unha barreira de acceso ás autovías especialmente lesiva para os condutores con rendas máis modestas.





Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para solicitarlle que abandone calquera pretensión de implantar sistemas de cobro polo uso de autovías, por canto constitúen un agravio para comunidades periféricas como a galega ademais de provocar un prexuízo económico para os condutores e transportistas”

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2024



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Ernesto Abalde Alonso, Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Paloma Castro Rey**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ministro de Política Territorial e Memoria Democrática na reunión da Comisión Nacional de Administración Local (CNAL), á que asistiu a vicepresidenta cuarta e ministra de Hacienda y Función Pública, informou de que en 2024 as entidades locais recibirán 28.557 millóns de euros en recursos do sistema de financiamento estatal, a maior contía da historia, un 22,6 % con respecto a 2023, 5.260 millóns de euros máis.

En canto ás entregas a conta, para o conxunto das entidades locais, acadaranse os 23.773 millóns de euros, o que supón un incremento do 5,1 % respecto ás entregas de 2023. De igual xeito, a vicepresidenta cuarta e ministra de Hacienda y Función Pública comunicou que o Goberno vai flexibilizar a senda de estabilidade para este subsector, de maneira que as administracións locais pasarán dun obxectivo de superávit do 0,2 % en 2024 previsto no Programa de estabilidade de abril, a ter equilibrio orzamentario, sendo asumidas esas dúas décimas de marxe pola Administración xeral do Estado, que fará un maior esforzo de redución de déficit, permitindo ás corporacións locais dispor dunha maior marxe de gasto e de investimento.

As entidades locais galegas prevén recibir 1.600 millóns de euros en 2024 do financiamento estatal, uns 900 millóns de euros irán aos concellos (747 millóns de



euros neste exercicio) e uns 700 millóns de euros ás deputacións (590 millóns de euros neste exercicio), o que supón case un 23 % máis que en 2023, é dicir, 300 millóns de euros máis.

Fronte a este incremento dos fondos do financiamento estatal cara ás entidades locais, a Xunta de Galicia dende que goberna o PP ten conxelada a partida de financiamento aos concellos en 112,9 millóns de euros.

En 2024 o Goberno da Xunta estableceu que para as entidades locais dedican 600 millóns de euros segundo o artigo 58 da lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

No obstante, ano tras ano segundo consta nos informes do Consello de contas de Galicia respecto á conta rendida a execución orzamentaria real amosa que os datos son os seguintes:

- No ano 2019: 315,5 M de euros.
- No ano 2020: 333,2 M de euros.
- No ano 2021: 355,3 M de euros

E no derradeiro Informe do Consello de Contas de Galicia, respecto a Conta Xeral do ano 2022 é de 355,3 M de euros.



Por todo o antedito, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a acordar coa Fegamp o incremento do financiamento local a través do Fondo de Cooperación Local, con criterios obxectivos de reparto, para incrementar a autonomía financeira das entidades locais, que se vén obrigadas a asumir competencias impropias que a Xunta de Galicia non está a exercer.

Santiago de Compostela, 2 de maio do 2024



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Ernesto Abalde Alonso, Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Paloma Castro Rey**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ministro de Política Territorial e Memoria Democrática na reunión da Comisión Nacional de Administración Local (CNAL), á que asistiu a vicepresidenta cuarta e ministra de Hacienda y Función Pública, informou de que en 2024 as entidades locais recibirán 28.557 millóns de euros en recursos do sistema de financiamento estatal, a maior contía da historia, un 22,6 % con respecto a 2023, 5.260 millóns de euros máis.

En canto ás entregas a conta, para o conxunto das entidades locais, acadaranse os 23.773 millóns de euros, o que supón un incremento do 5,1 % respecto ás entregas de 2023. De igual xeito, a vicepresidenta cuarta e ministra de Hacienda y Función Pública comunicou que o Goberno vai flexibilizar a senda de estabilidade para este subsector, de maneira que as administracións locais pasarán dun obxectivo de superávit do 0,2 % en 2024 previsto no Programa de estabilidade de abril, a ter equilibrio orzamentario, sendo asumidas esas dúas décimas de marxe pola Administración xeral do Estado, que fará un maior esforzo de redución de déficit, permitindo ás corporacións locais dispor dunha maior marxe de gasto e de investimento.

As entidades locais galegas prevén recibir 1.600 millóns de euros en 2024 do financiamento estatal, uns 900 millóns de euros irán aos concellos (747 millóns de



euros neste exercicio) e uns 700 millóns de euros ás deputacións (590 millóns de euros neste exercicio), o que supón case un 23 % máis que en 2023, é dicir, 300 millóns de euros máis.

Fronte a este incremento dos fondos do financiamento estatal cara ás entidades locais, a Xunta de Galicia dende que goberna o PP ten conxelada a partida de financiamento aos concellos en 112,9 millóns de euros.

En 2024 o Goberno da Xunta establececeu que para as entidades locais dedican 600 millóns de euros segundo o artigo 58 da lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

No obstante, ano tras ano segundo consta nos informes do Consello de contas de Galicia respecto á conta rendida a execución orzamentaria real amosa que os datos son os seguintes:

- No ano 2019: 315,5 M de euros.
- No ano 2020: 333,2 M de euros.
- No ano 2021: 355,3 M de euros

E no derradeiro Informe do Consello de Contas de Galicia, respecto a Conta Xeral do ano 2022 é de 355,3 M de euros.



Por todo o antedito, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a acordar coa Fegamp o incremento do financiamento local a través do Fondo de Cooperación Local, con criterios obxectivos de reparto, para incrementar a autonomía financeira das entidades locais, que se vén obrigadas a asumir competencias impropias que a Xunta de Galicia non está a exercer.

Santiago de Compostela, 2 de maio do 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Ariadna Fernández González e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre as medidas a tomar para garantir que tod@s @s nen@s galeg@s en idade pediátrica teñan asistencia en Atención Primaria por un profesional especialista en pediatría, independentemente de onde residan.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Propaganda da Xunta de Galiza, do Partido Popular, xa non son quen de agochar a situación dramática da Atención Primaria, a falta de profesionais, a desatención, as listas de espera. Dentro da alarma xeneralizada por esta situación é especialmente preocupante a falta de pediatras porque pon en risco a saúde da poboación infanto-xuvenil.

Esta situación está tendo como consecuencia que a atención por especialistas de pediatría @s nos@s nen@s e adolescentes non está garantida.

Segundo os últimos datos publicados polo IGE o número de pediatras en Atención Primaria no 2023, era de 325, cando en 2004 eran 405, 80 menos, un 20% menos.

194 concellos sen ningún pediatra. Hai comarcas enteiras, sen atención pediátrica; 11 mil nen@s sen pediatra asignado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A isto hai que engadir unha idade media moi elevada, xa que o 25% ten máis de 63anos e o 45 máis de 65.

Insuficiente oferta de prazas de formación Mir, e centrada na formación hospitalaria

Desigualdade, falta de equidade, ao ser moito máis elevada a non existencia de pediatras nas áreas rurais.

As consecuencias son axendas sobrecargadas, non se dá atendido máis alá das cuestións urxentes. A actividade non urxente, como as revisións periódicas, controis de saúde, calendarios vacinais, están sendo relegadas, aprazadas constantemente, cada vez por períodos máis longos de tempo.

Supón desprazamentos a outros centros de saúde, no mellor dos casos, na maioría sen atención directamente, ou acudir ás urxencias hospitalarias.

Non pode haber nenos e nenas de primeira e de segunda, non se pode permitir a discriminación da Xunta no acceso ao servizo de pediatría.

@s nen@s galeg@s teñen dereito á asistencia polos profesionais especialistas en pediatría.

Precisan unha atención experta, axustada ás súas necesidades, unha infancia atendida e coidada é a mellor garantía de persoas adultas máis sans. Un especialista en Pediatría está durante catro anos formándose en enfermidades exclusivamente pediátricas,e o resto de especialistas só 2 ou 3 meses.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1.- Tomar todas as medidas para garantir que tod@s @s nen@s galeg@s en idade pediátrica teñan asistencia próxima ao seu domicilio, en Atención Primaria por un profesional especialista en pediatría, independentemente de onde residan.

2.- Presentar, no prazo máximo de tres meses, un informe no Parlamento Galego no que conste:

a) Número de pediatras traballando en Atención Primaria, distribución por centros sanitarios, situación laboral, número de nen@s que atende cada un.

c) Centros de saúde, e concello no que se sitúan, que non contan con atención pediátrica e número de nen@s que non teñen asignado pediatra, desagregado por concellos.

d) Previsión de xubilacións de profesionais de pediatría en Atención Primaria nos vindeiros cinco anos.

3.- Tomar todas as medidas precisas para garantir o número de prazas Mir en pediatría suficientes para cubrir o total de prazas que garanta a atención á totalidade de nen@s galeg@s e que na súa formación a presenza en Atención Primaria sexa acorde á porcentaxe que representan as prazas da especialidade na mesma (60%).”

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Ariadna Fernández González

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

O campus universitario de Pontevedra tense convertido nun dos principais motores de actividade económica e desenvolvemento social do noso concello e da súa comarca, unha potencialidade pola que debemos apostar aínda máis, atraendo novas titulacións e incrementando o número de estudantes aquí matriculados.

Unha boa parte dos máis de 4.000 alumnos e alumnas do Campus Crea non só estudan en Pontevedra, senón que viven tamén na nosa cidade, pero existe unha eiva histórica que impide fixar aínda máis poboación universitaria, a falta dunha residencia pública de estudantes, problema agravado tralo peche hai anos dunha das dúas residencias privadas que existían.

Con este fin a Universidade de Vigo leva anos explorando diversas alternativas de emprazamento que finalmente nunca se materializaron.

En plena precampaña das eleccións municipais de 2023, o PP e a Xunta de Galicia, desoíndo á cidadanía e aos profesionais da sanidade pública, anunciaron a súa intención de desmantelar o Hospital Provincial como centro sanitario coa escusa de destinalo a residencia universitaria, intención que foi ratificada nas recentes eleccións autonómicas polo presidente da Xunta, Alfonso Rueda, e, entre ambas citas electorais, en diversas ocasións, sempre coa complicidade do PP local.



Pontevedra precisa ambos equipamentos, unha residencia universitaria que dea resposta á demanda de aloxamento da nosa poboación universitaria e tamén unha máis completa atención sanitaria, que trala entrada en funcionamento do novo Hospital de Montecelo e o traslado de parte dos servizos que actualmente se prestan no Hospital Provincial, atopará neste edificio, destinado a usos sanitarios desde a súa orixe, o mellor emprazamento para, por exemplo, crear un servizo de urxencias extrahospitalario, unha unidade de saúde mental comunitaria, un novo centro de atención primaria, servizo de rehabilitación extrahospitalario, centro de orientación familiar, centro de atención integral a drogodependentes, camas para atención de enfermos crónicos, hospital de día para persoas dependentes, así como outros de nova creación que sexan precisos para unha atención de calidade.

Todo isto na liña do xa demandado en 2017 na Proposición de lei, por iniciativa legislativa popular, para a creación do hospital público e único de Pontevedra mediante a ampliación do Hospital Montecelo, apoiada pola sinatura de 11.039 pontevedreses e pontevedresas.

Os Socialistas entendemos que manter o Hospital Provincial para usos sanitarios é perfectamente compatible coa creación en Pontevedra da demandada residencia universitaria, que tería no antigo asilo de anciáns da rúa Loureiro Crespo (Residencia Virxe do Camiño) un emprazamento máis acaído que o pretendido polo PP e a Xunta. Trátase dun edificio mellor adaptado a este uso, cunha ampla zona verde e que, tralo recente informe da Oficina Técnica de Licenzas e Inspección ao respecto, resulta tamén viable desde o punto de vista urbanístico.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:



O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Colaborar coa Universidade de Vigo e o Concello de Pontevedra na formalización dun acordo que permita a adquisición da antiga Residencia Virxe do Camiño da rúa Loureiro Crespo, de cara a rehabilitala e transformala en residencia universitaria.
2. Garantir o uso sanitario do Hospital Provincial de Pontevedra trala entrada en funcionamento do novo Hospital de Montecelo.
3. Crear, antes do remate das obras do Gran Montecelo, unha mesa de traballo cos sindicatos, as asociacións profesionais máis representativas do sector e os concellos da área sanitaria de Pontevedra e O Salnés, co fin de definir e acordar o Plan de Usos Sanitarios do Hospital Provincial de Pontevedra.

Parlamento de Galicia, 2 de maio de 2024



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.^a, Educación e Cultura.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Miño é un dos concellos de Galicia que ten un incremento poboación máis importante. Segundo datos do INE experimentou nos últimos cinco anos (2017-2022) un incremento da súa poboación de máis do 12 % con un incremento significativo de nenos e nenas en idade escolar

Nestas circunstancias o CPI Castro Baxoi, do Concello de Miño, presenta unha situación a todas luces insostible no que se refire tanto ás súas infraestruturas tanto docentes como aos servizos complementarios educativos.

Esta situación xa foi denunciada reiteradamente dende o ano 2022 pola ANPA e no Concello de Miño aprobouse unha declaración institucional na que se daba o apoio ás demandas das familias; pero tampouco frutificou.

Para o curso 23-24 pechouse un aula de 4º de Educación Infantil por non acadarse a ratio necesaria, aínda que polas circunstancias de Miño (aumento do alumnado durante todo o curso escolar pola chegada de novas familias e pola existencia dun centro de menores tutelados na localidade) era de prever que esta se superase xa nos primeiros meses do curso, como así sucedeu. Ademais, a supresión deste grupo conlevou tamén a perda dunha mestra de apoio, quedando toda a etapa de Educación Infantil restante (5 aulas) con só unha persoa de apoio.



Ante esta perspectiva, a ANPA e o resto da poboación de Miño mobilizáronse coa recollida de máis de 1.200 sinaturas e concentracións reiteradas de protesta da comunidade educativa que tratou, sen éxito, evitar esta supresión. A resposta dende a Consellería foi que de incrementarse a matrícula durante o curso revisarían esta decisión.

Volveuse a intentar en agosto de 2023, antes de comezo de novo curso, dado que no Concello de Miño presenta un empadroamento mensual de arredor 50 novos veciños ao mes e tamén polo incremento de alumnos con necesidades especiais que non contaban coa atención correspondente.

A ratio quedou rebasada neste curso xa hai máis de dous meses, e desde a Consellería de Educación a resposta ante a crecida de novas matrículas foi a proposta duns “barracóns” provisionais que non darían tampouco a solución adecuada de cara a nova situación. Ademais de non atender a demanda de un/unha profesor/a de apoio que nunca foi respondida.

Ademais, o edificio que aloxa ás áreas de Educación Infantil e Primaria leva en funcionamento 29 anos e desde o momento en que se constituíron non tiñan nin comedor, nin cociña, nin salón de actos. Anos despois, engadiuse un espazo para ESO con aulas e aseos propios, o resto das instalacións son compartidas coa parte de Educación Infantil e Educación Primaria. E o comedor quedou, finalmente, habilitado en 2022 nun espazo en semisótano que restara da obra inicial. Ata ese momento o servicio de comedor realizábase nas aulas. A día de hoxe continúan sen cociña nin espazo para implementala polo que o cátering para dar de comer a máis de 100 nenas e nenos é a única solución. Ao mesmo tempo, o Concello pon a disposición da Consellería a dotación de terreos necesaria para a ampliación das infraestruturas académicas e de servizos.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Dotar ao CPI Castro Baxoi de Miño das instalacións docentes necesarias e os recursos humanos para garantir o cumprimento das ratios durante todo o curso nas aulas tanto de Educación Infantil, Primaria e ESO sen instalacións provisionais, ante o incremento do alumnado que se produce durante o curso escolar nos últimos anos.
2. Habilitar as infraestruturas necesarias para dispor dos servizos complementarios, como un salón de actos, atendendo así tanto ás demandas do Anpa como do Concello de Miño.

Santiago de Compostela, 2 de maio do 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

As deputadas e deputados abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que proceda á tramitación de **comparecencia urxente en Pleno do conselleiro de Mar**, para dar conta das medidas que vai levar a cabo o Goberno galego diante da gravísima situación actual do sector marisqueiro galego.

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2024

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 06/05/2024 17:56:44

Mercedes Queixas Zas na data 06/05/2024 17:56:53

Rosana Pérez Fernández na data 06/05/2024 17:57:04

Daniel Pérez López na data 06/05/2024 17:57:11

Iria Carreira Pazos na data 06/05/2024 17:57:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Taibo Corsanego na data 06/05/2024 17:57:28

José Manuel Golpe Acuña na data 06/05/2024 17:57:35

Ramón Fernández Alfonzo na data 06/05/2024 17:57:47

Óscar Insua Lema na data 06/05/2024 17:57:53

Luis Bará Torres na data 06/05/2024 17:57:59

Ariadna Fernández González na data 06/05/2024 17:58:06

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 06/05/2024 17:58:14

Cristina Fernández Davila na data 06/05/2024 17:58:29

Carmela González Iglesias na data 06/05/2024 17:58:38

Paulo Ríos Santomé na data 06/05/2024 17:58:49

Alexandra Fernández Gómez na data 06/05/2024 17:58:55

María Montserrat Prado Cores na data 06/05/2024 17:59:05

Secundino Fernández Fernández na data 06/05/2024 17:59:14

Sonia Vidal Lamas na data 06/05/2024 17:59:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 06/05/2024 17:59:28

Noa Presas Bergantiños na data 06/05/2024 17:59:35

Iago Suárez Fernández na data 06/05/2024 18:00:24

Montserrat Valcárcel Armesto na data 06/05/2024 18:00:35

Daniel Castro García na data 06/05/2024 18:00:47

Olalla Rodil Fernández na data 06/05/2024 18:00:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

As deputadas e deputados abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que proceda á tramitación de **comparecencia urxente en Pleno do presidente da Xunta**, para explicar a decisión de relegar as políticas de igualdade no Goberno da Xunta de Galiza.

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2024

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 06/05/2024 18:10:39

Mercedes Queixas Zas na data 06/05/2024 18:10:47

Rosana Pérez Fernández na data 06/05/2024 18:10:57

Daniel Pérez López na data 06/05/2024 18:11:06

Iria Carreira Pazos na data 06/05/2024 18:11:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Taibo Corsanego na data 06/05/2024 18:11:23

Olalla Rodil Fernández na data 06/05/2024 18:11:35

Daniel Castro García na data 06/05/2024 18:11:49

Montserrat Valcárcel Armesto na data 06/05/2024 18:11:59

Iago Suárez Fernández na data 06/05/2024 18:12:06

Noa Presas Bergantiños na data 06/05/2024 18:12:16

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 06/05/2024 18:12:24

Sonia Vidal Lamas na data 06/05/2024 18:12:33

Secundino Fernández Fernández na data 06/05/2024 18:12:48

María Montserrat Prado Cores na data 06/05/2024 18:12:57

Alexandra Fernández Gómez na data 06/05/2024 18:13:05

Paulo Ríos Santomé na data 06/05/2024 18:13:12

Carmela González Iglesias na data 06/05/2024 18:13:20

Cristina Fernández Davila na data 06/05/2024 18:13:26





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

José Manuel Golpe Acuña na data 06/05/2024 18:13:34

Ramón Fernández Alfonso na data 06/05/2024 18:13:38

Óscar Insua Lema na data 06/05/2024 18:13:45

Luis Bará Torres na data 06/05/2024 18:13:56

Ariadna Fernández González na data 06/05/2024 18:14:18

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 06/05/2024 18:14:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre tomar medidas para garantir o acceso ao transporte público do alumnado matriculado en ensinanza postobrigatorias nos concellos do rural galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte público debe ser un servizo fundamental que as administracións públicas deben ofrecer á cidadanía, debido ao seu carácter vertebrador, dinamizador e democratizador da sociedade.

Alén destas características, o transporte público vén de gañar, nos últimos anos, unha importancia superior, xa que debe exercer como un dos eixos fundamentais na loita contra o cambio climático, reducindo cada vez máis o uso dos vehículos privados e gañando en calidade ambiental.

Estas son algunhas das potencialidades dun bo servizo público de transporte, mais para que estas potencialidades poidan ser explotadas, é fundamental que as políticas públicas de mobilidade se deseñen en consonancia a estas potencialidades.

Atender a cuestións tan importantes como a intermodalidade, é central para conseguir facer que o uso deste servizo sexa útil e atractivo para a poboación.

Actualmente, o rural galego vive un problema maiúsculo coas súas liñas de transporte público, xa que á perda de calidade nos últimos anos, debemos engadirlle a eliminación de paradas e traxectos, atrasos etc.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cando unha usuaria dunha vila do rural quere utilizar o transporte público para moverse entre diferentes cidades, vive unha auténtica odisea, xa que as conexións entre as vilas e as cidades do rural son moi escasas e dunha duración por traxecto moi elevada.

Concretamente, se falamos das persoas que cursan estudos postobrigatorios fóra do seu concello de residencia, atopámonos cunha falta de planificación e recursos da Xunta de Galiza que fai que, de xeito reiterado, fiquen moitas desas usuarias sen poder acceder ao servizo.

É fundamental garantir un servizo de transporte público que permita que a mocidade de concellos do rural galego, sexa quen de cursar os seus estudos postobrigatorios no sistema público de ensino, sen ter que sufrir unha discriminación por orixe e sen ter que renunciar aos estudos que desexa cursar, por non existir un servizo de transporte público que cubra as súas necesidades.

Son moitas as queixas e denuncias, así o manifestaba o último informe da Valedora do Pobo, que poñen de manifesto o mal funcionamento deste servizo, a discriminación por orixe á mocidade do rural, sobre todo dende as parroquias, e unha dificultade manifesta para facer cadrar, dun xeito aceptábel, os horarios do transporte público co comezo das aulas nos centros de ensino de referencia e incluso nas universidades.

É por isto que se está a fallar na planificación e execución das políticas públicas de mobilidade interurbana no rural, xa que na contra de facilitar un desprazamento máis limpo e barato, practicamente obrigan ás usuarias e usuarios e depender dun vehículo particular.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que medidas vai tomar o Goberno Galego para mellorar a situación do alumnado matriculado en ensinanzas postobrigatorias de dispoñer de transporte público en horarios compatibles coa apertura e peche dos centros educativos de referencia e universidades?

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 26/04/2024 12:05:39

Paulo Ríos Santomé na data 26/04/2024 12:06:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a situación dos Conservatorios de Música Municipais galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza existe unha rede de Conservatorios con ensinanzaes especiais no ámbito musical regradas e que as competencias son asumidas polos concellos onde se atopan situados, aínda tendo alumnado que reside nos concellos próximos ou incluso de vilas onde os conservatorios da Xunta se atopan sen prazas vacantes dos instrumentos escollidos polas estudantes. Amais temos centros que reciben estudantes do país veciño, Portugal.

Este é o caso de 23 conservatorios en todo o País. Concellos tan diversos como Tui, O Barco de Valdeorras, Vilagarcía de Arousa, Carballiño, Redondela, Ponteareas, Viveiro, Carballo, Cangas ou Monforte de Lemos entre outros, que deben asumir a xestión e o custo practicamente completo dos centros educativos de Música, con titulación oficial e regrada, no Grao Profesional e que dependen directamente da Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e FP.

Deste xeito, danse unha serie de circunstancias absurdas e contraditorias que só teñen o obxectivo claro, por parte da administración autonómica, de non asumir a competencia propia da Consellaría de Educación e así evitar os custos que supón o mantemento, dotacións e recursos, tanto materiais (instrumentos por exemplo) e dos docentes e non docentes do cadro de persoal.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non parece apropiado que un concello asuma o custo desta etapa formativa ao alumnado matriculado no Conservatorio cando a súa residencia está noutro concello. Tampouco debера suceder que teña que facerse cargo do custe da contratación dun programa informático concreto que xestione as actas, solicitude de títulos... de xeito normalizado segundo os criterios da Consellaría.

Por outra parte, o alumnado matriculado nos conservatorios municipais están nunha situación clara de discriminación con respecto ao alumnado de conservatorios dependentes da Xunta e situados nas cidades (Vigo, Pontevedra, Santiago, A Coruña, Ferrol, Ourense ou Lugo), por cuestión do importe das taxas, que nos centros municipais sempre son maiores por mor do custo do servizo, recollido en ordenanzas municipais, aínda que non cobren unha mínima parte do necesario, permitido polas Intervencións Municipais por considerarse un servizo de interese xeral.

Tampouco, estes centros municipais, teñen acceso ás listaxes de profesorado da Consellaría para a substitución de baixas laborais, permisos ou vacacións, ou incluso para cubrir vacantes, dándose en numerosas ocasións situacións de imposibilidade de cobertura das mesmas e a consecuente falta de atención docente ao alumnado. Estas clases perdidas son practicamente imposible de recuperar por cuestión de horarios e incompatibilidade do alumnado con outros estudos ou actividades.

Por outra parte, os concellos onde se atopan estes centros educativos Municipais, teñen unha longa tradición de agrupacións de diferentes ámbitos musicais e unha gran demanda de prazas, polo que non é factible a súa desaparición e peche.

Polo tanto, este posicionamento por parte do Goberno da Xunta de Galiza con respecto ao abandono das súas competencias está xerando un espolio de recursos dos Concellos. Estes asumen a xestión e gastos que xeran servizos como as Escolas Infantís, Residencias de Maiores, Colexios no rural, Servizo de Axuda no Fogar, e un longo etc., mingando dese xeito os recursos orzamentarios en millóns de euros e deixando de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

executar actuacións, servizos e obras que si son competencia propia da administración local.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Que accións pensa levar a cabo a Consellería de Educación, Ciencia, Universidade e FP para asumir a competencia da Xunta de Galiza e incluír os Conservatorios de Música Municipais na rede galega de Conservatorios dependentes da administración Autonómica?

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 29/04/2024 09:36:21

Mercedes Queixas Zas na data 29/04/2024 09:37:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García e Cristina Fernández Davila, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade de que o goberno da Xunta de Galiza solicite a transferencia das competencias das bolsas de axuda ao estudo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O noso autogoberno permite que o noso país poida xestionar a súa educación coa inmensa maioría das competencias. Pese a isto, segue habendo decisións que o noso goberno non pode tomar porque seguen en mans do Estado. Un exemplo importante é o das bolsas de axuda ao estudo tanto universitario como non universitario.

Por esta razón, o Bloque Nacionalista xa no 2019 reclamaba no Parlamento galego a transferencia das competencias cunha iniciativa que acadaba o acordo unánime da cámara. Un acordo que, contrariamente ao acordado, non acabou por efectuarse.

Por esta razón é necesario que o goberno galego volva reclamar estas competencias para conseguir que as bolsas de axuda ao estudo sexan máis áxiles, máis adaptadas á realidade galega e sobre todo máis amplas.

Esta medida non é algo excepcional no Estado, xa que tanto Catalunya como Euskadi xa contan con esa competencia nos seus respectivos gobernos, algo que mostra que Galiza pode contar con esta competencia sen ningún tipo de problema. Iso si, esta medida tería que vir acompañada da dotación orzamentaria e de persoal necesario.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Esta disposta a Xunta de Galiza a asumir as competencias relacionadas coa administración das bolsas de axuda ao estudo?
- Vai a Xunta de Galiza reclamar estas competencias ao goberno do Estado?

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2024

Asdo.: **Daniel Castro García**

Cristina Fernández Davila

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 29/04/2024 11:22:56

Cristina Fernández Davila na data 29/04/2024 11:24:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para mellorar a financiación dos concellos en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os problemas que están sufrindo a gran maioría dos concellos galegos pola falla dunha xusta financiación das súas economías, non é unha novidade para o goberno e os anos pasan sen que a Xunta pareza disposta a resolver a curto prazo unha demanda unánime no municipalismo. As resolucións sobre financiamento local, sobre a autonomía e competencias locais e o desenvolvemento estratéxico aprobada na XI assemblea da FEGAMP de novembro do pasado ano, analizan a situación actual e resumen perfectamente cales son os retos a superar nesta lexislatura.

A respecto do financiamento local, este problema estrutural agrávase pois ao inmovilismo financeiro do Estado e das CCAA hai que engadir a continúa atribución de competencias e o incremento do requirimento das propias ás entidades locais, que xa veñen anunciando a posibilidade dunha nova crise a nivel municipal. A última reforma do financiamento local é do ano 2004, que non se actualizou no ano 2010 coa reforma do financiamento autonómico, polo que o sistema leva 20 anos sen renovarse, namentres aumentan a un ritmo acelerado os servizos que teñen que prestar e asumir os concellos.

O Artigo 142 da tan aclamada Constitución española que establece que as Facendas locais deberán dispor dos medios suficientes para o desempeño das funcións



que a lei atribúe ás Corporacións respectivas e nutriranse fundamentalmente de tributos propios e de participación nos do Estado e das Comunidades Autónomas, é incumplido de forma reiterada polas administracións encargadas de repartir os fondos de financiación. No ano 2023, mentres que a Xunta percibía 8.788 millóns de euros na entrega a conta do sistema de financiamento local, os concellos só percibiron 729 millóns de euros.

O artigo 9.7 da Carta Europea da Autonomía Local establece que “*na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non deben ser destinadas ao financiamento de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia*”, mais a realidade é que en contra do establecido tamén no acordo da Comisión Galega de Cooperación Local, no que se especificaba o carácter incondicionado do Fondo de Cooperación local, este acadou o ano pasado o maior nivel de condicionamento, segundo se desprende dos estudos da propia FEGAMP, tendo cada vez máis peso as transferencia finalistas da Xunta de Galiza, a pesar xa da baixa participación dos concellos nos ingresos que recada. O propio goberno admite na memoria dos orzamentos do 2024, que no ano 2023 destinou ao Fondo de Cooperación Local 143,4 millóns de euros, mentres que din que puxeron a disposición dos concellos galegos un total de 564,3 millóns de euros, a través de distintas liñas de axudas, polo que é patente o carácter condicionado do 75 % dos fondos destinados aos concellos.

A Dirección Xeral de Administración Local, configurada no artigo 29 do Decreto 117/2022, do 23 de xuño, é o órgano encargado da xestión das competencias que se lle atribúen á Xunta de Galiza en materia de Administración local á que lle corresponden as relacións coas entidades locais, en particular a coordinación das políticas públicas en materia de Administración local, a xestión en materia de pacto local, a proposición das directrices en relación cos programas de cooperación e financiamento local e, en especial, co Fondo de Cooperación Local ou o fomento das





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións destinadas a elas.

O pasado ano a Directora Xeral de Administración Local, anunciaba o inicio dos traballos da comisión técnica de delimitación competencial encargada de avaliar os estudos da Xunta no marco dun acordo coa Universidade de Santiago de Compostela e o presentado pola Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) co obxectivo de clarificar as competencias das administracións autonómica e local. A comisión técnica quedou encargada de contrastar as conclusións de ambos estudos, de maneira que se estableceran as competencias que debe asumir cada administración e en que medida, avaliando se cada administración está a asumir os seus compromisos e cuantificando o custo de cada servizo e os recursos dispoñibles.

A día de hoxe nada se sabe dos traballos desta comisión, namentres que os concellos galegos seguen a soportar unha carga económica insostible en moitos servizos, no que máis, no servizo de axuda no fogar que xestionan e prestan aos usuarios dependentes, sobre todo nos concellos de menos de 20.000 habitantes, e en especial nos de menos de 5.000, asumindo unha competencia que non é propia, e que xestionan por delegación da propia Xunta de Galiza, que non está acompañando dito mandato coa financiación oportuna e suficiente, provocando o seu afogo económico ao ter que asumir estes máis do 50% do custe do servizo, e provocando que algúns deles non poidan ofrecer todas as horas concedidas de dependencia aos usuarios por falta de orzamento propio na parte que están a cofinanciar. A situación é extrema e preocupante, cando existen xa máis de medio centenar de municipios que duplican o período máximo legal para pagar facturas, e outros teñen necesidade de executar plan de axustes económicos financeiros e namentres, o goberno da Xunta segue sen reaccionar, abandonando a todos os concellos á súa sorte.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A FEGAMP, na súa última Asemblea Xeral xa manifestou, entre outras moitas demandas, que é necesario, ademais de crear os marcos legislativos oportunos, incluída a aprobación definitiva dunha norma reguladora das facendas locais de Galicia (tal como dispón a Lei do local galega de 1997), modificar o actual sistema de participación das entidades locais nos tributos do Estado e da Comunidade Autónoma, mellorar o réxime de transferencias, tanto do Estado como da Comunidade Autónoma, onde o xa obsoleto réxime de subvencións reiteradas, periódicas e condicionadas segue a ser a regra, cando debería ser substituído, por programas de colaboración económica municipal dotados co financiamento axeitado, e actualizar e reformar profundamente a Lei da Administración Local de Galiza, que ten máis de 26 anos, para mellorar a definición do papel das entidades locais e concellos, clarificando as competencias de cada unha.

A autonomía local non se pode entender sen autonomía financeira como así ten sinalado o Congreso de Poderes Locais e Rexionais do Consello de Europa. Polo que é preciso dar unha solución definitiva a un problema que se acentúa a diario e que leva esperando xa vinte anos, un problema que se resolve cun financiamento axeitado, incondicionado e estable dos concellos galegos.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

Que medidas vai a tomar o goberno galego de forma inmediata para paliar o actual afogo económico producido polo insuficiente financiamento dos servizos de competencia autonómica prestados polos concellos?

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Oscar Insua Lema**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 29/04/2024 12:05:12

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/04/2024 12:05:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación,** sobre a necesidade de impulsar o sector do libro galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A literatura galega é unha das nosas expresións culturais máis recoñecidas dentro e fóra de Galiza e unha das plataformas de internacionalización cultural, lingüística e identitaria de maior proxección.

No entanto, a representación do sector do libro galego non está a ser valorada de forma consecuente na política cultural da Xunta como demostra un valor en continuo decrecemento nos exercicios orzamentarios do goberno do Partido Popular, que acumula un elevado volume de perda de investimentos desde 2009.

En termos absolutos o orzamento dedicado ao sector do libro galego apenas supera en 2024 o 50% do orzado en 2009. E, malia acrecentarse nos orzamentos de 2024 no programa 432A a partida para promoción do libro e da lectura, fica esta aínda moi lonxe do impulso recibido durante o goberno 2005-2009.

Un descenso investidor progresivo que se repite se atendemos ao total destinado para a área de cultura nos orzamentos da Xunta de Galiza para este ano, pasando a representación do libro do 3,92% de 2009 ao 2,69% para 2024.

Unha falta de investimento que confirma a falta de confianza neste sector tan representativo na creación cultural e que se traduce na falta dun proxecto político que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conte coa participación dos axentes literarios, sempre ignorados e desatendidos nas súas demandas.

A incapacidade para aprobar o tan anunciado como inexistente Plan de dinamización de lectura é boa proba da ausencia de calquera estratexia que aspire a converter o libro galego nun eixo social, económico e cultural.

O retroceso no apoio á literatura galega por parte do PP reforzouse coa mudanza de criterios na convocatoria de axudas á compra de fondos bibliográficos para bibliotecas ao eliminar a porcentaxe mínima de compra de libros en galego e obrigar á compra dun mínimo do 50% en castelán.

Asemade, ao longo dos quince anos de goberno do PP sucedéronse as confrontacións cos axentes que conforman a cadea de valor do libro desde a creación até a distribución entre o público, devaluouse a funcionalidade do Consello Asesor do Libro, someteuse o sector ao escándalo público cunha escandalosa resolución de convocatorias de axudas á tradución, renunciouse a planificar unha política de internacionalización do libro galego consensuada co sector, etc.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

Que medidas vai pór en marcha na presente lexislatura o goberno da Xunta para reactivar o compromiso co sector do libro e impulsalo como sector económico e cultural fundamental?

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Taibo Corsanego

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 30/04/2024 10:07:15

Iria Taibo Corsanego na data 30/04/2024 10:07:20

Daniel Castro García na data 30/04/2024 10:08:02



Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

No mes de xuño do ano 2023 aprobouse no Parlamento o V Plan Director de Cooperación. Desde o Grupo Parlamentario Socialista, aínda que denunciámos algunhas carencias, apoiámos este novo plan porque entendíámos que podía ser unha oportunidade para que a Xunta demostrase unha verdadeira vontade de cambio en relación coa súa política de cooperación, e así marcar o paso, abrir fendas polas que avanzar, en coordinación co Estado, cara a políticas que garantan vidas dignas, contornos saudables e en paz en todo o planeta.

Meses despois e de forma sorprendente o Goberno da Xunta presenta uns orzamentos para o 2024 nos que racha todo o consenso existente en materia de cooperación por incumprir os acordos acadados coas entidades do sector e o aprobado no Plan Director consistente en aumentar as partidas para o desenvolvemento e a cooperación dun modo equivalente ou superior ao crecemento rexistrado no total do orzamento.

Pois ben, no ano 2024 aprobáronse por parte do Goberno da Xunta uns dos orzamentos máis elevados da historia cunha suba do 5 % con respecto aos de 2023, pero a partida do programa 331A referida á cooperación para o desenvolvemento incrementouse menos do 0,1 %.

Lembrar que o orzamento destinado a este fin era do 1 % no período bipartito e cando o PP chegou á Xunta de Galicia recortou o mesmo coa escusa da crise económica deixándoo case sen financiamento pero esta actitude mudou, e tras



moito diálogo acadouse no ano 2018 un consenso que implicaba a suba progresiva desta partida crescendo anualmente estes fondos ata 2023 un 11 % de media.

Somos unha das CC.AA que menos destina a axuda para o desenvolvemento o 0,06 % mentres que a media está en 0,13 % e neste contexto internacional tan convulso no que nos atopamos é cando as ONGD e as poboacións máis vulnerables do mundo necesitan máis apoio. Hai millóns de persoas tratando de sobrevivir que precisan de apoio internacional.

Desde o Grupo Socialista esiximos a este goberno que explique este cambio de rumbo tan insolidario e que rectifique habilitando máis fondos para que as ONGD que están completamente superadas polas emerxencias humanitarias, arriscando a súa vida en condicións insoportables e sendo perseguidas por defender os dereitos humanos poidan desenvolver os seus proxectos.

Por iso, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Vai cumprir o Goberno galego no ano 2024 o compromiso económico establecidos no V Plan Director de Cooperación?
2. Entende o Goberno galego que no contexto humanitario que estamos a vivir é necesario ser máis solidarios e ampliar a axuda ao desenvolvemento?

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2024 10:24:59
Nº Rexistro: 2790
Data envío: 30/04/2024 10:24:59.099

Paloma Castro Rey na data 30/04/2024 10:18:04

Patricia Iglesias Rey na data 30/04/2024 10:18:15

CSV: BOPGDSPG-vpZKbAoqt-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

8238

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Brais Ruanova Vilas-Boas e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o pacto ambiental asinado entre a Xunta e ENCE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 28 de xuño de 2016 a Xunta e a empresa ENCE asinaron un “pacto ambiental” que incluía a realización de diferentes investimentos por parte da empresa, como resultado dun acordo político logo da concesión irregular dunha prórroga extraordinaria á empresa para a permanencia en Lourizán por 60 anos máis.

Na presentación do acordo participaron en representación da Xunta a daquela conselleira de medio ambiente, Beatriz Mato, e o entón vicepresidente do goberno, Alfonso Rueda.

O pacto ambiental, que prevía a creación dunha comisión mixta de seguimento, incluía como principais actuacións as seguintes:

-Investimentos por valor de 30 millóns de euros para a mellora da eficiencia no complexo industrial de Lourizán, nomeadamente a documentación correspondente ao investimento de 15 millóns de euros no tratamento e rexeneración de augas no complexo.

-Investimentos realizados ao abeiro do programa marco de actuacións de carácter social e ambiental, dotado con 3 millóns de euros anuais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Investimento de 15 millóns de euros na ampliación e modernización da EDAR dos Praceres.

-Investimento de 16,6 millóns de euros na creación dun Centro de investigación e desenvolvemento especializado na explotación sustentábel dos recursos forestais.

-Investimento na construción dun novo centro de coxeneración de biomasa nas instalacións de Lourizán, así como de tres novos centros de bioenerxía en diferentes puntos de Galiza.

Logo de máis de 6 anos desde a sinatura do acordo, hai constancia do incumprimento de varias das actuacións previstas, polo que o goberno galego debe dar cumprida información ao respecto.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

Cal é o grao de cumprimento do “pacto ambiental” asinado entre a Xunta e ENCE en xuño de 2016?

Que actuacións realizou a empresa con cargo á partida de 15 millóns prevista para o tratamento e a rexeneración das augas no complexo industrial?

Cal foi a colaboración da empresa da mellora da EDAR dos Praceres?

Cal foi o investimento realizado pola empresa con cargo á partida de 16,6 millóns de euros prevista para a creación dun Centro de investigación e desenvolvemento especializado na explotación sustentábel dos recursos forestais?

Cal foi o investimento destinado á construción dun novo centro de coxeneración de biomasa nas instalacións de Lourizán, así como de tres novos centros de bioenerxía en diferentes puntos de Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que actuacións se realizaron con cargo ao programa marco de actuacións de carácter social e ambiental e en que anualidades?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Montserrat Valcárcel Armesto
Brais Ruanova Vilas-Boas
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 02/05/2024 10:05:26

Montserrat Valcárcel Armesto na data 02/05/2024 10:05:32

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 02/05/2024 10:06:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Cristina Fernández Davila e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a paisaxe cultural da Serra do Suído como BIC.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A serra do Suído forma parte do sur da Dorsal Galega, un sistema montañoso que se estende de norte a sur de Galiza e que na provincia de Pontevedra está conformado polas serras do Candán, O Cando, O Testeiro, O Faro de Avión e O Suido.

O Suído esténdese por polos concellos de A Lama, Avión, Beariz, Covelo, Fornelos e Mondariz ao longo de 492 km², configurando un espazo con identidade propia, con unha historia común e con unha grande riqueza natural e cultural.

A serra representa unha mesma unidade etnográfica, composta por toda a rede de construcións gandeiras estacionais da Serra do Suído e Alto Tea. Os chozos ou chozas, sesteiros, curralas e cortellos ou parideiras atópanse diseminados de tal modo que se insiren na paisaxe beneficiándose das súas características ambientais e orográficas, para se asentar ora nas pequenas valgadas e chans, para aproveitaren os seus pastos, ora nos cumes ou cotos para aproveitaren a tendencia espontánea do gando para sestar neles.

Estas construcións facíanse mediante a técnica da “pedra seca” ou “cachotería en seco”, unha técnica de construción tradicional que foi incluída na listaxe do patrimonio inmaterial da UNESCO no ano 2018.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Empregáronse até a segunda metade do século XX para o pastoreo do gando na estación estival. Organizábase mediante un sistema de rolda, na que participaba de xeito rotatorio a veciñanza dos lugares aos que pertencía cada chozo.

A paisaxe da serra do Suido foi recoñecida como Paisaxe Cultural polo Instituto del Patrimonio Cultural de España (IPCE) e incluída no Plan de Paisaxes Culturais na categoría de “Actividades agrícolas, gandeiras e forestais” nas que se inclúen os “sistemas agro-silvo-pastorís históricos”.

Ademais dos conxuntos etnográficos relacionados coa actividade gandeira, na serra teñen unha importante representación os foxos ou “forcas” do lobo, construcións de grandes dimensións situadas nas valgadas e formadas por valados en forma de V que converxen nun pozo (foxo) a onde se conducía o lobo en batidas colectivas. No Suído e Alto Tea existen 6 foxos do lobo, o máis espectacular dos cales é o Foxo da Portela, no Coto de Eiras.

Outras das manifestacións senlleiras do Suído son os camiños tradicionais, pola situación estratéxica do Suído como lugar de paso entre importantes comarcas do país. Cabe sinalar a este respecto o Camiño dos Arrieiros, que comunica O Ribeiro con Pontevedra, o Camiño Breeiro que ía cara Aciveiro e Compostela; o camiño da Brea que comunicaba a reitoral de Barcia de Mera co Mosteiro de Melón; e a Calzada do Alén, un camiño empedrado que vai pola marxe dererita do río Alén desde a Ponte de San Xoán do Mosteiro até o concello de Fornelos.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

. Como valora o goberno galego a situación do patrimonio etnográfico gandeiro da serra do Suído e Alto Tea?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

- . Con que grao de protección contan estes bens patrimoniais?
- . Ten previsto a Xunta facer un inventario e catalogación destes bens culturais?
- . Que valoración fai o goberno galego sobre o feito de que a UNESCO recoñecese a técnica construtiva da coachotaría en seco como patrimonio da humanidade?
- . Que iniciativas ten previsto desenvolver a Xunta para protexer, conservar e divulgar os bens construídos con esta técnicas e nomeadamente os que forman parte do patrimonio gandeiro do Suído?
- . Como valora a Xunta o feito de que o patrimonio etnográfico gandeiro da serra do Suído fose recoñecido como Paisaxe Cultural polo Instituto del Patrimonio Cultural de España (IPCE) e incluída no Plan de Paisaxes Culturais na categoría de “Actividades agrícolas, gandeiras e forestais” nas que se inclúen os “sistemas agro-silvo-pastorís históricos”?
- . Ten previsto a Xunta recabar os informes pertinentes e incoar o expediente de declaración do patrimonio etnográfico gandeiro da serra do Suído e Alto Tea como Ben de Interese Cultural na categoría de paisaxe cultural?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Cristina Fernández Davila

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 02/05/2024 11:06:51

Noa Presas Bergantiños na data 02/05/2024 11:06:56

Cristina Fernández Davila na data 02/05/2024 11:07:22

Mercedes Queixas Zas na data 02/05/2024 11:08:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños e Cristina Fernández Davila, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación..**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A serra do Suído forma parte do sur da Dorsal Galega, un sistema montañoso que se estende de norte a sur de Galiza e que na provincia de Pontevedra está conformado polas serras do Candán, O Cando, O Testeiro, O Faro de Avión e O Suido.

O Suído esténdese por polos concellos de A Lama, Avión, Beariz, Covelo, Fornelos e Mondariz ao longo de 492 km², configurando un espazo con identidade propia, con unha historia común e con unha grande riqueza natural e cultural.

A ubicación próxima á costa e as altitudes de máis de 1.000 metros fan que esteamos ante unha das serras de maior pluviosidade de toda a península ibérica, con máis de 2.400 mm de precipitación media anual. Os ríos que nacen na serra, o Tea, o Avia e o Verdugo-Oitavén son dos mellor conservados da demarcación Galiza-Costa, tanto pola calidade das augas, pola boa conservación das ribeiras e pola variedade de flora e fauna.

A orografía, o clima, a paisaxe, a historia fan da serra do Suído un espazo de extraordinarios valores ambientais, culturais e sociais que é necesario preservar e dinamizar no seu conxunto, prevendo impactos que alteren os equilibrios e fomentando actividades sustentábeis e creadoras de valor engadido.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Atendendo a riqueza ambiental e á súa importancia para a preservación da biodiversidade, nos anos 2008 e 2012 iniciáronse senllos procedementos para a declaración de parte da serra do Suído (aproximadamente 110 km²) como Lugar de Importancia Comunitaria (actualmente ZEC) e a conseguinte inclusión na Rede Natura 2000, iniciativas que non chegaron a concluírse malia as demandas da Comisión Europea para que se protexesen hábitats de interese prioritario presentes na serra. No ano 2008 tamén se iniciou o procedemento para a ampliación do LIC Rede Natura 2000 Río Tea coa inclusión do Alto Tea, sen que tamén neste caso chegase a facerse realidade a declaración.

No Suído e Alto Tea existen 12 tipos de hábitats de interese comunitario (Directiva Hábitats), dos cales 4 son de interese prioritario (en risco de desaparición): as turbeiras altas activas (7110*), os bosques aluviais de amieiros e freixos (91EO*), as matogueiras húmidas atlánticas ((4020*)) e os bosques de ladeiras, desprendementos ou barrancos (9180*).

A serra do Suído e o Alto Tea atesouran un grande número de formacións de turbeira, hábitat de grande interese para a biodiversidade e para a prevención e mitigación do cambio climático. As turbeiras funcionan como reguladoras do ciclo hidrolóxico, xa que actúan como unha especie de esponxas que reteñen a auga da chuva e vana liberando gradualmente. Caracterízanse pola presenza dunha grande variedade de flora e fauna, entre a que se inclúen especies en perigo de extinción.

En total están rexistradas 53 formacións de turbeira que ocupan unha superficie total de 80,8 ha. As turbeiras máis extensas atópanse no Suído: Chan do Libro con 10 ha de superficie, As Pontellas (8ha), Coto de Eiras e Outeiro Vello (5 ha cada unha). A maior parte das turbeiras sitúanse na cabeceira da conca do Oitavén-Verdugo (32). O río Tea e os seus afluentes suman un total de 20 formacións de turbeira mentres que na



cabeceira do Avia só se rexistra unha (O Pozo Novo). O 78% destas formacións están situadas nos concellos da Lama e O Covelo.

	Número	Superficie
Covelo	23	31,4 ha (38,8% do total)
A Lama	16	32 ha (39,6%)
Fornelos	10	11,4 ha (14,2%)
Mondariz	2	5,2 ha (6,4%)
Avión	2	0,8 ha (1%)

A parroquia de Campo (Covelo) é a que rexistra un maior número de de turbeiras, denominadas “porcas”, que ocupan un total de 20 hectáreas.

Unha parte destas turbeiras aparecen recollidas no Inventario de humidaís de Galiza (2003) mais ao longo de 20 anos sufriron numerosas agresións e alteracións. Existe unha proposta para declarar as brañas do Suído como Humidal protexido e como humidaís incluídos na listaxe internacional Ramsar (*Conservación e xestión dos humidaís en Galicia*, IBADER, 2017, ®Pablo Ramil-Rego, Luís Gómez-Orellana e Javier Ferreiro da Costa editores). No mes de marzo de 2023, unha parte dos humidaís do Suido foron incluídos no Inventario de zonas húmidas de Galiza (DOG do 13 de marzo de 2023).

O río Parada do Valdohome, afluente do Oitavén, que ten as súas nacentes na serra do Suído, foi declarado Reserva Natural Fluvial atendendo ao seu bo estado de conservación e aos valores naturais que atesoura. Por este motivo, a súa bacía debe ser obxecto de especial protección e precaución, evitándose as agresións e alteracións da súa contorna.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. A serra representa unha mesma unidade etnográfica, composta por toda a rede de construcións gandeiras estacionais da Serra do Suído e Alto Tea. Os chozos ou chozas, sesteiros, curralas e cortellos ou parideiras atópanse diseminados de tal modo que se insiren na paisaxe beneficiándose das súas características ambientais e orográficas, para se asentar ora nas pequenas valgadas e chans, para aproveitaren os seus pastos, ora nos cumes ou cotos para aproveitaren a tendencia espontánea do gando para sestar neles.

Estas construcións facíanse mediante a técnica da “pedra seca” ou “cachotería en seco”, unha técnica de construción tradicional que foi incluída na listaxe do patrimonio inmaterial da UNESCO no ano 2018.

Empregáronse até a segunda metade do século XX para o pastoreo do gando na estación estival. Organizábase mediante un sistema de rolda, na que participaba de xeito rotatorio a veciñanza dos lugares aos que pertencía cada chozo.

A paisaxe da serra do Suido foi recoñecida como Paisaxe Cultural polo Instituto del Patrimonio Cultural de España (IPCE) e incluída no Plan de Paisaxes Culturais na categoría de “Actividades agrícolas, gandeiras e forestais” nas que se inclúen os “sistemas agro-silvo-pastorís históricos”.

Ademais dos conxuntos etnográficos relacionados coa actividade gandeira, na serra teñen unha importante representación os foxos ou “forças” do lobo, construcións de grandes dimensións situadas nas valgadas e formadas por valados en forma de V que converxen nun pozo (foxo) a onde se conducía o lobo en batidas colectivas. No Suído e Alto Tea existen 6 foxos do lobo, o máis espectacular dos cales é o Foxo da Portela, no Coto de Eiras.

Outras das manifestacións senlleiras do suído son os camiños tradicionais, pola situación estratéxica do Suído como lugar de paso entre importantes comarcas do país.



Cabe sinalar a este respecto o Camiño dos Arrieiros, que comunica O Ribeiro con Pontevedra, o Camiño Breeiro que ía cara Aciveiro e Compostela; o camiño da Brea que comunicaba a reitoral de Barcia de Mera co Mosteiro de Melón; e a Calzada do Alén, un camiño empedrado que vai pola marxe dererita do río Alén desde a Ponte de San Xoán do Mosteiro até o concello de Fornelos.

4. Toda esta inmensa riqueza de patrimonio cultural e natural do Suido viuse mermado e sometido a múltiples agresións, que se poden agravar de maneira irreparábel debido a proliferación de proxectos mineiros e de parques eólicos.

Con respecto aos parques eólicos, a Comisión Europea (EC, 2010) identifica os impactos na fase de construción do parque en canto á perda de superficie ocupada por hábitats de interese comunitario debido á apertura de viais, cimentación dos aeroxeradores, instalación de liñas áreas e subterráneas, construción de centrais eléctricas e edificacións auxiliares, introdución de especies invasoras, etc. Tamén fai referencia aos impactos na fase de explotación, pola mortandade que causan os aeroxeradores na avifauna e polo incremento do ruído.

No caso de humidais, a creación de pistas e drenaxes alteran a hidroloxía superficial. Os viais acostuman a converterse en receptores de augas de grandes superficie de terreo, que son transportadas a lugares afastados por medio das gavias.

Nos últimos anos, no contexto do boom eólico, estanse a tramitar numerosos proxectos de parques eólicos na Serra do Suído, no Alto Tea e no Faro de Avión. Na tramitación destes proxectos industriais débese ter en conta o establecido na lei 5/2019 do patrimonio natural e a biodiversidade, que consolida a prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística, o principio de precaución a respecto das intervencións que poidan afectar negativamente ao patrimonio natural e a biodiversidade, e mais a prevención dos problemas derivados do cambio climático.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En relación con esta última cuestión cómpre avaliar a incidencia dos parques eólicos e das súas infraestruturas nos recursos hídricos, co obxecto de preservar a función do Suído como gran colector de auga que abastece as concas do Avia, Oitavén-Verdudo e Tea.

Por outra parte, o solo afectado polos proxectos sectoriais vai experimentar unha radical modificación na súa cualificación urbanística e o seu uso, xa que pasa a cualificarse como solo rústico de especial protección de infraestruturas. Na práctica supón abrir paso a un proceso de explotación industrial de espazos de grande interese ambiental, cultural e paisaxístico.

En relación coa afección á paisaxe, cómpre ter en conta que o Catálogo das Paisaxes de Galicia inclúe a Serra do Suído como Área de Especial Interese Paisaxístico (AEIP _08_15), polo que se deberá estar ao disposto na Lei 7/2008, de 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia. Resulta evidente que a construción de até 16 parques eólicos e as súas correspondentes infraestruturas van terían un enorme impacto visual na paisaxe da serra.

5. Calquera planificación do desenvolvemento de enerxías renovábeis debe facerse contando coa participación dos concellos e a veciñanza, debe respectar os valores ambientais e culturais do territorio, debería ter como contrapartida o abaratamento do prezo da enerxía eléctrica e debería ter como principais beneficiarias as comunidades locais.

Recentemente, a Xunta vén de informar negativamente varios proxectos de parques eólicos situados na serra do Suido, atendendo ao seu impacto paisaxístico, aos efectos sinérxicos e acumulativos (efecto barreira) e a afección a especies protexidas, nomeadamente as aves.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En relación coa tramitación do parque eólico Coto das Airas, logo reconvertido como Carballoso (de tramitación estatal por ter unha potencia de 51MW), situado nos concellos de Fornelos, A Lama e Avión, a dirección xeral de Patrimonio Natural da Xunta emitou informes desfavorábeis polo impacto negativo no patrimonio natural e en especies protexidas. Un dos argumentos clave para esta avaliación foi que “neste momento están en estudo distintos espazos ben conservados que reúnen importantes valores ambientais pola presenza de turbeiras e hábitats asociados insuficientemente representados na Rede galega de espazos naturais. En dito estudo, ademais da cartografía detallada dos hábitats, están presentes cuestións como a conectividade das especies e o mantemento das condicións dos equilibrios hídricos, fundamentais neste tipo de formacións vexetais.

Doutra banda, esta a tramitarse actualmente un volume importante de proxectos de desenvolvemento eólico que se superpoñen con estes espazos e que se amosan incompaibles coa conservación dos valores naturais presentes neles, o que representa un factor de perturbación que ameaza de modo significativo o seu estado de conservación e as obrigas de conservación que debe atender a Xunta de Galicia.

En consecuencia, en aplicación do artigo 46.1 da Lei 5/2029 de patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, **procede informar negativamente a instalación de aeroxeradores e subestacións na devanditas zonas**, así como o resto de infraestruturas asociadas”.

En consecuencia con este informe, referido ao parque eólico Coto das Airas e reiterado nos mesmos termos para o parque eólico Carballoso, o goberno galego debe aplicar o procedemento previsto nos artigos 45 e 46 da lei 5/2019.

E tendo en conta dos demais valores patrimoniais, socioculturais e humanos da serra do Suido, debe impulsar, en coordinación cos concellos e co tecido social da contorna, un conxunto de medidas de conservación, de recuperación e dinamización.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

. Considera o goberno galego que están suficientemente protexidos os valores ambientais da serra do Suído, no que existen 12 hábitats de interese comunitario, dos cales 4 son de interese prioritario?

. Ten previsto o goberno galego incoar o procedemento para a protección da serra do Suído baixo a figura da Rede Natura 2000?

. Que plans de actuación desenvolveu ou prevé desenvolver a Xunta para a protección e conservación dos humidais e das turbeiras do serra do Suído?

. Que actuacións prevé desenvolver o goberno galego para a protección dos valores paisaxísticos e dos recursos hídricos da serra do Suído e Alto Tea?

. Ten previsto o goberno galego establecer o réxime de protección cautelar e preventiva previsto na lei 5/2019, coa finalidade de evitar o risco de destrución irreversible de especies e hábitats de interese comunitario e de interese prioritario presentes na serra do Suido?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Cristina Fernández Davila

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2024 12:06:45
Nº Rexistro: 2884
Data envío: 02/05/2024 12:06:45.602

Luis Bará Torres na data 02/05/2024 12:04:09

Noa Presas Bergantiños na data 02/05/2024 12:04:15

Cristina Fernández Davila na data 02/05/2024 12:04:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a falla obxectivos ambiciosos e de execución orzamentaria en materia de promoción de vivenda pública.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2021 o goberno galego presentaba un novo plan de vivenda baixo o título *Pacto Social da vivenda 2021-2025*. Un plan cargado de vaguidades e de falla de concreción sobre as medidas e obxectivos concretos que pretendía acadar. Tal era a indefinición que a Xunta de Galiza tardou máis de dous anos, logo da súa aprobación, en anunciar unha meta precisa en materia de desenvolvemento e promoción de vivenda protexida e de vivenda pública.

De forma que en 2023 o Consello da Xunta comunicou o desenvolvemento da *Estratexia para a promoción de vivenda pública e o impulso da vivenda protexida*. Esa estratexia propón incorporar 1.802 novas vivendas ao parque público de vivenda, contando as xa incluídas dende 2022 e até o 2026. En concreto o goberno comprometíase a incorporar 959 vivendas promovidas polo IGVS, 260 vivendas promovidas por promotores privados e concellos, 157 vivendas adquiridas e rehabilitadas a través do programa Rexurbe, 331 vivendas con axudas para recuperar inmobles e edificios propiedade municipal e 125 vivendas adquiridas á SAREB.

O compromiso global do goberno segue a ser insuficiente tendo en conta que no Rexistro de Demandantes de Vivenda existen máis de 18.000 familias agardando por unha vivenda protexida, das cales, máis do 80% solicitan o réxime de vivenda pública.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por se fose pouco, o cativo compromiso da Xunta de Galiza non está a contar co impulso económico necesario para acadar os resultados prometidos. Nas contas de 2023 o executivo comprometeu unha partida de 8M€ para a construción de vivendas de promoción pública, das que apenas executaron 2,6M€. É dicir, 2 de cada 3 euros previstos non chegaron a executarse. O mesmo sucede coa partida prevista para a promoción de solo residencial, que con apenas 2M€ executados só logra executar 1 de cada 3 euros.

Con este ritmo de investimento semella realmente complicado que a Xunta acade os cativos obxectivos marcados na súa estratexia. Por todo isto dende o BNG formulamos o seguinte:

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Cantas vivendas de promoción pública foron entregadas en 1º adxudicación dende o 2023?
- Cantas vivendas foron entregadas en 1º adxudicación a través do programa Rexurbe dende o 2023?
- Cantas vivendas foron cedidas pola SAREB ao IGVS dende o 2023?
- Que valoración fai o executivo galego da execución orzamentaria en materia de vivenda no ano 2023?
- Considera a Xunta de Galiza que é necesario incrementar o investimento e a execución en materia de promoción de solo e vivenda pública?
- Cantas vivendas ten previsto a Xunta de Galiza incorporar ao parque público de vivenda ao longo do ano 2024?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que valoración fai a Xunta do desenvolvemento da *Estratexia para a promoción de vivenda pública e o impulso da vivenda protexida* durante o ano 2023?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 02/05/2024 12:27:39

Luis Bará Torres na data 02/05/2024 12:27:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as medidas a tomar para prestar unha atención á saúde mental digna.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da saúde mental en Galiza, podemos cualificala como mínimo de parálise, a Xunta de Galiza non se ten actuado, non ten atendido as necesidades, non planificou e non adicou o orzamento preciso. É unha das grandes esquecidas nos 12 anos de Goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza, algo incomprensíbel dado o enorme número de persoas con necesidade de atención e as demoras. Non ten actuado a pesares dos indicadores que mostran un medre progresivo, grave empeoramento da mesma na poboación, coas consecuencias de sufrimento humano, de perda de vidas e dos custes sociais, laborais e sanitarios.

Está a punto de rematar a vixencia do Plan de Saúde Mental post Covid 2020-2024 e a realidade é que foi máis que insuficiente para solucionar os graves problemas de saúde mental en Galiza. No mellor dos supostos de que incorporaran todas as prazas, estarían na metade das que contemplaba o plan de 1996.

Non se reduciu o impacto dos problemas de saúde mental nin as taxas de suicidio. Galiza segue a encabezar os datos de prevalencia de problemas de saúde mental e da taxa de suicidios de todo o Estado. Sigue á cabeza no consumos de psicofármacos e á cola en ratios de profesionais por habitantes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

340 galeg@s quitáronse a vida en 2022, as demoras para citas de saúde mental seguen sendo de meses, au igual que as sucesivas. A cifra dos últimos datos publicados é que son 9.082 persoas as que agardaban por unha primeira consulta de psiquiatría

Evidénciase a insuficiencia destas estratexias tanto na análise do problema, como nos recursos mobilizados e a inversión efectivamente dispoñíbel. Pero sobre todo a falta dun modelo global que integre a complexidade da saúde mental e interveña de forma integral.

Por estas razóns formúlase a seguinte interpelación:

Van aumentar os recursos, dispositivos e persoal para poder prestar a atención precisa na atención á saúde mental?

Cal é a aplicación do Plan de Saúde Mental 2020-2024?

Coida o Goberno galego que coas contías contempladas nos orzamentos da Xunta para a saúde mental se vai reverter a situación de déficit endémico?

Vai proceder a crear nos Centros de Saúde de Atención Primaria prazas de psicólogos clínicos que permita a creación de equipas multidisciplinares e prestar unha atención integral?

Que actuacións está realizando a Xunta diante da altísima prevalencia do suicidio en Galiza?

Teñen algún estudo sobre as características das persoas suicidas en Galiza?, si é así cal é o resultado do mesmo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2024

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG



Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Desde que hai 14 anos, cando se calcula que a praga da velutina chegou a Galicia, os problemas causados por esta praga invasora foron a máis. Problemas no hábitat natural, económicos e de saúde son recorrentes ano tras ano e, maila as dificultades que sabemos entraña a súa erradicación e control, a actuación da Xunta de Galicia, Administración que ten as competencias nesta materia, son insuficientes e a coordinación con outras administracións é moi deficiente.

Segundo os últimos datos oficiais, Galicia rexistrou un total de 56.500 avisos por presenza de niños de vespa velutina, de forma que se dispararon preto dun 50 % en comparación con 2022.

O sector apícola galego denuncia que o 2023 marcou un récord de baixas nos seus apiarios debido ao ataque desta especie ás colmeas, con perdas de mel que se sitúan xa en torno ao 65 % das colonias de abellas, mentres os adegueiros e viticultores de distintas zonas cuantifican perdas importantes, de até 15.000 euros por hectárea, xa que as vespas provocan un descenso na produción e unha diminución na calidade polos problemas de putrefacción dos acios comidos ao chegar á adega. Tamén o sector frutícola está a sufrir a súa presenza.

Se falamos de saúde, Galicia é a comunidade con máis mortes a causa das picaduras das velutinas. A cifra de mortalidade oscila en España entre 0,02 e



0,15 falecementos por cada millón de habitantes, mentres que en territorio galego data de 2,2.

A situación non crea alarma só no medio rural senón tamén nas áreas urbanas, motivada pola presenza continuada de avispones asiáticos en zonas de alta afluencia de persoas.

Os datos reflicten claramente que a acción autonómica non está a dar froitos, nin na acción preventiva nin na eliminación da praga, algo que a Xunta debeu admitir xa que, recentemente, anunciou que reorientaba a súa estratexia, centrando as súas actuacións en catro pilares: retirada de niños primarios, trampeo selectivo, formación e investigación. Pilares nos que se supón xa tiña que estar a traballar desde hai anos.

Ademais, a Xunta de Galicia saca peito dun acordo coa Fegamp para a loita contra a velutina, pero no que se di claramente que cada unha das administracións costeará as actuacións que acometan. Isto supón, por citar un exemplo dun concello moi activo como é o de Lugo, un gasto de preto de 20.000 euros, asumindo unha vez novos custos en competencias impropias por actuar con responsabilidade fronte a unha Xunta que descarga sempre a súa falta de compromiso nas administracións locais.

Desta falta de apoio quéixanse tamén os sectores afectados, como o apícola, no se que se ven obrigados a levar a cabo unha serie de medidas para protexer as súas colmeas. Estes métodos de loita teñen un custo de case 8 millóns de euros anuais.

Tanto concellos como os sectores lamentan que non existan axudas económicas específicas da administración competente para financiar os gastos que están a desembolsar maila que temos moi próximos exemplos doutras comunidades autónomas como a cántabra onde si existen, e son moi



apreciadas. E sen perder de vista que se ven obrigados a desenvolver accións para as que a Xunta de Galicia está xa a pagar a unha empresa, Seaga, para que as execute.

Ante a preocupación dun problema que se agrava cada ano, as deputadas que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cal é a previsión de control e erradicación da velutina da Xunta de Galicia para este 2024 e para os vindeiros anos coa nova estratexia que acaba de anunciar?
2. Cal é o calendario de trampeo? Cal é o mapa e cantas trampas instalaranse e en que proporción?
3. E se falamos de accións prácticas, en que consiste a coordinación que realiza cos concellos e cos sectores afectados e como os está a axudar nas accións preventivas e de erradicación?
4. Ten a Xunta de Galicia pensado establecer, como piden administracións locais e os sectores afectados, axudas específicas para a instalación do trampeo selectivo e outras actuacións que acometen?
5. En que consiste o apoio á investigación científica? En que medida e con que accións está xa a apoiar aos equipos investigadores e como o impulsará?
6. Cal é a estratexia de formación e concienciación da Xunta de Galicia coa sociedade e co persoal profesional? Cal é o calendario e cales os grupos de atención nos que se centrarán estas campañas?
7. Cal é a coordinación da Xunta co Goberno central na loita contra a velutina? Aporta os datos á base de datos centralizada no MAGRAMA?



8. Cales son as estratexias da Xunta para impulsar a recuperación dos sectores afectados como o apícola, o frutícola ou o vitivinícola?

Santiago de Compostela, 2 de maio do 2024



Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro e Carlos López Font, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A ría do Burgo foi obxecto desde finais do século pasado dun bo número de proxectos para lograr o seu saneamento, erradicar as verteduras incontroladas e manter a súa riqueza marisqueira. Con todo na práctica non se plasmaron máis que actuacións parciais que non lograban eliminar a imaxe de deterioración ambiental da ría.

Desde Augas de Galicia realizáronse a partir do ano 2001 obras de saneamento na contorna da ría do Burgo e municipios limítrofes, que incluíron entre outras o saneamento de Culleredo, Oleiros e Cambre e a eliminación das verteduras do Burgo.

Sen embargo, ningunha destas actuacións da Xunta de Galicia abordaba a rexeneración ambiental integral da ría do Burgo, co fin de rexenerar os bancos de marisqueo da ría permitindo así a recuperación dos recursos marisqueiros e da actividade extractiva aos e as mariscadoras da zona como reiteradamente reclamaban as confrarías da zona.

A ría do Burgo atopábase moi deteriorada, debido ás verteduras que viña recibindo ao longo dos anos e que afectaron gravemente á calidade das súas augas e á produtividade dos bancos marisqueiros.

No ano 2021 o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico licitou o proxecto, cofinanciado con fondos FEDER 2014-2020, para o dragado ambiental dos sedimentos da ría do Burgo, cun custo de obra e control



ambiental de máis de 33 millóns de euros, iniciando as obras en decembro de 2021.

A rexeneración ambiental da ría do Burgo, que promove o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, afecta á Coruña, Cambre, Culleredo e Oleiros, finalizou o pasado venres 26 de abril coa recepción da obra por parte de representantes do Goberno central.

Dentro do proxecto estaba incluída a sementa que no momento da finalización do proxecto estaba completamente realizada e co visto e prace dos biólogos da Xunta de Galicia. É necesario neste punto que a Xunta de Galicia estableza os protocolos de seguimento e control do proceso de desenvolvemento e supervivencia da semente implantada para que se produza unha recuperación efectiva dos bancos para a súa explotación por parte dos mariscadores e mariscadoras e complétese así a rexeneración integral, ambiental e socio-económica, da ría do Burgo.

Agora o que toca é esperar a que creza o marisco, contorna a 18 ou 24, e durante ese tempo debemos achegar solucións ás e os mariscadores. Durante o tempo que durou as obras de rexeneración da ría do Burgo, o Goberno central foi o único que se fixo cargo de abonar axudas por inactividade ás e os mariscadores do Burgo, unha actuación imprescindible e necesaria, por unha contía total de 3.659.120,22 de euros.

A Xunta de Galicia, que ten competencias exclusivas en marisqueo, debe comezar a traballar para dar solucións a mariscadores/as do Burgo que reclaman compensacións económicas xustas unha vez finalizado o dragado, ata que os bancos recuperen a súa produción e poidan traballar na zona.

É por tanto a Xunta de Galicia a que debe dar resposta ás xustas reivindicacións das e os mariscadores da ría do Burgo ata que se poida realizar



a actividade extractora nos areais rexenerados. Durante o tempo de realización da rexeneración esas indemnizacións foron soportadas en exclusiva polo Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que actuacións ten prevista a Consellería do Mar para a recuperación da produción marisqueira na ría do Burgo?
2. Ten prevista a Consellería do Mar realizar un seguimento da produtividade dos distintos areais, establecendo os procedementos adecuados de sementa e repoboación dos bancos marisqueiros da ría do Burgo?
3. Que tipo de axudas ten previstos establecer a Consellería para indemnizar ás e os mariscadores no período de obrigada inactividade desde que finalizaron as obras de rexeneración e se poidan volver explotar a ría do Burgo para o marisqueo?

Santiago de Compostela, 2 de maio do 2024



Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

No derradeiro informe sobre a estabilidade orzamentaria da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal -AIREF- publicado o 12 de abril de 2024 alértase da rebaixa das previsións económicas de Galicia para 2024 que sitúan a Galicia en risco de incumprir a regra de gasto e débeda pública contraída.

No informe da AIREF constátase o incremento do 8 por cento no gasto e o aumento da débeda nun 15 por cento, o que desequilibra a fiscalidade galega e provoca un deterioro importante das finanzas públicas, co risco de que deixen sen atender a calidade dos servizos públicos como sanidade, educación, servizos sociais ou dependencia.

Ademais, o Banco de España, segundo os últimos datos do Protocolo de Déficit Excesivo das Administracións Públicas, Galicia ten unha débeda de 12.170 millóns no IV trimestre de 2023, a cuarta cifra máis alta da historia, acadada tamén no ano 2023. Así mesmo, a isto habería que sumar as colaboracións público privadas, que nos orzamentos para 2024 se sitúa en 1.906,3, o que nos dá unha cifra total de máis de catorce mil millóns de euros de débeda total nunha estimación conservadora.

A economía galega non vai tan ben como o resto de España ao crecer un 1,8 por cento, fronte ao 2,5 do Estado, e logo de que pecharan 11.000 empresas en 2022. Hai unha responsabilidade fundamental na mala xestión económica do Goberno galego do Partido popular, que triplicou a débeda ao tempo que



non preservou os servizos públicos dos efectos das crises económicas nin apostou pola transformación económica do noso país.

O Goberno galego coas súas rebaixas fiscais para rendas altas deixar de recadar 150 millóns de euros ao ano. A decisión do presidente Rueda de deixar sen aplicar o imposto ás grandes fortunas, así como as exencións ao imposto do Patrimonio ou as novas exencións ao imposto de herdanzas que ten anunciado para os maiores patrimonios, en realidade agocha menos recursos para os servizos públicos.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Vai continuar o Goberno galego coa estratexia de continuar coas rebaixas fiscais para as rendas altas, que implican a diminución da calidade dos servizos públicos e incremento da débeda pública por riba da media en España?
2. Sen ter en conta os ingresos que recibe Galicia do Goberno de España, que medidas vai a adoitar o Goberno galego para lograr maior estabilidade orzamentaria respecto ao incremento da débeda pública, sen ter en conta?

Santiago de Compostela, 2 de maio do 2024



Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Manglana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

O mércores 24 de abril de 2024 publicouse no DOG o DECRETO 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellarías da Xunta de Galicia.

Sorprendentemente, decatámonos que fora eliminada a Secretaría Xeral de Igualdade e substituída por dúas direccións Xerais: Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero e Dirección Xeral de Promoción da Igualdade.

Desde o Grupo Socialista estamos fondamente preocupados xa que entendemos que este cambio no organigrama do goberno, que relega a categoría de Dirección Xeral as políticas de igualdade, vén a seguir o mesmo camiño que levan outras CC.AA de invisibilidade das políticas de igualdade en colaboración cos seus socios de VOX.

En Galicia o menosprezo ao papel da loita contra a igualdade comezou baixo a presidencia de Feijóo suprimindo o Servizo Galego de Igualdade no ano 2010, e acaba de culminalo o señor Rueda.

En primeiro lugar, quitándolle o rango de Secretaría Xeral ás políticas de Igualdade; en segundo lugar, separando as políticas de igualdade da loita contra a violencia de xénero, dando a entender, que a orixe desta violencia non é o machismo, a ausencia de igualdade entre mulleres e homes.



Este novo organigrama sumado á vinculación das políticas de igualdade dentro da Consellería de Política Social, fainos retroceder máis de dúas décadas na concepción das políticas de igualdade, e defendendo así as mesmas teses que os seus socios de extrema dereita.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que a loita pola igualdade entre mulleres e homes ten que ser unha cuestión imprescindible e transversal a toda a actuación política.

É por iso polo que defendemos que un proxecto de Goberno do século XXI ten que incluír a igualdade como eixo prioritario de actuación que, ademais, se estenda de forma transversal ao resto de políticas.

Ante esta situación as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Como xustifica o Goberno galego a eliminación da Secretaría Xeral de Igualdade?

Santiago de Compostela, 2 de mayo de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Iria Carreira Pazos, Luis Bará Torres, Ariadna Fernández González, Montserrat Valcárcel Armesto, Olalla Rodil Fernández e Sonia Vidal Lamas, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a posible implantación da macrocelulosa de ALTRI e a súa afección ao sector agrogandeiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa ALTRI a traveso de Greenfiber SL está a promover unha macrocelulosa en Palas de Rei. Unha macrofactoria que ocupará 366 has e que terá un forte impacto medioambiental, patrimonial e cultural tanto no concello de localización como nas comarcas limítrofes. Dende o punto de vista económico o impacto aos sectores produtivos existentes na zona tamén será moi considerábel.

Un deses impactos será o cambio de usos da terra debido a elevada demanda de eucalipto o que traerá consigo un incremento da eucaliptización e a perda de terras dispoñíbeis para as producións agrogandeiras

Un dos principais motores económicos da zona da pretendida implantación da macrocelulosa de ALTRI é o sector agrogandeiro. O sector





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

primario é fundamental para o mantemento económico e social das parroquias deste territorio situado no corazón de Galiza.

A Ulloa é unha comarca eminentemente gandeira, que desenvolve unha importante valorización do sector primario cun importante complexo de transformación. É un verdadeiro exemplo de economía circular.

Cando se fala de emprego a Xunta de Galiza gobernada polo PP nunca di nada dos preto de 4000 empregos directos (datos de marzo do 2024) do sector primario, do agrogandeiro; amén dos miles e miles de postos indirectos xerados ao carón do gando. Empresas de servizos, comercio, industrialización dos produtos, agroturismo, etc.

Esta comarca é onde está situada a denominación de orixe do queixo Arzúa Ulloa, a segunda do estado español en produción e en volume económico. Unha denominación que comercializa uns 4 millóns de kg de queixo resultante da utilización de 32,5 millóns de litros de leite das ganderías das comarcas da Arzua Ulloa. Unha denominación da que temos que estar orgullosos e a que temos que apoiar e coidar. Unha denominación que permite valorizar unha parte importante do leite que producen os centos de explotacións lácteas destas comarcas.

O risco que trae consigo a instalación desta macroplanta de produción de celulosa para o sector agrogandeiro é moi importante. Por un lado temos o forte incremento da demanda de eucalipto que traerá consigo unha demanda de terras para plantación desta especie invasora. Esta demanda implicará menor dispoñibilidade de terras para uso agrario nesta zona de forte implantación





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

gandeira. Estamos nunha zona no que a maioría da superficie está dedicada a produción de alimentos para a súa cabana gandeira. Esta competencia de terras non será o único motivo de preocupación, está tamén a contaminación atmosférica e das augas, o prestixio social da DO Queixo Arzua Ulloa... repercutindo dun xeito negativo sobre a valorización das granxas, das terras o turismo e a restauración, o que no seu conxunto vai favorecer a emigración e o empobrecemento da poboación.

O goberno galego do Partido Popular ten que pensar nos miles de familias que traballan e viven do sector agrogandeiro, ten que pensar nas miles e miles de persoas afectadas que viven nas parroquias destas comarcas e que loitan por manter un medio rural vivo. A Xunta de Galiza non pode apoiar esta macrofactoría que vai en contra do noso rural

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Fixo a Xunta de Galiza algún estudo sobre as repercusións negativas de macroplantas como a de ALTRI no sector agrogandeiro?
- Fixo a Xunta de Galiza algún estudo sobre as repercusións negativas da macroplanta de ALTRI na dispoñibilidade de terras para o sector agrogandeiro?
- Fixo a Xunta de Galiza algún estudo sobre as repercusións negativas da macroplanta de ALTRI na Denominación de Orixe Queixo Arzúa Ulloa?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Por que a Xunta de Galiza apoia esta macrofactoría?
- Por que non teñen en conta os perigos que representa esta macrocelulosa de ALTRI para o sector agrogandeiro, fundamental nestas comarcas?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2024

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**

Sonia Vidal Lamas

Iria Carreira Pazos

Montserrat Valcárcel Armesto

Luis Bará Torres

Ariadna Fernández González

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

No ano 2021 O Pleno do Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade unha proposición non de lei do Grupo Socialista na que se instaba o Goberno galego a:

- “1. Crear unha partida orzamentaria específica con fondos propios, que complemente a participación en programas europeos e iniciativas privadas, para continuar implementando programas de recollida e recuperación de residuos mariños, co fin de chegar a actuar en 2023 na totalidade da costa galega, mediante incentivos financeiros ao sector do Mar.
2. Desenvolver campañas de información e sensibilización sobre o papel da cidadanía na loita contra a contaminación plástica e o lixo mariño.
3. Elaborar un plan específico para a reciclaxe de todos os obxectos recollidos, xa sexan redes, cordas, plásticos, latas ou outros residuos, no que se inclúa a recollida unificada das artes de pesca a bordo dos buques en bolsas ou contedores e a facilidade de instalacións axitadas nos portos.
4. Realizar unha avaliación anual das características e tipos de residuos recollidos co fin de levar a cabo accións de prevención.”

Transcorridos 3 anos e o mesmo número de orzamentos o Goberno da Xunta non cumpriu esta petición.



O pasado mes de decembro de 2023 Galicia tivo que enfrontarse a unha grave crise medioambiental coa chegada á costa de sacas cheas de *pellets* que perdera un barco de mercancías preto da costa portuguesa.

Fóra da nefasta xestión levada a cabo polo Goberno galego evidenciouse, cos equipos de recollida feitos “*ad hoc*”, que existe unha gran cantidade de plásticos que chegan todos os días ás nosas costas.

Os principais prexudicados polos plásticos no mar son os ecosistemas mariños e, por extensión, a pesca, que supón un 2,1 % do PIB galego e un 3,2 % do emprego.

Polo tanto, desde o Partido Socialista seguimos reclamando á Xunta de Galicia que implemente políticas propias de loita contra o lixo mariño, a través dun programa propio con obxectivos cuantitativos e cualitativos que permita mellorar a situación na que nos atopamos na actualidade. E a maiores que cumpra co ditame aprobado no Pleno do Parlamento por unanimidade dos 3 grupos no mes de xuño de 2021.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cre o Goberno galego que a política de loita contra o lixo mariño que está a desenvolver é suficiente?
2. Vai o Goberno galego cumprir o acordo plenario aprobado na pasada lexislatura, no que se solicitaba a Xunta o desenvolvemento de políticas de loita contra o lixo mariño?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2024



Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Paloma Castro Rey, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O ministro de Política Territorial e Memoria Democrática na reunión da Comisión Nacional de Administración Local (CNAL), á que asistiu a vicepresidenta cuarta e ministra de Hacienda y Función Pública, informou de que en 2024 as entidades locais recibirán 28.557 millóns de euros en recursos do sistema de financiamento estatal, a maior contía da historia, un 22,6 % con respecto a 2023, 5.260 millóns de euros máis.

En canto ás entregas a conta, para o conxunto das entidades locais, acadaranse os 23.773 millóns de euros, o que supón un incremento do 5,1 % respecto ás entregas de 2023. De igual xeito, a vicepresidenta cuarta e ministra de Hacienda y Función Pública comunicou que o Goberno vai flexibilizar a senda de estabilidade para este subsector, de maneira que as administracións locais pasarán dun obxectivo de superávit do 0,2 % en 2024 previsto no Programa de estabilidade de abril, a ter equilibrio orzamentario, sendo asumidas esas dúas décimas de marxe pola Administración xeral do Estado, que fará un maior esforzo de redución de déficit, permitindo ás corporacións locais dispor dunha maior marxe de gasto e de investimento.

As entidades locais galegas prevén recibir 1.600 millóns de euros en 2024 do financiamento estatal, uns 900 millóns de euros irán aos concellos (747 millóns de euros neste exercicio) e uns 700 millóns de euros ás deputacións (590 millóns de euros neste exercicio), o que supón case un 23 % máis que en 2023, é dicir, 300 millóns de euros máis.



Fronte a este incremento dos fondos do financiamento estatal cara ás entidades locais, a Xunta de Galicia dende que goberna o PP ten conxelada a partida de financiamento aos concellos en 112,9 millóns de euros.

En 2024 o Goberno da Xunta estableceu que para as entidades locais dedican 600 millóns de euros segundo o artigo 58 da lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

No obstante, ano tras ano segundo consta nos informes do Consello de contas de Galicia respecto á conta rendida a execución orzamentaria real amosa que os datos son os seguintes:

- No ano 2019: 315,5 M de euros.
- No ano 2020: 333,2 M de euros.
- No ano 2021: 355,3 M de euros

E no derradeiro Informe do Consello de Contas de Galicia, respecto a Conta Xeral do ano 2022 é de 355,3 M de euros.

Por todo o antedito, o deputado e as deputadas que asinan interpelan ao Goberno local nos seguintes termos:

1. Cal foi e é o grado de execución -en millóns de euros e porcentaxe- do Fondo de cooperación local xunto coas subvencións e convenios de concesión directa concedidas ás entidades locais nos exercicio orzamentarios do ano 2023 e do que vai do ano 2024?
2. Da dotación global destinado ás entidades locais consignadas nos orzamentos do ano 2024, cantos millóns de euros se corresponden co do Fondo de Cooperación local e cantos se corresponden con subvencións (en concorrencia, directas ou nominativas nas que o Goberno da Xunta



decide o destino e finalidade, coartando así a autonomía local e a súa
insuficiencia financeira?

Santiago de Compostela, 2 de maio do 2024





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ariadna Fernández González e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as medidas a tomar para garantir que tod@s @s nen@s galeg@s en idade pediátrica teñan asistencia en Atención Primaria por un profesional especialista en pediatría, independentemente de onde residan.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Propaganda da Xunta de Galiza, do Partido Popular, xa non son quen de agochar a situación dramática da Atención Primaria, a falta de profesionais, a desatención, as listas de espera. Dentro da alarma xeneralizada por esta situación é especialmente preocupante a falta de pediatras porque pon en risco a saúde da poboación infanto-xuvenil.

Esta situación está tendo como consecuencia que a atención por especialistas de pediatría @s nos@s nen@s e adolescentes non está garantida.

Segundo os últimos datos publicados polo IGE o número de pediatras en Atención Primaria no 2023, era de 325, cando en 2004 eran 405, 80 menos, un 20% menos.

194 concellos sen ningún pediatra. Hai comarcas enteiras, sen atención pediátrica; 11 mil nen@s sen pediatra asignado.

A isto hai que engadir unha idade media moi elevada, xa que o 25% ten máis de 63anos e o 45 máis de 65.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Insuficiente oferta de prazas de formación Mir, e centrada na formación hospitalaria

Desigualdade, falta de equidade, ao ser moito máis elevada a non existencia de pediatras nas áreas rurais.

As consecuencias son axendas sobrecargadas, non se dá atendido máis alá das cuestións urxentes. A actividade non urxente, como as revisións periódicas, controis de saúde, calendarios vacinais, están sendo relegadas, aprazadas constantemente, cada vez por períodos máis longos de tempo.

Supón desprazamentos a outros centros de saúde, no mellor dos casos, na maioría sen atención directamente, ou acudir ás urxencias hospitalarias.

Non pode haber nenos e nenas de primeira e de segunda, non se pode permitir a discriminación da Xunta no acceso ao servizo de pediatría.

@s nen@s galeg@s teñen dereito á asistencia polos profesionais especialistas en pediatría.

Precisan unha atención experta, axustada ás súas necesidades, unha infancia atendida e coidada é a mellor garantía de persoas adultas máis sans. Un especialista en Pediatría está durante catro anos formándose en enfermidades exclusivamente pediátricas,e o resto de especialistas só 2 ou 3 meses.

Por estas razóns fórmulase a seguinte interpelación:

Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza para garantir que tod@s @s nen@s galeg@s en idade pediátrica teñan asistencia en Atención Primaria por un profesional especialista en pediatría, independentemente de onde residan?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Está traballando con algún cronograma para facelo? Se é así cal é?

Considera a Xunta de Galiza que @s nen@s galeg@s están recibindo unha atención experta, axustada ás súas necesidades?

Cal é o número de pediatras traballando en Atención Primaria, distribución por centros sanitarios e situación laboral?

Cal é o número de nen@s que atende cada un?

Cantos centros de saúde non contan atención pediátrica?

Cal é o número de nen@s que non teñen asignado pediatra, desagregado por concellos?

Cal é a previsión de xubilacións de profesionais de pediatria en Atención Primaria nos vindeiros cinco anos?

Cal é a planificación de prazas Mir en pediatria para os vindeiros anos?

Que medidas vai tomar para que na formación MIR de pediatria a presenza en Atención Primaria sexa acorde á porcentaxe que representan as prazas da especialidade na mesma (60%)?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2024


Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Ariadna Fernández González

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

